

OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

III. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

O orzamento do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 Horizonte 2020 (en adiante PEG) para o ano 2015 ascende a 8.275,3 millóns de euros, importe no que non se contemplan nin os gastos derivados da débeda pública (programa de gasto 911A) nin as achegas público privadas para o financiamento de determinadas infraestruturas.

A distribución por eixes, manifesta unha vez máis, que son os gastos destinados á Cohesión social, Benestar e Calidade de vida, os que absorben unha maior parte do orzamento, como garantía e mantemento dos gastos sociais, e coa finalidade de lograr uns servizos públicos dirixidos á cidadanía de calidade, principalmente nos eidos da sanidade e a educación, xunto ao mantemento dos servizos e prestacións ás persoas dependentes, aos menores a ás persoas con discapacidade. Así mesmo recolle a promoción da igualdade de oportunidades dos homes e mulleres galegas, ofrecendo ás persoas que se atopan con especiais dificultades os recursos e servizos que lles garantan a súa inclusión social. Ascende este eixe a 6.123,9 millóns de euros, e representa o 74,0% do total do PEG.

En segundo lugar está a aposta por unha economía máis competitiva e dinámica, xeradora de emprego e empresas, o eixe 2, cun orzamento total de 1.117,2 millóns de euros, o 13,5 % sobre o total. Neste eixe atópanse as infraestruturas de transporte, que melloran a accesibilidade e permitirán unha redución dos traxectos por estrada e unha mellora da seguridade viaria. No tocante á economía galega figuran tanto o fomento pola internacionalización das empresas e produtos galegos, xunto ao apoio aos sectores produtivos, especialmente aqueles considerados de maior empuxe e os constituídos en clústers, polo seu efecto de panca na economía.

Atopa así mesmo reflexo neste eixe os gastos dirixidos ao mercado de traballo, coa finalidade de acadar mais emprego e de maior calidade, a través de políticas activas xestionadas polo servizos públicos de emprego, incorporando créditos para a mellora da formación e cualificación dos traballadores e traballadoras galegas.

O eixe 3 destinado á economía do coñecemento, presenta un orzamento de 323,2 millóns de euros e o 3,9% do total, destinado fundamentalmente a dous grandes ámbitos: a intensificar e fomentar a investigación e o desenvolvemento, tanto no sistema público galego, no que as Universidades cobran especial relevancia, como a investigación nos centros tecnolóxicos e nas empresas, propiciando a transferencia tecnolóxica ao sector produtivo, para xerar novos procesos e produtos, que fagan a nosa economía máis competitiva e moderna.

Tamén neste eixe inclúense os gastos dirixidos a fomentar unha Sociedade da información accesible a toda a cidadanía galega, coa extensión da banda longa e as infraestruturas derivadas a todo o territorio galego, apoiando as empresas galegas para que melloren o seu capital tecnolóxico e a súa competitividade. Inclúese así mesmo a defensa da comunicación social, da cultura e do idioma galego.


O eixe 4 presenta un importe de 343,7 millóns de euros e o 4,2% do total. Inclúe as políticas de defensa do medio natural e da paisaxe, unha xestión da auga eficiente e o fomento do reequilibrio territorial apostando pola diversificación da economía do rural e por un planeamento urbanístico sustentable.

Inclúese tamén neste eixe o orzamento para a eficiencia enerxética, coa potenciación da produción e do consumo de enerxías renovables e a mellora da rede eléctrica e de gas de Galicia.

O eixe 5, alcanza os 367,2 millóns de euros e o 4,4% do orzamento. Nel recóllese o obxectivo de alcanzar unha administración eficiente e baseada na austeridade do gasto, que sexa moderna e próxima á cidadanía, cunha aposta pola administración electrónica, posibilitando o uso das TIC en todos os ámbitos de actuación. Así mesmo comprende as políticas de reforzo da capacidade financeira e institucional.

Plan Estratégico de Galicia 2010-2014. Horizonte 2020 Orzamento 2015	Importe	% Total	% Eixo
E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	6.123.904.150	74,0%	100,0%
OE01 - Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	44.773.166	0,5%	0,7%
OE02 - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas	3.409.885.490	41,2%	55,7%
OE03 - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	2.118.018.020	25,6%	34,6%
OE04 - Atención ao benestar social	372.327.805	4,5%	6,1%
OE05 - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	178.899.669	2,2%	2,9%
E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	1.117.189.241	13,5%	100,0%
OE01 - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	258.406.060	3,1%	23,1%
OE02 - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	139.391.839	1,7%	12,5%
OE03 - Potenciar a competitividade dos sectores estratégicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	522.468.463	6,3%	46,8%
OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	196.922.879	2,4%	17,6%
E3 - Economía do Coñecemento.	323.226.054	3,9%	100,0%
OE01 - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	127.733.497	1,5%	39,5%
OE02 - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	195.492.557	2,4%	60,5%
E4 - Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	343.704.802	4,2%	100,0%
OE01 - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	89.831.402	1,1%	26,1%
OE02 - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	231.239.590	2,8%	67,3%
OE03 - Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	22.633.810	0,3%	6,6%
E5 - Administración austerá, eficiente e cercana ao cidadán.	367.236.747	4,4%	100,0%
OE01 - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	233.266.548	2,8%	63,5%
OE02 - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	133.970.199	1,6%	36,5%
Total general	8.275.260.994	100,0%	100,0%

Distribución PEG por eixes




III.1. EIXE 1: COHESIÓN SOCIAL, BENESTAR E CALIDADE DE VIDA

Dentro deste eixo inclúese as prestacións de servizos esenciais para garantir o benestar social, a igualdade no acceso aos servizos públicos básicos e de calidade na sanidade, educación e atención á dependencia, que xunto coas políticas de promoción da cultura, inclusión social, acceso á vivenda, atención social aos maiores e á infancia, e revitalización demográfica convertan a Galicia nun territorio atractivo para vivir, emprender e traballar.

As accións lévanse a cabo a través do seguintes cinco obxectivos estratéxicos e a distribución do orzamento en cada un, reflíctese a continuación:

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	Importe	% total	% eixe
OE01 - Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	44.773.166	0,5%	0,7%
OE02 - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas	3.409.885.490	41,2%	55,7%
OE03 - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	2.118.018.020	25,6%	34,6%
OE04 - Atención ao benestar social	372.327.805	4,5%	6,1%
OE05 - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	178.899.669	2,2%	2,9%
Total	6.123.904.150	74,0%	100,0%

E1-Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida




A distribución do orzamento por fontes de financiamento é a seguinte:

E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	5.936.476.264	96,94%
F.C.I.	10.903.173	0,18%
FEDER	52.339.544	0,85%
Orzamentos Xerais do Estado	95.965.932	1,57%
F.E.A.D.E.R	660.699	0,01%
INTERREG	11.250	0,00%
F.S.E.	27.234.722	0,44%
TRANSFERENCIAS FINALISTAS	290.000	0,00%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	22.566	0,00%
Total	6.123.904.150	100%

III.1.1. OE 1. Revitalización demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral

De seguir as tendencias actuais, Galicia experimentará nesta década un significativo descenso de poboación, segundo as proxeccións de poboación a curto prazo elaboradas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), con repercusións negativas sobre o mercado laboral, o funcionamento dos sistemas de saúde e benestar, e da propia contorna natural. Esa perda de poboación irá acompañada de incrementos no índice de envellecemento (número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos) e da taxa de dependencia (relación entre a poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos e o grupo de poboación en idade potencialmente activa).

A estrutura da poboación galega mostra contrastes entre as zonas fundamentalmente urbanas e o resto dos territorios rurais como se desprende da clasificación dos concellos segundo o seu grado de urbanización: zonas densamente poboadas (ZDP), zonas intermedias (ZIP) e zonas pouco poboadas (ZPP).



Fonte: IGE. Clasificación do grao de urbanización das parroquias e concellos galegos

A redución do desequilibrio demográfico, que é un dos grandes retos que Galicia afrontará ao longo das próximas décadas, a aplicación de medidas incentivadoras da nata-

lidade e favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, constitúen medidas estratéxicas deste obxectivo.

Este obxectivo estratéxico representa o 0,5% do eixe e o 0,3% sobre o total do PEG, cun importe de 28,2 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a de fomento da natalidade cun importe de 25,5 millóns de euros.


O contexto no que se aplican as políticas deste obxectivo, reflíctense na análise dos seguintes indicadores:

Indicador	Unidade	Ámbito	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Poboación		GA	2.754.768	2.767.474	2.772.457	2.773.415	2.771.916	2.761.970
		ES	45.983.169	46.367.550	46.562.483	46.736.257	46.766.403	46.591.857
Crecemento vexetativo		GA	-6.454	-7.643	-7.702	-8.285	-9.782	-10.560
		ES	133.455	110.064	104.528	84.088	51.698	35.691
Crecemento vexetativo por 1.000 hab.	(0/00)	GA	-2,3	-2,8	-2,8	-3,0	-3,5	-3,9
		ES	2,9	2,4	2,3	1,8	1,1	0,8
Poboación de 0 a 16 anos		GA	13,2	13,2	13,2	13,3	13,3	13,4
		ES	16,6	16,7	16,8	16,9	16,9	17,0
Poboación de 68 e máis anos		GA	18,5	18,6	18,7	18,9	19,2	19,5
		ES	13,8	14,0	14,0	14,2	14,4	14,7
Densidade de poboación	Hab/Km ²	GA	93,1	93,6	93,7	93,8	93,7	93,4
		ES	90,9	91,6	92,0	92,4	92,4	92,1
Taxa neta de escolarización aos 16 anos		GA	91,4	91,8	93,5	94,5	94,5	97,7
		ES	88,9	89,7	92,4	94,2	94,3	95,5
Taxa neta de escolarización aos 17 anos		GA	79,9	81,7	84,9	86,4	87,7	93,0
		ES	75,1	77,2	81,2	84,5	86,2	91,8
Taxa neta de escolarización aos 18 anos	Porcent.	GA	42,5	41,0	44,3	45,6	46,3	53,8
		ES	36,9	37,0	39,6	41,3	41,9	50,1
Taxa neta de escolarización aos 3 anos		GA	97,3	97,4	97,0	97,1	96,9	96,8
		ES	96,2	96,3	95,7	95,6	95,2	95,8
Taxa neta de escolarización aos 0-2 anos		GA	17,2	19,1	21,3	21,2	22,8	39,4
		ES	19,5	23,9	26,3	28,8	30,7	31,8

A poboación residente na Comunidade Autónoma de Galicia a 1 de xaneiro de 2013 ascende a 2.761.970 persoas, que representan un 5,9% do total da poboación de España, cifrada en 46.727.890 habitantes, segundo os resultados definitivos das Cifras de poboación do INE.

Da análise dos datos do cadro anterior e en relación coa situación demográfica de Galicia, pódense extraer algunhas conclusións: a maior parte dos habitantes correspónden-se con poboación adulta, cun envellecemento progresivo e un marcado incremento da taxa de dependencia, o que se traduce nunha pirámide poboacional invertida con escasa poboación xuvenil e infantil.


Así, o saldo vexetativo en Galicia é negativo, contrariamente aos datos da Unión Europea e do conxunto de España, aínda que o indicador tende a empeorar nestes últimos anos nos tres ámbitos xeográficos. O empeoramento deste saldo en Galicia ven explicado fundamentalmente polo descenso no número de nacementos, de xeito que a taxa bruta de natalidade sitúase no 7,6‰ en 2012, dúas décimas menor que no ano anterior. A idade media á maternidade aumenta nos últimos anos, sendo en 2012 de 32,1 anos.




Fonte: IGE, INE. Movemento Natural da Poboación

O mapa de densidade de poboación reflicte o despoboamento que se está a producir en moitos concellos de Galicia, en especial nas zonas interiores das provincias de Lugo e Ourense, mentres que A Coruña e Pontevedra seguen aumentando a proporción da súa poboación no conxunto de Galicia.

Densidade de poboación (persoas/Km2).




Fonte: IGE Densidade de poboación




Fonte: IGE, INE Densidad de población

A poboación galega caracterízase por estar inmersa nun proceso de envellecemento que afecta a toda Europa, a pirámide poboacional mostra unha alta porcentaxe de poboación nas idades máis avanzadas e un nivel baixo de poboación menor de 20 anos.




Fonte: INE. Cifras de población

As seguintes gráficas mostran a pirámide poboación de 1975 e a prevista para 2023 segundo as proxeccións de poboación. A observación da gráfica anterior e das seguintes revela o proceso de deterioro demográfico sufrido nos últimos anos e que continuará no futuro máis inmediato.




Fonte: INE. Estimaciones intercensales de población



Fonte: INE Proyecciones de población a corto plazo


Peso en % sobre o total da poboación. Galicia




Fonte: INE. Cifras de poboación

A taxa neta de escolarización aos 3 anos é superior á media estatal e sitúase moi preto do 100%. Tamén son superiores á media estatal as taxas netas de escolarización aos 16, 17 e 18 anos, sendo o diferencial positivo con respecto a España máis significativo o da taxa de escolarización aos 18 anos. Estas tres últimas taxas presentan unha forte elevación no curso 2012/2013.

Taxa neta de escolarización aos 3 anos



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte



Fonte.: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

Polo que respecta á clasificación funcional e orgánica, o obxectivo estratéxico, desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	44.083.166
312G - APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE	690.000

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
05 - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA
11 - SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE
11 - CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
05 - D. X. DE FAMILIA E INCLUSIÓN
307.11 - AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS
307.11.A1 - AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia e os seus importes para o ano 2015 son:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	Importe	%
OE01 Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a	44.773.166 €	
M01 Impulsar o Rexuvenecemento Demográfico	1.820.000	4,1 %
M02 Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da natalidade	25.532.835	57,0 %
M03 Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres	730.000	1,6 %
M99 Soporte xeral - Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	16.690.331	37,3 %

As fontes de financiamento do orzamento deste obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	43.251.326	96,60%
F.C.I.	193.968	0,43%
FEDER	775.872	1,73%
F.S.E.	552.000	1,23%

Para impulsar a Revitalización Demográfica, e a conciliación da vida familiar e laboral, os obxectivos irán encamiñados a deseñar, promover e desenvolver políticas públicas de apoio ás familias que contribúan ao seu benestar, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres

A medida 1 Impulsar o Rexuvenecemento Demográfico, plásmase no orzamento de 1,8 millóns de euros destinados ás familias con menores de 3 anos con rendas inferiores ao límite establecido pola Axencia de Administración Tributaria para facer a declaración da renda, que rolda o 4% de familias. Trátase do programa de prestación económica por fillos e fillas menores de tres anos para familias non obrigadas a presentar a declaración da renda, complementario á dedución fiscal por fillos/as menores de 3 anos, que comezou no ano 2002. En 2015 estímase que serán 4.950 axudas. Co incremento da axuda ao segundo fillo e seguintes, aínda manténdose o número de beneficiarios, a dotación económica debe ser superior.

Na medida 2 Ampliación da cobertura da educación infantil como medida incentivadora da natalidade, figura con orzamento a actuación 2 Mellorar as condicións das familias a través da rede de escolas infantís. Nesta actuación figura o mantemento e conservación de escolas infantís, en primeiro lugar das que competen á recién creada Axencia Galega de Servizos sociais, nas que existen máis de 10.000 prazas a manter. Outras tantas se corresponden cos centros públicos da Consellería de Traballo e Benestar e do Consorcio galego.

A creación de centros e servizos públicos de atención á familia e á infancia, e en concreto a creación de escolas infantís 0-3 como medida de conciliación laboral, reflíctese no orzamento de 3 novas escolas como a prevista en Guntín e Neda e a mellora da de Meira, cofinanciadas co FEDER 2007-2013.

O programa de mantemento de escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, está poñendo a disposición das familias 2.672 prazas do primeiro ciclo de educación infantil en 47 escolas.

Así mesmo, a través do programa Cheque infantil as familias poden acceder a unha axuda económica (cheque infantil) para acudir a unha escola infantil non sostida con fondos públicos cando non obtiveran praza nun centro público ou residan nunha localidade onde non existan prazas públicas. Estímanse 139 novas axudas de cheque infantil que se engadirán ás 1.038 actuais,

Por outra banda a SX de Igualdade, da Vicepresidencia, ten previsto continuar coas actuacións incluídas na Medida 3 Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres, que se cofinanciará en parte co FSE 2007-2013.

Desenvolveranse 2 proxectos un deles de apoio a medidas de conciliación, no que se beneficiarán unhas 252 familias e 1.008 persoas (0 50% mulleres) e o da subvención para fomento de medidas de coresponsabilidade que terá 138 homes que reducen a súa xornada laboral para o coidado de fillas/os menores de tres anos e unha redución media da xornada laboral de 11 horas.

Pendente se hai novo proxecto de educación

Na seguinte táboa figuran os indicadores operativos comentados e os valores que se pretende acadar en 2015:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.		Previsto
OE01 Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e		
M01 Impulsar o Rexuvenemento Demográfico		
A001 Adopción de medidas que permitan unha restructuración da piramide poboacional galega, a través do		
769	Proxectos (Nº)	1,0
A002 Axuda complementaria á dedución fiscal por fillos/as menores de 3 anos.		
121	Axudas concedidas (Nº)	4.950,0
M02 Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da natalidade		
A002 Mellorar as condicións das familias a través da rede de escolas infantís		
155	Centros creados (Nº)	3,0
176	Centros reformados ou equipados (Nº)	6,0
710	Prazas do cheque infantil (Nº)	1.038,0
720	Prazas novas do cheque infantil (Nº)	139,0
721	Prazas novas en escolas infantís (Nº)	41,0
725	Prazas totais en escolas infantís (Nº)	11.523,0
M03 Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades		
A003 Apoio medidas conciliación.		
380	Familias participantes en programas de mediación (Nº)	65,0
A004 Impulso da conciliación vida familiar e laboral.		
378	Familias beneficiadas (Nº)	252,0
608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	504,0
609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	1.008,0
A005 Medidas de apoio á conciliación da vida laboral, familiar e persoal.		
398	Homes que reducen a súa xornada laboral para o coidado de fillas/os menores de tres anos (Nº)	138,0
851	Redución xornada (Horas)	11,0

III.1.2. OE 2. Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas

A sanidade é un dos piares do estado do benestar e un instrumento que contribúe á mellora da calidade de vida dos cidadáns e ao desenvolvemento social.


Este obxectivo estratéxico representa o 55,7 % do eixe e o 41,4 % sobre o total do PEG, cun importe de 3.398 millóns de euros.

Os indicadores estratéxicos deste obxectivo son os seguintes:

Indicador	Unidade	Ámbito	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Custo da prestación farmacéutica	Miles de euros	GA	915.835	976.124	1.013.393	915.443		
Custo da prestación farmacéutica por beneficiario		ES	334	355	367	333		
Estadía media nos establecementos sanitarios con réxime de internado do SNS	Nº	GA	9,0	8,8	8,8	8,2	8,1	
		ES	8,1	8,0	7,9	8,1	7,6	
Gasto corrente por cama en funcionamento nos establecementos sanitarios con réxime de internado	Miles de euros	GA	231	248	247	258		
Grao de ocupación nos establecementos sanitarios con réxime de internado	Porcent.	GA	79,5	76,7	75,8	73,6	78,5	
		ES	79,8	79,2	78,1	78,7	77,2	
Médicos en atención primaria no Sistema Público de Saúde de Galicia por mil habitantes	(0/00)	GA	0,5	0,6	0,6	0,6	0,6	0,6
Número de altas nos establecementos sanitarios con réxime de internado	Nº	GA	319.174	315.192	313.430	310.717	314.927	
		ES	5.282.593	5.269.855	5.220.618	5.193.086	5.166.953	
Número de camas en funcionamento nos establecementos sanitarios con réxime de internado	Nº	GA	9.919	9.863	9.904	9.508	9.466	
		ES	146.934	146.310	145.430	142.632	139.994	
Número de camas en funcionamento nos establecementos sanitarios con réxime de internado por mil habitantes	(0/00)	GA	3,6	3,5	3,5	3,4	3,5	
		ES	3,2	3,1	3,1	3,0	3,0	
Número de centros de atención especializada do Sistema Público de Saúde de Galicia	GA		61	61	61	59	58	58
Número de centros de atención primaria do Sistema Público de Saúde de Galicia			485	483	483	476	476	492
Número de consultas externas nos establecementos sanitarios con réxime de internado	Nº	GA	5.096.396	5.137.215	5.195.933	5.305.838	5.302.472	
		ES	79.614.279	82.142.447	82.631.618	87.822.219	88.615.831	
Número de intervencións quirúrxicas nos establecementos sanitarios con réxime de internado	Nº	GA	264.702	257.716	252.679	263.719	267.206	
		ES	4.567.730	4.663.830	4.657.931	4.740.925	4.743.182	
Número de intervencións quirúrxicas nos establecementos sanitarios con réxime de internado por quirófano en funcionamento	Nº	GA	1.042	937	926	956	982	
		ES	1.149	1.148	1.141	1.129	1.112	
Número de quirófanos nos establecementos sanitarios con réxime de internado	Nº	GA	254	275	273	276	272	
		ES	3.975	4.063	4.082	4.201	4.267	
Pediatras en atención primaria no Sistema Público de Saúde de Galicia por cen mil habitantes	Por 100.000 habitantes	GA	10,1	10,2	10,2	10,7	10,7	10,7
Persoal total nos establecementos sanitarios con réxime de internado	Nº	GA	32.989	33.164	31.708	31.383	30.603	
		ES	507.181	517.704	527.312	547.905	537.493	
Prazas dotadas en atención primaria no Sistema Público de Saúde de Galicia por mil habitantes	(0/00)	GA	3,1	3,2	3,4	3,1		

Os indicadores de recursos humanos en atención primaria por mil habitantes (médicos, ATS e pediatras) mantense en 2012 con respecto ao anterior no que se refire aos médicos, a porcentaxe de pediatras incrementábase unha centésima.


Médicos e pediatras en atención primaria



Fonte: Servizo Galego de Saúde


Na seguinte gráfica obsérvase unha concentración de prazas para a atención primaria, xa que as traxectorias de número de centros e de prazas dotadas presentan sentidos contrarios: os centros diminúen desde 2003, pasando dos 493 aos 476 de 2011 e, polo contrario, as prazas dotadas por mil habitantes acadan o dato de 3,1 dende un valor en 2003 de 2,4.

Centros e prazas dotadas en atención primaria



Fonte: Servizo Galego de Saúde


Na atención especializada, en 2012 hai 58 centros mentres que o persoal total diminúe lixeiramente desde 2010, contrariamente ao acontecido en anos anteriores. Deste xeito, a ratio de persoal por centro sitúase en 528 en 2012.



Fonte: Catálogo de Centros de Atención Primaria del SNS. Catálogo Nacional de Hospitales e información subministrada directamente polo Servizo Galego de Saúde


Outros dos indicadores do nivel da asistencia sanitaria especializada son os que reflicten o número de camas por mil habitantes e o número de intervencións cirúrxicas por quirófano en funcionamento. No primeiro caso os valores en Galicia son superiores á media de España, no segundo a media de España é superior.

Número de camas en funcionamento nos establecementos sanitarios con réxime de internado por mil habitantes



Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Estadística de Establecimientos Sanitarios con Régimen de Internado


Número de intervencións quirúrxicas nos establecementos sanitarios con réxime de internado por quirófano en funcionamento



Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Estadística de Establecimientos Sanitarios con Régimen de Internado

○ **custo da prestación farmacéutica** medrou de xeito continuado ata 2010, tanto no que respecta ao valor absoluto, en miles de €, como no custo por beneficiario. En 2011 diminuíu preto dun 10%, situándose en 333€ por beneficiario.

Custo da prestación farmacéutica



Fonte: Sistema Público de Saúde de Galicia

Polo que respecta á clasificación funcional e orgánica, o obxectivo estratéxico, desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
411A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	60.233.551
412A - ATENCIÓN ESPECIALIZADA	2.107.312.968
412B - ATENCIÓN PRIMARIA	1.139.516.332
413A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA	55.716.424
414A - FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS	45.942.215
561C - INVESTIGACIÓN SANITARIA	1.164.000

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
10 - CONSELLERÍA DE SANIDADE
01 - SECRETARÍA XERAL TECNICA
02 - D. X. DE INNOVACION E XESTION DA SAUDE PUBLICA
103.15 - A CORUÑA
103.15.01 - E. DE XESTION INTEGRADA A CORUÑA
103.15.05 - E. DE XESTION INTEGRADA DE FERROL
103.15.71 - E. DE XESTION INTEGRADA SANTIAGO DE COMPOSTELA
103.27 - LUGO
103.27.01 - ESTRUCTURA XESTION INTEGRADA DE LUGO, CERVO E MONFORTE
103.32 - OURENSE
103.32.01 - E. DE XESTION INTEGRADA DE OURENSE, VERIN E O BARCO DE
103.36 - PONTEVEDRA
103.36.01 - ESTRUCTURA XESTION INTEGRADA DE VIGO
103.36.03 - E. DE XESTION INTEGRADA DE PONTEVEDRA E O SALNES
103.50 - SERGAS - DIRECCIÓN XERAL
103.50.01 - DIRECCION XERAL SS. CC.

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia e os seus importes para o ano 2015 son:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	Importe	%
OE02 Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas	3.409.885.490 €	
M01 Mellorar o nivel de Saúde da poboación a través de Programas de Prevención e de Promoción de estilos de vida Saudable que permitan unha redución nas posibilidades de enfermarse	18.516.775	0,5 %
M06 Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos	2.325.505.811	68,2 %
M07 Desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións.	28.422.865	0,8 %
M08 Facer que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico e impulsar alianzas estratéxicas con todos os axentes implicados.	164.000	0,0 %
M09 Eficiencia asistencial (xestionar os recursos de forma responsable e eficiente)	718.941.228	21,1 %
M10 Modernización das infraestruturas (modernizar as infraestruturas sanitarias).	110.275.832	3,2 %
M11 Definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e os profesionais.	45.942.215	1,3 %
M99 Soporte xeral - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas	162.116.764	4,8 %

As fontes de financiamento do orzamento deste obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	3.353.639.611	98,35%
F.C.I.	7.827.431	0,23%
FEDER	44.809.724	1,31%
Orzamentos Xerais do Estado	3.608.724	0,11%

O obxectivo xeral da Consellería de Sanidade é levar a cabo unha política sanitaria que proporcione unha atención de calidade á saúde dos galegos e galegas, dando resposta ás súas necesidades, en tempo e forma, a través de accións de prevención, prestando os servizos asistenciais que precisan e asegurando a sustentabilidade financeira do sistema público mediante a aplicación de criterios de xestión eficiente.

No Plan de Prioridades Sanitarias, vixente ata o ano 2016 como consecuencia da súa adaptación á situación actual e á nova normativa, como a lei de Garantías ou a directiva Transfronteiriza, identifícanse os problemas de saúde, e priorízanse en función do seu nivel de impacto.

As enfermidades que se priorizan respecto da prevención e promoción da saúde pública son: cardiopatía isquémica, cancro de pulmón, ictus/enfermidade cerebrovascular, diabete mellitus, depresión/trastornos afectivos, enfermidade pulmonar obstrutiva crónica, cancro de colon e cancro de mama feminino.

Nestas enfermidades son determinantes os hábitos de vida, polo que tamén se priorizan liñas específicas dirixidas a: diminuír o tabaquismo, mellorar a nutrición e impulsar a actividade física.

No que respecta á medida I xestionada pola DX de Saúde Pública, para mellorar o nivel de Saúde da poboación a través de programas de prevención e de promoción de estilos de vida saudable que permitan unha redución nas posibilidades de enfermarse, continuarase coas actuacións de anos anteriores, xa consolidadas, como as vacinacións, no seu proceso de mellora constante. Así entre os indicadores estimados para o ano 2015 no desenvolvemento da actuación de promoción da prevención destas enfermidades priorizadas no plan, destacan a case total cobertura do cribado de metabopatías en nenos, que alcanza o 99% e o 95% no cribado de xordeira neonatal. Continuarase co programa de cribado do cancro de mama cunha porcentaxe de mulleres atendidas do 75%, e no programa de cribado do cancro de colon se estima unha cobertura do 35%.

Os programas de vacinación infantil e de adultos seguen a reflectir valores altos, sobre todo na primovacinação de nenos, co 98% e a taxa de adultos vacinados se estima alcanzará o 50%.

O Servizo Galego de Saúde, definiu a “Estratexia Sergas 2014: a sanidade pública ao servizo do paciente” que foi incluída no Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 Horizonte 2020, e que continuará vixente ata o 2016, a través das seguintes medidas e actuacións (medidas da 6 á 11):

Medida 6: Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos, é a de maior importe e peso relativo de todo o Plan Estratéxico de Galicia para o ano 2015, xa que alcanza os 2.325 millóns de euros e representa máis da metade de todo o eixo I (68,2%) e o 28,1% do orzamento total do PEG para 2015.

A actuación máis destacada é a I dirixida a xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma. Para obter estes fin as actuacións desenvolveranse do seguinte xeito:

A través dunha estrutura organizativa de xestión integrada, que supón a desaparición das barreiras entre niveis asistenciais, evitando compartimentos, e considerando que a asistencia é un proceso horizontal, sen rupturas. Require a actuación interdisciplinar e coordinada dos diferentes ámbitos e niveis, para garantir a continuidade asistencial, a calidade e a eficiencia.

O persoal que presta servizos de atención primaria e especializada no Sergas ascende a un total de 33.155 persoas, a maioría mulleres (76%).

No ano 2015 continuarase desenvolvendo a xestión integrada, as unidades de xestión clínica e incorporando vías rápidas e procesos asistenciais integrados. Entre os indicadores estimados para o ano 2015 figuran que o tempo medio de espera das vías rápidas non supere os 15 días e o tempo de espera en atención primaria para as citas de tipo demanda do Médico de Familia e Pediatra non superen un día.

Entre as principais liñas de acción destaca o modelo de xestión de enfermidades crónicas, no que o envellecemento da poboación galega cobra especial relevancia. Neste modelo de atención integral á cronicidade, prestarase atención a colectivos específicos con necesidades diferenciadas: atención ao paciente ancián, atención á muller, atención pediátrica e atención á saúde mental.

Entre os programas de atención á muller, desenvolveranse programas específicos de prevención de cancro xenital (citloxía e vacinación contra HPV); programas de detección precoz e vías rápidas para o cancro de mama; planificación familiar; educación sexual; prevención de enfermidades de transmisión sexual; preparación ao parto; atención ao embarazo, parto e puerperio (incluíndo medidas para reducir a taxa de cesáreas); consulta perimenopáusicas; prevención e atención a casos de violencia machista.

Colabórase coa Consellería de Traballo e Benestar na aplicación da Lei de rede de apoio á muller embarazada. Tamén se porán en marcha actividades de educación para a prevención de violencia de xénero a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

Outra das liñas de acción consistirá na integración da atención socio sanitaria, que se desenvolverá en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, destacando entre as actuacións desta liña a identificación das necesidades específicas por colectivos e segundo o nivel de dependencia e elaborar protocolos de atención sociosanitaria para acadar un proceso de atención continuada e integrada, co fin de evitar a institucionalización do usuario e potenciar a súa estancia no entorno familiar, coordinando a atención dende asistencia sanitaria e servizos sociais.

Outro dos obxectivos fixados para 2015 consiste en garantir a accesibilidade á toda a cidadanía, a través do Centro de Servizos Sanitarios Multicanle (CSSM) que pretende mellorar a información e o acceso dos cidadáns ao sistema sanitario, de forma interactiva, potenciando os servizos a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación e as diversas canles (teléfono, web, sms). Consiste nunha central de chamadas para citación e consultas telefónicas do Sergas para toda Galicia que substitúe ás dúas existentes, que tiñan números distintos e que non daban cobertura a todo o territorio. As principais vantaxes desta nova central son que é un apoio para as citacións dos centros de saúde fóra do horario de funcionamento do centro ou cando estes (por sobrecarga) non son capaces de dar resposta, ademais permite aos cidadáns pedir cita as 24 horas os 7 días á semana. Está xa implantado en toda Galicia.

Continuarase desenvolvendo o plan de humanización das áreas pediátricas. Tamén seguiranse incorporando novas funcionalidades no IANUS e ampliando os servizos de telemedicina e a atención non presencial.

Un dos principais obxectivos no ámbito da prestación sanitaria para 2015 é garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos. Para lograr este obxectivo traballárase de acordo coas seguintes liñas de actuación:

Procesos asistenciais integrados: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2015 coa filosofía de que o proceso, en xeral, empeza e finaliza en atención primaria e a súa definición inclúe todos os pasos a realizar en todos os niveis asistenciais e as funcións a realizar por cada profesional. Para isto seguirase a implantación de procesos asistenciais priorizados, incorporando os procesos de urxencias á xestión por procesos asistenciais integrados e así mesmo ampliaranse os grupos de traballo multidisciplinares para o deseño de novos procesos asistenciais integrados.

Garantía de atención en tempo e forma segundo patoloxías definidas, isto significa garantir a atención sanitaria aos usuarios segundo prioridades.

Así, na espera cirúrxica xa están definidos os procesos de prioridade 1 (P1); e os procesos de prioridade 2 (P2) e isto implica que se xestiona a programación cirúrxica atendendo a estas prioridades.

Outra liña de actuación consiste en traballar para que as consultas solicitadas por un problema de saúde novo se realicen de forma prioritaria e reducir a variabilidade clínica e o número de consultas e probas innecesarias que non aportan valor engadido ao proceso diagnóstico e terapéutico do paciente.

Os principais indicadores estimados para o ano 2015 manifestan o gran volume de consultas atendidas na sanidade galega, xa que se estiman 24 millóns de consultas en primaria e máis de 4 millóns de consultas en especializada.

Estímase ademais que o número de probas oftalmolóxicas a realizar no Instituto galego de Oftalmoloxía (INGO) será de 3.900 e o número de unidades de sangue subministradas á Estrutura de Xestión Integrada (EXI) será de 94.430.

Procesos de alta resolución: Estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2015 para estender o concepto de "visita única", resolvendo nun mesmo día, para os procesos seleccionados, as consultas, exploracións e probas necesarias para chegar a un diagnóstico e, no seu caso, empezar a recibir o tratamento ou realizar a indicación cirúrxica correspondente. Entre os indicadores que reflicten esta liña de actuación figuran a estimación de 29.639 resonancias magnéticas e 11.000 Gammagrafías, ambas a realizar por GALARIA.

Política de calidade e seguridade do paciente: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2015 por entender que é necesario desenvolver un modelo corporativo de xestión integrada da calidade, tendo a excelencia como obxectivo e estendendo a filosofía de mellora continua, de transparencia e de comparación a todos os centros e profesionais, fomentando a cultura da seguridade clínica na actividade diaria dos profesionais, implantando prácticas seguras que reduzan a incidencia de eventos adversos, coa realización das seguintes actuacións:

- Continuación do Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente (SINAPS) informatizado en todos os centros asistenciais de Galicia, e seguiremos potenciando a notificación nos centros de saúde. Trátase dun sistema voluntario de declaración que permite a avaliación, seguimento e xestión dos efectos adversos.
- O sistema de identificación nai-neno e de pacientes en urxencias en todos os hospitais. Ademais, da implantación do sistema de identificación do paciente cirúrxico.
- Desenvolvemento do plan de humanización das áreas pediátricas.
- Continuación co sistema de minimización de erros na medicación, especialmente naqueles fármacos máis facilmente confundibles e con efectos adversos máis graves.
- Certificación de novos servizos e unidades pola norma UNE 17.003 de seguridade de pacientes e xestión de riscos.
- Actualización e impulso do Plan de Minimización de Riscos Microbiolóxicos nos Hospitais Galegos.
- Continuación do sistema de rexistro e avaliación da dor na historia clínica electrónica, potenciando a súa implantación nos servizos de atención primaria.
- Constituída a Comisión da dor, seguirase traballando na implantación e aplicación da Estratexia de Atención Integral ao Paciente con Dor, e faremos especial fincapé na dor infantil, coa constitución do grupo que liderará a estratexia "Tolerancia Cero á dor infantil.
- Inclusión e actualización dos indicadores de seguridade de pacientes no cadro de mandos.
- Desenvolvemento dun novo sistema de xestión de riscos e seguridade de pacientes.
- Desenvolvemento dun Modelo Corporativo de Xestión da Calidade do Servizo Galego de Saúde.

Outros indicadores de recursos asistenciais destacados son o tempo medio de espera das primeiras consultas de enfermidade, calculada en 60 días e a de espera cirúrxica, que se estima en 30 días de media para patoloxías de prioridade I e de 60 días para prioridade II.

Así mesmo estenderanse os servizos de urxencias hospitalarias con sistema de triaxe ao 80%, que é unha clasificación por gravidade.

Entre as principais actuacións que se desenvolverán na medida 7 sobre desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións, figuran: a extensión da historia clínica e receita electrónica en todos os centros sanitarios, cunha cobertura do 100% que engloba a máis de 7.000 facultativos e a máis de 14.000 sanitarios non facultativos; proporcionar a todos os profesionais ferramentas que permitan aumentar a eficiencia, a calidade e a capacitación do traballo. Tamén se continuará adaptando os sistemas de información cara a unha xestión integral dos problemas de saúde e garantirase a dispoñibilidade, seguridade, confidencialidade e calidade da información sanitaria.

Outros dos indicadores que se reflicten son a ampliación do uso da imaxe dixital, que alcanzará o 97%, e o incremento de especialidades e centros de primaria que utilizarán os sistemas de telemedicina, que chegarán ao 45%.

A implantación de procedementos administrativos telemáticos para a cidadanía achegarase ao 50% e estímase a resolución de chamadas nos centros de atención aos usuarios, no 98%.

A medida 8, sobre facer que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico e impulsar alianzas con todos os axentes implicados, vai na liña da Estratexia Europa 2020, na que se promoverán a investigación, innovación e transferencia de resultados. Entre outras actuacións continuarase colaborando co Campus Vida da Universidade de Santiago de Compostela e co Clúster Saúde de Galicia, e facilitarase o acceso aos programas de investigación máis relevantes da Unión Europea e ás axencias financiadoras a nivel nacional e internacional, a través do establecemento de redes galegas estables e sostibles a longo prazo para a investigación, este é un dos obxectivos da Plataforma de Innovación constituída no ano 2011.

Na promoción da Responsabilidade Social Corporativa, estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2015 para integrar os valores sociais, medioambientais e de sostibilidade económica, e entre outras actuacións destacar aquí o Convenio co INEGA que unha vez realizada a avaliación da situación de gasto enerxético en todos os centros sanitario de Galicia, estableceuse un Plan Integral de Eficiencia Enerxética (PIEE) a desenvolver conxuntamente entre Galaria e o propio INEGA que vai permitir por en marcha as medidas necesarias para acadar aforros na factura enerxética e unha redución na emisión de CO₂.

A medida 9 de Eficiencia asistencial, sobre xestionar os recursos de forma responsable e eficiente, presenta un orzamento en 2015 de 719 millóns de euros e representa o 8,7% do total do orzamento do PEG e o 21,1% do Obxectivo estratéxico.

Mellores prácticas de prescrición e dispensación de medicamentos: é importante establecer e divulgar criterios de uso racional do medicamento, cara a pacientes e profesionais, cos principios de seguridade, efectividade e custo, ademais de optimizar todo o proceso de xestión farmacéutica.

Neste ámbito destacan como liñas principais o establecemento dun marco de rigor e austeridade no Sistema Sanitario Público de Galicia, cun Plan de sostibilidade para identificar os principais impulsores de gasto e fixar obxectivos e indicadores de seguimento e avaliación, e bolsas de ineficiencia e oportunidades de mellora para reducir custos innecesarios nas áreas de maior concentración do gasto. As principais actuacións son: melloras na xestión financeira/orzamentaria, melloras na xestión de tecnoloxías da información coa informatización de procesos (centros sen papeis).

Actuarase sobre a mellora da organización de procesos, adecuando as estruturas organizativas dos servizos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde e impulsando a eficiencia na xestión dos procedementos diagnósticos, e desenvolvendo alternativas á hospitalización tradicional como a ambulatorización de procesos.

Outra das actuacións relevantes será a que se refire ás plataformas de diagnóstico por imaxe e laboratorios clínicos, coa implantación do traballo en rede en diagnóstico por imaxe, o deseño de catálogos de probas e peticións únicos, e estandarización e intercambio das probas de laboratorio, independentemente do lugar de realización, e creación de valor engadido na xestión da información dende o laboratorio ao proceso do paciente, entre outras.

Tamén se inclúe a dotación para a central de compras e plataforma loxística, para buscar a eficiencia en todas as áreas de actividade, para lograr a redución dos custos por volume de compra, mellorar a xestión loxística, reducir o catálogo de referencias, maior transparencia e competitividade entre provedores, redución do número de expedientes de contratación e do número de stocks almacenados. A consecución destes logros e melloras supón realizar actuacións fundamentalmente en dous ámbitos:

- Potenciación do modelo de compra centralizada, a través da central de compras do Servizo Galego de Saúde, ou da Central de compras Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- Fomento da participación activa dos profesionais na compra de produtos nos que a intervención médica sexa moi relevante.

Implantación da carteira de servizos, técnicas, procedementos e referencias do Servizo Galego de Saúde, tendo en conta a accesibilidade dos pacientes e a adecuación dos servizos ou especialidades de referencia.

Entre os indicadores destas actuacións de promoción do uso eficiente dos recursos, poderíanse destacar os relativos ao custe medio por receita, que se calculará en 15 euros

e II para o caso de estatinas, fármaco para o tratamento do colesterol. Así mesmo estímase que a porcentaxe de prescrición de especialidades farmacéuticas xenéricas chegará ao 32%.

Na medida 10, modernización das infraestruturas sanitarias, destacan as seguintes actuacións:

Construción e posta en funcionamento de novos centros:

- Novo hospital de Vigo (NHV) que é unha infraestrutura sanitaria estratéxica que dará resposta á necesidade de modernizar a asistencia sanitaria do sur de Galicia, continuarase as obras xa iniciadas en 2011 e finalizarase a súa construción e porase en funcionamento no 2015.
- Novo hospital de Pontevedra: continuarase coa tramitación necesaria para licitar un novo hospital.
- Continuación do proxecto de reforma e ampliación do CHUAC (A Coruña).
- Continuarase coa construción dun novo edificio de hospitalización do CHOU.
- Realizarase a obra de reforma e ampliación do H. do Salnés.
- Reforma e ampliación do H. de Burela.
- Avaliación do proxecto piloto de xestión innovadora de residuos sanitarios no Hospital Universitario Lucus Augusti.

Construción e reforma de centros de saúde, modernizando as infraestruturas da rede de atención primaria para mellorar a asistencia prestada aos cidadáns e o contorno de traballo dos profesionais. Para iso realizaranse as seguintes accións:

- Iniciarase a obra de 3 centros de saúde nos municipios de Barbadás, Pontedevea e Ourense.
- Modernización da dotación de tecnoloxía médica e de comunicación nos centros de saúde para incrementar a súa capacidade de resolución, e poder achegar a asistencia o máximo posible á poboación.
- Construíranse 15 novos centros de saúde.

A medida 11, definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e dos profesionais, fundaméntase na estabilidade laboral, o desenvolvemento e a promoción profesional e deseño dun sistema de xestión por competencias baseado na formación, a avaliación e o recoñecemento. As súas liñas de actuación son as seguintes:

Xestión do coñecemento, co fin de mellorar a capacidade dos profesionais sanitarios na toma de decisións e contribuír á mellora da calidade asistencial, desenvolvemento profesional, excelencia docente na formación de alumnos de profesións sanitarias, na formación sanitaria especializada e na formación continuada; mediante a incorporación das

mellores prácticas e procedementos, e fortalecendo as relacións e a coordinación con todos os axentes implicados.

Estímase que para o ano 2015 se oferten 367 prazas acreditadas para a formación de especialistas e 1.535 propostas de actividades formativas avaliadas polo Sistema Acreditador de Formación Continuadas de Galicia.

Mellora da xestión clínica e impulso das comunicación cos profesionais, para mellorar a comunicación dentro do sistema sanitario, como ferramenta imprescindible para transmitir e coñecer a estratexia e os obxectivos a alcanzar, e para lograr unha interrelación óptima e necesaria entre os diferentes equipos de traballo.

Na seguinte táboa figuran os indicadores operativos comentados e os valores que se pretende acadar en 2015:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.		Previsto
OE02 Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas		
M01 Mellorar o nivel de Saúde da poboación a través de Programas de Prevención e de Promoción de estilos de		
A001 Impulso da prevención: Programas de Cribado: Cancro de Mama; Cancro de Colon; Cribado de Xordeira		
585	Participación nos programas de cribado: Cancro de colon (%)	35,0
586	Mulleres atendidas nos programas de cribado: Cancro de Mama(%)	75,0
587	Nenos atendidos nos programas de cribado: Metabopatías (%)	99,0
588	Nenos atendidos nos programas de cribado: Xordeira neonatal(%)	95,0
A002 Impulso da prevención: Programas de Vacinación Infantil e de Adultos.		
190	Persoas adultas vacinadas (%)	50,0
191	Nenos vacinados (primovacinação) (%)	98,0
A003 Impulso da protección e control.		
1	Abrochos por factores de risco baixo control (Nº)	2,0
251	Diminución dos abrochos por factores de risco baixo control(%)	2,0
A004 Impulso da promoción de estilos de vida saudable.		
137	Campañas de difusión y promoción (Nº)	1,0
769	Proxectos (Nº)	33,0
M06 Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans		
A001 Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma		
1116	Tempo medio de espera das vías rápidas (días)	15,0
1117	Tempo medio de espera en Atención Primaria para as citas detipo demanda do Médico de Familia e Pediatra (días)	1,0
1118	Tempo medio de espera cirúrxica das patoloxías de prioridade1 (días)	30,0
1119	Tempo medio de espera cirúrxica das patoloxías de prioridade2 (días)	60,0
1120	Tempo medio de espera das primeiras consultas de enfermidade(días)	60,0
1121	Novos programas de telemedicina ou de alternativas á hospitalización convencional (Nº)	1,0
1122	Servizos de urxencias hospitalarias con sistema de triaxe implantados (%).	80,0
1123	Centros de saúde con servizos de atención non presencial (%)	10,0
1124	Consultas en primaria (Nº)	24.313.837,0
1125	Consultas en especializada (Nº)	4.131.077,0
1126	Novas funcionalidades da central de chamadas (Nº)	1,0
1127	Unidades de sangue subministradas ás EXI (Nº)	94.430,0
1128	Doazóns de cordón umbilicar (Nº)	500,0
1129	Probas realizadas en Inst. Gal. Oftalmoloxía (INGO) (Nº)	3.900,0
1130	Resonancias magnéticas (GALARIA) (Nº)	29.639,0
1131	GAMMAGRAFÍAS e PET (GALARIA)(Nº)	11.000,0
1170	Persoal (mulleres)(Nº)	25.203,0
1171	Persoal (total)(Nº)	33.155,0
A002 Xestionar os recursos de atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e		
1132	Concellos con atención urxente dentro de isocrona (%).	90,0
A003 Promover a participación e comunicación cos pacientes e asociacións.		
1133	Actividades desenvolvidas pola Escola Galega de Saúde para Cidadáns (Nº)	421,0
1134	Actividades de formación desenvolvidas pola FEGAS (Nº)	350,0
A004 Integración sanitaria da saúde mental e trastornos adictivos e desenvolvemento da coordinación		
1135	Prazas (Nº)	1.210,0
769	Proxectos (Nº)	55,0

M07 Desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións.		
A001 Desenvolvemento, soporte, mantemento e implantación da infraestrutura TIC e os sistemas de		
1137	Contratos tramitados a través da modalidade compra pública de tecnoloxía innovadora (Nº)	20,0
1139	Proxectos en fase de demostración Innova Saúde (Nº)	16,0
1140	Implantación historia clínica electrónica (%)	100,0
1141	Implantación receita electrónica (%)	100,0
1142	Implantación da imaxe dixital (%)	97,0
1143	Especialidades e centros de primaria que utilizan os sistemas de telemedicina (%)	45,0
1144	Procesos selectivos soportados por baremación automática (expediente-e) (Nº)	10,0
1145	Centros con implantación sistema LOGAS (Nº)	4,0
1146	Procedementos administrativos telemáticos para os cidadáns (%)	50,0
1147	Crecedemento dos sistemas de almacenamento (%)	20,0
1148	Incremento do ancho de banda das liñas de comunicación (%)	30,0
1149	Virtualización de servidores (%)	50,0
1150	Chamadas resoltas nos centros de atención de usuarios (%)	98,0
A002 Proporcionar aos profesionais recursos para facilitar a súa toma de decisións e a actualización dos seus		
1151	Visitas / sesións de bibliosaúde (Nº)	195.000,0
1152	Visitas / sesións de mergullador (Nº)	130.000,0
M08 Facer que o sector sanitario actúe como motor de crecedemento económico e impulsar alianzas estratégicas		
A001 Potenciar a participación dos profesionais en proxectos de innovación e de boas prácticas de		
1153	Proxectos presentados á Plataforma de Innovación (Nº)	10,0
1154	Proxectos presentados ao Programa divulga (Nº)	5,0
M09 Eficiencia asistencial (xestionar os recursos de forma responsable e eficiente)		
A001 Promover o uso eficiente e responsable dos recursos.		
1155	Custo medio por receita (€)	15,0
1156	Prescrición de especialidades farmacéuticas xenéricas (%)	32,0
1157	Prezo medio de receita de estatinas (€)	11,0
1158	Prescrición de novidades terapéuticas (%)	1,5
1159	Doses diarias definidas de IBPs facturados en receita oficial por 1.000 TIS do cuo (Nº)	150,0
A002 Estender a plataforma loxística.		
1160	Estruturas de xestión integrada conectadas á plataforma loxística (Nº)	7,0
M10 Modernización das infraestruturas (modernizar as infraestruturas sanitarias).		
A001 Manter e mellorar as infraestruturas sanitarias.		
166	Centros de saúde creados e/ou modernizados (Nº)	11,0
874	Servizos mellorados (Nº)	26,0
M11 Definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e os profesionais.		
A001 Mellorar a calidade da formación sanitaria.		
1161	Prazas acreditadas ofertadas para a formación de especialistas (Nº)	367,0
1162	Propostas de actividades formativas avaliadas polo Sistema Acreditador da Formación Continuada de Galicia (Nº)	1.535,0
1170	Persoal (mulleres)(Nº)	1.115,0
1171	Persoal (total)(Nº)	1.468,0

III.1.3. OE 3. Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe

Neste obxectivo preténdese identificar a relación entre o sistema educativo e as demandas sociais, incluíndo, así mesmo, o desenvolvemento da cultura e actuacións en materia de patrimonio cultural, arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico.

Este obxectivo estratéxico representa o 34,6% do eixe e o 25,6% sobre o total do PEG, cun importe de 2.118,0 millóns de euros. Destacan as medidas que se destinan á orientación do sistema educativo á excelencia e á mellora das dotacións e infraestruturas do ensino.


A análise da situación realízase a través dos seguintes indicadores estratéxicos dos que se analizan os que se consideran máis representativos:

Indicador	Unidade	Ámbito	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	
Número de exemplares editados	Miles	GA	5.240	4.468	3.783	3.258				
		ES	255.513	183.866	132.126	99.828				
Número de títulos editados	Nº	GA	3.747	3.180	2.778	2.866	2.660	1.869		
		ES	86.330	74.521	76.206	74.244	69.668	56.435		
Número de compañías de teatro	Nº	GA	249	267	267	249	221	213		
		ES	3.626	3.722	3.803	3.626	3.261	3.227		
Número de entidades musicais dedicadas á interpretación	Nº	GA	392	401	385	407	409	411		
		ES	5.273	5.575	5.250	4.860	4.802	4.855		
Número de espazos escénicos estables teatrais	Nº	GA	85	89	89	89	90	86		
		ES	1.506	1.518	1.528	1.621	1.605	1.490		
Abandono educativo temperán	Porcent.	GA	23,6	25,8	22,8	20,4	22,7	20,2		
		ES	31,7	30,9	28,2	26,3	24,7	23,6		
		UE	14,8	14,3	14,0	13,5	12,8	12,0		
Alumnado matriculado en ensinanzas non universitarias de réxime xeral	Nº	GA	364.851	364.129	367.323	372.730	378.551	384.674	388.550	
Alumnado universitario			67.843	65.562	64.700	65.370	63.037	62.130	59.638	
Centros de ensinanza non universitaria de réxime xeral			1.547	1.517	1.494	1.474	1.460	1.444	1.432	
Centros de ensinanza non universitaria de réxime xeral por 100.000 habitantes	Por 100.000 habitantes	GA	56,2	54,8	53,9	53,1	52,7	52,3		
Centros privados de ensinanza non universitaria de réxime xeral	Nº	GA	301	297	295	293	293	294	296	
Centros públicos de ensinanza non universitaria de réxime xeral			1.246	1.220	1.199	1.181	1.167	1.150	1.136	
Esperanza de vida escolar aos 6 anos	Anos	GA	13,0	13,1	13,2	13,4	13,5	14,6		
		ES	12,7	12,7	12,8	13,0	13,0	14,4		
Nivel de formación da poboación nova	Porcent.	GA	66,7	63,6	67,3	68,2	65,2	66,0		
		ES	60,3	60,3	61,5	62,0	63,0	63,8		
		UE	78,5	78,6	79,0	79,5	80,1	80,9		
Número medio de alumnos por profesor en ensinanzas non universitarias de réxime xeral	Alumnos por profesor	GA	9,7	9,7	9,7	9,9	10,3	10,6		
Número medio de alumnos por profesor en ensinanzas non universitarias de réxime xeral en centros privados			13,4	13,0	12,8	12,8	12,9	12,9		
Número medio de alumnos por profesor en ensinanzas non universitarias de réxime xeral en centros públicos			8,8	8,8	8,9	9,2	9,6	9,9		
Poboación de 25 a 34 anos con nivel de formación alcanzado educación terciaria	Porcent.	GA	44,3	43,2	44,3	43,6	42,7	43,1		
		ES	40,0	39,5	40,3	40,3	40,4	41,1		
		UE	31,0	32,3	33,2	34,3	35,4	36,3		
Poboación de 25 a 64 anos que completou polo menos a educación secundaria segunda etapa	Porcent.	GA	47,5	47,7	48,8	50,8	51,4	51,3		
		ES	51,1	51,6	52,9	54,0	54,7	55,5		
		UE	71,3	72,0	72,6	73,3	74,2	75,1		
Porcentaxe de alumnado universitario na rama de Artes e Humanidades	Porcent.	GA	7,5	7,4	7,5	7,4	7,7	7,6	7,6	
Porcentaxe de alumnado universitario na rama de Ciencias			7,3	6,9	6,8	6,5	7,0	6,8	6,9	
Porcentaxe de alumnado universitario na rama de Ciencias da Saúde			10,5	11,1	11,5	12,9	13,5	13,7	15,5	
Porcentaxe de alumnado universitario na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas			47,5	47,6	47,1	45,7	44,2	44,6	43,1	
Porcentaxe de alumnado universitario na rama de Enxeñería e Arquitectura			27,2	26,9	27,1	27,5	27,6	27,2	26,9	
Porcentaxe de centros docentes non universitarios con conexión ADSL			GA	77,8	79,8	81,5	81,7	82,8		
ES			88,3	88,2	88,6	86,7	88,0			
Profesorado en centros de réxime xeral	Nº	GA	37.576	37.719	37.819	37.551	36.898	36.393		
Profesorado en centros privados de réxime xeral			7.547	7.742	7.793	7.807	7.812	7.770		
Profesorado en centros públicos de réxime xeral			30.029	29.977	30.026	29.744	29.086	28.623		

No ensino non universitario, os indicadores básicos relativos á relación de alumnos por centro educativo e á relación de alumnos por profesor, presentan traxectorias lixeiramente á alza, cunha ratio mellor nos centros públicos.


A media de alumnos por profesor era en 2013 de 12,9 nos centros privados e 9,9 nos públicos, isto é, 3 alumnos máis por profesor nos centros privados.

Alumnos por profesor



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Enseñanzas no universitarias


Alumnos por centro



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Enseñanzas no universitarias


O esforzo en mellorar a calidade da ensinanza non universitaria xa vén dando os seus froitos en Galicia como se reflicte analizando o abandono escolar temperán, un dos obxectivos fixados na estratexia "Europa 2020", esta taxa presenta uns valores inferiores

aos do conxunto de España, 20,2% en 2013 e 23,6 en España; aínda que superior á media europea (12,0).




Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Enseñanzas no universitarias

Por outro lado, a proporción da poboación de 25 a 64 anos, poboación adulta, que completou polo menos a educación secundaria de segunda etapa vaise incrementando nos últimos anos; así, esta porcentaxe elevouse 10 puntos porcentuais nos últimos 10 anos. O dato de 2013 sitúase en Galicia no 51,3% e a pesar do crecemento continuado dos últimos anos, seguimos entre tres e catro puntos por debaixo da media española; o diferencial é moito máis elevado se a comparación se realiza coa media europea, que rexistra unha proporción do 75,1%.




Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

O alumnado matriculado no sistema Universitario Galego sufriu un descenso continuado nos últimos anos, pasando dos 87.879 alumnos matriculados en 2003 aos 59.638 en 2014.



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Enseñanzas universitarias

Polo que respecta a proporción de poboación de 25 a 34 anos con nivel de formación terciaria, Galicia presenta en todos os anos do período analizado os mellores datos, acadando o 43,1% da poboación en 2013, case 7 puntos porcentuais superior á media europea.




Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Polo que respecta á distribución por rama de estudos, en Galicia continúa a preferencia polas Ciencias Sociais e Xurídicas, que absorbe en 2014 ao 43% do alumnado, seguido pola rama de enxeñería e arquitectura, co 27%. O 15% dos alumnos cursan Ciencias

da Saúde, mentres que as ramas de Ciencias e Artes e Humanidades, en ambos casos con tendencias á baixa, presentan unha porcentaxe do 7 e 8%, respectivamente.

Porcentaxe de alumnos universitarios por rama de estudo.



Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria


Entre os principais indicadores que amosan a situación da cultura atópanse os que describen a evolución das compañías teatrais, das entidades musicais e a edición de libros. Así, o número de entidades musicais en Galicia medra lixeiramente nos últimos anos, sendo 411 en 2013, mentres que nos últimos tres anos, o número de compañías de teatro diminúe a niveis similares a 2007 e anos anteriores..

Número de compañías de teatro e entidades musicais




Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

A produción editorial reflicte nos últimos anos un mantemento do número medio de exemplares por libro en Galicia, en torno a 1.500, mentres que na media española que partía dun valor moi superior, tivo unha senda de diminución que a achega no 2011 ao dato de Galicia.



Fonte: INE. Estadística de la producción editorial de libros

Polo que respecta ao número de títulos editados en Galicia obsérvase unha caída nos últimos anos, caída que tamén se rexistra na porcentaxe que supón a edición de títulos en Galicia sobre España.



Fonte: INE. Estadística de la producción editorial de libros

Polo que respecta á clasificación funcional e orgánica, o obxectivo estratéxico, desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
111D - ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.	24.000
151A - FOMENTO DA LINGUA GALEGA	6.740.182
212A - PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	500.000
421A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	23.661.908
422A - EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO	732.688.362
422C - ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	316.036.802
422D - EDUCACIÓN ESPECIAL	33.758.218
422E - ENSINANZAS ARTÍSTICAS	33.254.002
422G - ENSINANZAS ESPECIAIS	15.475.587
422H - OUTRAS ENSINANZAS	344.112
422I - FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO	1.378.892
422K - ENSINANZAS PESQUEIRAS	6.968.420
422L - CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL	6.015.799
422M - ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL	671.220.969
423A - SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	183.454.590
423B - PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR	17.247.970
431A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	11.897.629
432A - BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAI	14.361.204
432B - FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAI	10.757.859
433A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL	13.683.366
441A - PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	18.548.149

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
03 - CONSELLO DA CULTURA GALEGA
01 - CONSELLO DA CULTURA GALEGA
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
40 - SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE
09 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U
10 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
20 - SECRETARIA XERAL DE CULTURA
21 - DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL
30 - SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA
40 - SECRETARIA XERAL DE UNIVERSIDADES
50 - D.X. DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA
60 - D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
12 - CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR
10 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
20 - SECRETARIA XERAL DE MEDIO RURAL E MONTES
31 - D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
05 - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA
105 - ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA
09 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U
301 - AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia e os seus importes para o ano 2015 son:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	Importe	%
OE03 Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco	2.118.018.020 €	
M01 Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral	1.127.680.839	53,2 %
M02 Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade	474.500.263	22,4 %
M03 Impulso da Innovación e das TIC no sistema educativo para facilitar AA aprendizaxe, transformando os centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais	301.888	0,0 %
M04 Actualización e formación continuada dos profesionais do ensino	2.434.496	0,1 %
M06 Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público	291.264.040	13,8 %
M07 Incorporar a aprendizaxe de idiomas en todos os niveis educativos, garantindo a competencia lingüística e dinamizando os usos da lingua galega na sociedade	7.471.385	0,4 %
M08 Aumentar o número de titulacións oficiais impartidas nos centros de FP, con reforzo específico en materias relacionadas coa nova economía e incorporar a formación de adultos	12.029.902	0,6 %
M10 Fomento do deporte, para gañar en calidade de vida, saúde e desenvolvemento	12.308.098	0,6 %
M11 Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade	23.323.267	1,1 %
M89 FSE E FSE-EJ	9.920.566	0,5 %
M99 Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	156.783.276	7,4 %

As fontes de financiamento do orzamento deste obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	2.089.611.782	98,66%
F.C.I.	2.584.219	0,12%
FEDER	5.563.731	0,26%
Orzamentos Xerais do Estado	1.833.459	0,09%
F.E.A.D.E.R	660.699	0,03%
INTERREG	11.250	0,00%
F.S.E.	17.459.214	0,82%
TRANSFERENCIAS FINALISTAS	290.000	0,01%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	3.666	0,00%

A medida 1, garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral, é a de maior importe e peso relativo no obxectivo estratéxico 3, cun importe de 1.127,6 millóns de euros que representan o 53,2% do obxectivo e reflectindo un considerable peso relativo na estrutura do Plan Estratéxico para o ano 2015, co 13,6%.

En primeiro lugar destacan as actuacións encamiñadas á prevención do abandono escolar temperá, mediante o desenvolvemento de medidas de orientación, reforzo e apoio. Así, en coherencia coa Estratexia Europea 2020, un dos obxectivos principais consiste en que no ano 2020 o abandono escolar prematuro se sitúe en niveis inferiores ao 10% e que, cando menos o 40% da poboación de 30 a 34 anos acade o nivel de formación máis

alto (CINE 5-6). Así a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria márcase como obxectivo, a través de diversos plans de actuacións, que no ano 2015 o abandono escolar prematuro baixe ao 18%, conseguir que o alumnado acade unha titulación oficial ou una cualificación profesional que lle permita inserirse laboralmente, ou proseguir estudos, e que ao remate da educación e formación escolar teñan uns coñecementos nun idioma estranxeiro, basicamente inglés.

As propostas articularanse a través de actuacións orientadas tanto á retención de estudantes no sistema educativo, como con programas de segunda oportunidade, coa finalidade de reincorporar a mozos e mozas, con actividade laboral ou sen ela, que abandonaron a súa formación sen cualificación nin titulación. Os indicadores estimados no orzamento 2015 son 4.649 alumnos que se beneficiarán destas actuacións de reforzo, estimando a metade serán mulleres.

Nesta medida tamén se levarán a cabo actuacións como:

- Subvencionar a gratuidade da educación especial con axudas aos centros con alumnado que presente necesidades educativas especiais.
- A nova ensinanza de formación profesional básica (FPB), que no curso 2014-2015 substitúe aos módulos obrigatorias dos Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI), como medida de redución do abandono escolar e provocará un importante incremento de oferta para absorber ao volume de alumnado que permita a redución do abandono escolar. Nesta actuación estimase que 8.764 persoas beneficiaranse destes programas, dos que o 46% son mulleres.
- Tamén se levarán a cabo accións que favorezan o acceso das persoas adultas á formación, estimándose que en torno a 30.000 persoas se vexan beneficiadas (23% mulleres).
- Por último, realizaranse accións para favorecer un ambiente de aprendizaxe que conduza á mellora do éxito escolar e dos resultados académicos, incluíuse, como valor esencial para conseguir unha educación de calidade, ao profesorado de centros públicos, do ensino das etapas de Infantil, Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) (programa de gasto 422A) e o profesorado de ensinanza secundaria e formación profesional (Programa 422M), xunto ao proxecto de mellora do éxito escolar (Programa 423B).

A medida 2, promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade, representa o 22,4% do total do obxectivo estratéxico, cunha dotación de 475 millóns de euros, representando o 5,7% do total do plan estratéxico. As accións máis relevantes:

- Accións de apoios á igualdade e acceso á educación superior co apoio económico aos estudantes universitarios a través de bolsas a alumnos universitarios, das que se beneficiarán un total de 2.414, sendo aproximadamente o 53% mulleres.

- Accións de mellora da docencia universitaria a través do novo plan de financiamento do SUG para atender as súas necesidades e que conta con 311 titulacións. O financiamento dos centros asociados da UNED. Ademais, o profesorado docente e investigador (PDI) beneficiado neste ámbito ascende a 8.832 (39% mulleres).
- Fomentar as actividades educativas complementarias (transporte e comedores escolares) e axudas para a participación das nais e pais no sistema educativo.
- Outras accións son as axudas para a adquisición de libros, co obxectivo de acadar unha cobertura do 65%; axudas ao aprendizaxe de idiomas; campañas de promoción das ensinanzas de música e programas de avaliación do sistema educativo e de ordenación e innovación educativa.

A medida 6 que recolle a mellora das dotacións e das infraestruturas do ensino público, presenta un importe de 291 millóns de euros o que representa o 13,8 do importe do obxectivo estratéxico e o 3,5% do total do plan estratéxico para 2015.

Entre os obxectivos marcados pola consellería para o ano 2015, no relativo ás ensinanzas de infantil e primaria e nas de secundaria, atópase, por unha parte, levar adiante a construción de centros naquelas localidades onde a oferta educativa é insuficiente debido ao crecemento demográfico, e por outra, a de ampliar, reformar e mellorar aqueles centros susceptibles destas actuacións e que, logo das correspondentes obras, aseguren un número de prazas suficientes para as nenas e os nenos en idade escolar.

En conxunto pretendese levar a cabo adecuacións estruturais ou funcionais en 236 centros e mellorar a dotación de recursos aos centros públicos a un gran número de centros da rede educativa, prevéndose reposicións de mobiliario e equipamento didáctico de 414 centros e un total de 15.150 equipamentos.

Outra das medidas que se levarán a cabo son as conducentes á potenciación das linguas estranxeiras, co obxectivo de que o alumnado teña unhas competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira, basicamente o inglés. Para isto se inclúense no orzamento 2015 un conxunto de proxectos de gasto nos que se inscriben tanto as actuacións de formación e mellora en linguas estranxeiras para o profesorado galego, como os diversos proxectos relativos ao impulso de centros plurilingües, apoiando a impartición de materias en inglés, ou noutro idioma estranxeiro, para completar un proxecto educativo trilingüe.

Para o fomento da lingua galega, co fin de aumentar o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, realizará diversas iniciativas de promoción e de sensibilización a prol da lingua galega durante o ano 2015:

- Aumentar o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos sectores considerados prioritarios e estratéxicos.

- Ampliar o coñecemento do galego por parte da cidadanía , a través da colaboración co Instituto da Lingua Galega, coa Real Academia Galega e coas universidades galegas, a convocatoria de cursos e probas Celga, a realización de xornadas de formación para o profesorado colaborador da Secretaría Xeral de Política Lingüística, reforzo da oferta formativa en lingua galega para os profesionais ao servizo das administracións e oferta de asesoramento lingüístico.
- Incrementar a proxección da lingua e da cultura galegas fóra de comunidade de Galicia, impulsando os lectorados en universidades e centros de fóra de Galicia. O total dos centros beneficiados será de 64.

No relativo á medida 8, na que se inclúen as actuacións de mellora da formación profesional de cara a aumentar a inserción laboral da xuventude galega, estimase que o 54% do alumnado cursará a FP.

Entre outros, destaca a promoción das ensinanzas náutico pesqueiras cunha po-boación obxectivo de 5.420 persoas; a realización de 23 proxectos de I+D en formación profesional; axudas para prácticas en empresas, calculando que se beneficiarán un total de 4.061 alumnos dos que o 38% son mulleres; proxectos relativos ao recoñecemento de competencias profesionais (1.715 alumnos dos que 628 son mulleres); módulos da sociedade de información nos que participarán 1.023 alumnos e soamente 169 mulleres); novas modalidades de oferta formativa de FP (cunha estimación de maior presenza de mulleres, 1.869, que representan o 61% do total de participantes nestas novas modalidades) e no que se refire á formación profesional dual, esta beneficiará a 635 alumnos (algo máis da metade serían mulleres). Por último, implantaranse 8 novos currículos de ciclos formativos de grao medio e 7 de grao superior.

Co obxectivo de promover o deporte, que se inclúe na medida 10 do PEG, levaranse a cabo as seguintes actuacións: continuación do desenvolvemento do Plan Galego de Fomento da Actividade Física, Galicia Saudable, no que destaca o programa de dinamización deportiva.

En segundo lugar, continuarase coa labor de fomentar o deporte galego a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas.

No que atinxe ao desenvolvemento do deporte de alto nivel, continuarase co apoio aos 42 deportistas galegos de máximo nivel, que se preparan no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra e as axudas a deportistas de elite. Inclúese o mantemento e apoio á Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (Inef) no que figuran matriculados un total de 820 alumnos, a gran maioría deles homes, co 79%.

No que atinxe á cultura recollidos na medida 11, recollen entre outras, as seguintes actuacións:

- Accións de colaboración para a realización de actividades culturais e melloras das infraestruturas dedicadas ás mesmas (bibliotecas, axudas a entidades, actividades culturais,...)
- Actuación de promoción da lectura do libro en galego.
- Infraestruturas culturais para a difusión, investigación e protección do patrimonio cultural e arqueolóxico (RGPA).
- Actuacións de xestión e administración de arquivos e investimentos e gastos de museos.
- Accións de mellora e promoción das bibliotecas da rede galega.
- Accións de fomento, conservación e protección do patrimonio cultural galego (adquisición de bens culturais, intervencións en edificios e construcións, axudas á protección, conservación de xacementos arqueolóxicos,...)

Na seguinte táboa figuran os indicadores operativos comentados e os valores que se pretende acadar en 2015:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.		Previsto
OE03 Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para		
M01 Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral		
A001 Actuacións encamiñadas á prevención do abandono escolar temperá, mediante o desenvolvemento de		
1170	Persoal (mulleres)(Nº)	304,0
1171	Persoal (total)(Nº)	506,0
384	Abandono escolar (%)	18,0
73	Alumnado beneficiado por actuacións de reforzo (mulleres) (Nº)	2.292,0
74	Alumnado beneficiado por actuacións de reforzo (total) (Nº)	4.649,0
A002 Axudas a centros con alumnado con necesidades educativas especiais		
110	Aulas (Nº)	569,0
A004 Implantación dos programas de cualificación profesional inicial (PCPI) para os alumnos que non acaban a		
608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	4.047,0
609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	8.764,0
A005 Medidas para favorecer o acceso das persoas adultas á formación ao longo da vida		
1051	Materiais didácticos elaborados (Nº)	15,0
25	Actuacións de formación (Nº)	786,0
608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	6.999,0
609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	30.189,0
A006 Medidas para favorecer un ambiente de aprendizaxe que conduza a mellora do éxito escolar e dos		
1170	Persoal (mulleres)(Nº)	40.118,0
1171	Persoal (total)(Nº)	59.105,0
178	Centros/programas financiados (Nº)	19,0
766	Programas desenvolvidos (Nº)	18,0

M02 Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores		
A001 Accións de apoios á igualdade e acceso á educación superior		
140	Campañas que fomenten a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (Nº)	10,0
66	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	1.284,0
70	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	2.414,0
A002 Accións para a mellora da calidade da docencia universitaria, da empregabilidade do alumnado e da		
1172	Alumnado matriculado no SUG (mulleres)(Nº)	28.787,0
1173	Alumnado matriculado no SUG (total)(Nº)	53.445,0
598	Persoal Docente e Investigador (PDI).(mulleres) (Nº)	3.446,0
599	Persoal Docente e Investigador (PDI).(total) (Nº)	8.832,0
66	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	631,0
70	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	46.946,0
932	Titulacións (Nº)	313,0
A004 Axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar.		
129	Beneficiados (Nº)	141.660,0
188	Cobertura das axudas (%)	65,3
A005 Campañas de fomento e difusión das ensinanzas superiores de deseño e ensinanzas artísticas e campañas		
137	Campañas de difusión y promoción (Nº)	1,0
A006 Fomentar as actuacións educativas complementarias e a participación das nais e pais no sistema		
202	Concellos beneficiados (Nº)	8,0
322	Entidades beneficiadas (Nº)	31,0
A007 Potenciar o recoñecemento público do esforzo, a superación e o éxito escolar do alumnado a través dos		
66	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	42,0
70	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	76,0
A009 Promoción de procesos de avaliación nos centros e servizos educativos para a mellora da xestión e dos		
149	Centros (Nº)	70,0
66	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	5.620,0
70	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	11.300,0
769	Proxectos (Nº)	29,0
M03 Impulso da innovación e das TIC no sistema educativo para facilitar AA aprendizaxe, transformando os		
A003 Desenrolo de contidos formativos en rede		
769	Proxectos (Nº)	1,0
A007 Proxectos para a extensión da innovación na xestión nos centros de formación		
769	Proxectos (Nº)	1,0
M04 Actualización e formación continuada dos profesionais do ensino		
A001 Accións en materia de formación permanente do profesorado de FP		
25	Actuacións de formación (Nº)	215,0
755	Profesorado beneficiado (mulleres) (Nº)	2.001,0
756	Profesorado beneficiado (total) (Nº)	3.757,0
A002 Actuacións do Plan de Formación do profesorado de ensinanzas non universitarias		
120	Axudas a profesores individuais para formación (Nº)	108,0
755	Profesorado beneficiado (mulleres) (Nº)	25.526,0
756	Profesorado beneficiado (total) (Nº)	40.890,0
821	Publicacións (Nº)	3,0
A003 Formación do profesorado en linguas estranxeiras.		
755	Profesorado beneficiado (mulleres) (Nº)	150,0
756	Profesorado beneficiado (total) (Nº)	190,0
A004 Mellora da estrutura de formación permanente do profesorado potenciando a formación a distancia e a		
759	Profesorado beneficiado de formación no centro (mulleres) (Nº)	1.458,0
760	Profesorado beneficiado de formación no centro (total) (Nº)	2.780,0

M06 Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público		
A001 Adecuación estrutural e funcional dos centros educativos		
149	Centros (Nº)	1,0
151	Centros beneficiados (Nº)	236,0
A002 Dotación de recursos aos centros públicos para o seu funcionamento		
149	Centros (Nº)	1.557,0
151	Centros beneficiados (Nº)	2.257,0
66	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	75,0
70	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	395,0
A003 Dotación e reposición de mobiliario e equipamento didáctico		
151	Centros beneficiados (Nº)	414,0
328	Equipamentos (Nº)	15.150,0
A004 Homologación salarial do ensino concertado co ensino público		
940	Unidades (Nº)	7.382,0
A005 Incremento de postos escolares		
552	Novos postos escolares (Nº)	3.795,0
M07 Incorporar a aprendizaxe de idiomas en todos os niveis educativos, garantindo a competencia lingüística e		
A003 Impulso do dominio de idiomas estranxeiros, especialmente o inglés.		
66	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	16.500,0
70	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	32.500,0
A005 Mellorar a formación en linguas estranxeiras a través das axudas ao alumnado para o aprendizaxe de		
64	Alumando beneficiado que cursa inglés (mulleres) (Nº)	415,0
65	Alumando beneficiado que cursa inglés (total) (Nº)	693,0
A006 Promover o aumento da competencia lingüística e dinamizar os usos da lingua galega na sociedade.		
1012	Persoas beneficiadas de bolsas (mulleres) (Nº)	60,0
1013	Persoas beneficiadas de bolsas (total) (Nº)	92,0
119	Axudas (Nº)	1.159,0
137	Campañas de difusión y promoción (Nº)	5,0
157	Centros de Estudos Galegos beneficiados (Nº)	64,0
223	Convenios e/ou contratos (Nº)	4,0
225	Convenios, acordos e protocolos (Nº)	105,0
25	Actuacións de formación (Nº)	77,0
26	Actuacións de formación e de dinamización social do galego (Nº)	6,0
589	Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº)	1.347,0
590	Participantes en actividades de formación (total) (Nº)	1.925,0
M08 Aumentar o número de titulacións oficiais impartidas nos centros de FP, con reforzo específico en materias		
A004 Flexibilización da oferta formativa de formación profesional para responder as necesidades das persoas e		
514	Módulos profesionais a distancia (Nº)	20,0
515	Módulos profesionais presenciais (Nº)	63,0
66	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	960,0
70	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	5.420,0
A005 Impulsar os procesos de innovación tecnolóxica na FP		
787	Proxectos de innovación (Nº)	23,0

A007 Mellorar a percepción social da Formación Profesional.		
1052	Alumnado que realiza prácticas en empresas (mulleres) (Nº)	1.545,0
1053	Alumnado que realiza prácticas en empresas (total) (Nº)	4.061,0
137	Campañas de difusión y promoción (Nº)	5,0
66	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	235,0
70	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	1.279,0
77	Alumnado que cursa FP (mulleres) (Nº)	2.990,0
78	Alumnado que cursa FP (total) (Nº)	6.448,0
87	Alumnos que cursan FP (%)	54,1
A008 Novos currículos de ciclos formativos de grao medio e grao superior para adecualos as necesidades		
232	Currículos novos de grao medio (Nº)	8,0
233	Currículos novos de grao superior (Nº)	7,0
422	Incremento dos novos currículos de grao medio e de grao superior (%)	6,0
M10 Fomento do deporte, para gañar en calidade de vida, saúde e desenvolvemento		
A001 Actuacións de desenvolvemento do Plan Galego para o Fomento de Actividade Física "Galicia Saudable"		
137	Campañas de difusión y promoción (Nº)	1,0
202	Concellos beneficiados (Nº)	285,0
382	Federacións beneficiadas (Nº)	6,0
A002 Actuacións do Plan de dinamización deportiva nos concellos.		
533	Novas instalacións deportivas (Nº)	1,0
A003 Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra: desenvolvemento de programas de		
245	Deportistas galegos de máximo nivel apoiados en CGTD (total)(Nº)	42,0
A004 Convocatoria de axudas aos Deportistas Galegos de alto nivel para apoiar aos deportistas recoñecidos		
243	Deportistas galegos de elite (Nº)	179,0
A006 Fomento do deporte galego a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas		
322	Entidades beneficiadas (Nº)	1.057,0
769	Proxectos (Nº)	1.067,0
A008 Mellora das infraestruturas deportivas a través de axudas a concellos e empresas.		
202	Concellos beneficiados (Nº)	3,0
331	Infraestruturas deportivas (Nº)	3,0
A009 INEF		
66	Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	174,0
70	Alumnado beneficiado (total) (Nº)	820,0
M11 Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e		
A001 Accións de colaboración con entidades públicas e privadas para a realización de actividades culturais e		
1012	Persoas beneficiadas de bolsas (mulleres) (Nº)	60,0
1013	Persoas beneficiadas de bolsas (total) (Nº)	88,0
1037	Visitantes ao CGAC, escolares (mulleres) (Nº)	500,0
1038	Visitantes ao CGAC, escolares (total) (Nº)	800,0
1039	Visitantes ao CGAC, adultos (mulleres) (Nº)	1.000,0
1040	Visitantes ao CGAC, adultos (total) (Nº)	1.500,0
51	Actuacións e programacións culturais desenvolvidas (Nº)	131,0
821	Publicacións (Nº)	10,0
973	Visitantes (Nº)	325.000,0
A002 Actuacións de promoción da lectura e do libro galego, dentro e fora da nosa comunidade.		
1023	Bibliotecas participantes en actividades de animación á lectura (Nº)	20,0
125	Axudas para a promoción do libro galego (Nº)	30,0
126	Axudas para a tradución (Nº)	25,0
383	Feiras (Nº)	20,0
812	Proxectos para a promoción da lectura (Nº)	20,0

A005 Creación de infraestruturas culturais para a difusión, investigación e protección do patrimonio cultural e		
436	Infraestruturas (Nº)	5,0
A008 Desenvolvemento da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico.		
461	Intervencións realizadas nos xacementos arqueolóxicos de Galicia (Nº)	13,0
A009 Desenvolver os sistemas de arquivos e museos de Galicia para potenciar a xestión do patrimonio		
695	Porcentaxe de arquivos e museos integrados nas redes dixitais do patrimonio documental e moble (%)	7,0
769	Proxectos (Nº)	83,0
A012 Mellora, impulso e promoción das bibliotecas públicas integradas na Rede de bibliotecas de Galicia a		
1041	Obxectos dixitais creados (Nº)	20,0
1042	Bibliotecas dotadas de equipamentos (Nº)	20,0
A013 Mellora, impulso e promoción das bibliotecas públicas integradas na Rede de bibliotecas de Galicia a		
1047	Bibliotecas dotadas con fondos bibliográficos (Nº)	30,0
257	Documentos adquiridos e distribuídos (Nº)	50,0
A015 Accións de fomento, conservación e protección do patrimonio cultural galego		
1012	Persoas beneficiadas de bolsas (mulleres) (Nº)	2,0
1013	Persoas beneficiadas de bolsas (total) (Nº)	4,0
322	Entidades beneficiadas (Nº)	5,0
561	Obras de conservación, restauración e protección realizadas (Nº)	70,0
769	Proxectos (Nº)	3,0
A016 Mellora, impulso e promoción das bibliotecas públicas integradas na rede de bibliotecas de Galicia		
1047	Bibliotecas dotadas con fondos bibliográficos (Nº)	115,0
257	Documentos adquiridos e distribuídos (Nº)	12.000,0
M89 FSE E FSE-EJ		
A001 FORMACIÓN DOS VOLUNTARIOS E PROFESIONAIS DE PROTECCIÓN CIVIL E EMERXENCIAS, A TRAVÉS DE		
P01M	Desempregados, incluídos os de longa duración (Mulleres)	68,0
P01T	Desempregados, incluídos os de longa duración (Total)	225,0
P03M	Persoas inactivas (Mulleres)	30,0
P03T	Persoas inactivas (Total)	100,0
P05M	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia (Mulleres)	120,0
P05T	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia (Total)	400,0
A012 CICLOS FORMATIVOS DE GRADO MEDIO DE LA FORMACIÓN PROFESIONAL		
P03T	Persoas inactivas (Total)	1.569,0
P06M	Persoas menores de 25 anos de idade (Mulleres)	584,0
A013 PROGRAMAS DE MEJORA DEL APRENDIZAJE Y RENDIMIENTO - PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN		
P06M	Persoas menores de 25 anos de idade (Mulleres)	1.465,0
P06T	Persoas menores de 25 anos de idade (Total)	3.052,0

III.1.4. OE 4. Atención ao benestar social

Como xa se adiantou no Eixo I, a situación demográfica de Galicia, caracterizada por unha poboación moi envellecida, leva a que, a través deste obxectivo estratéxico se impulse a atención global ás persoas en situación de dependencia. Este obxectivo estratéxico representa o 6,1% do eixe e o 4,5% sobre o total do PEG, cun importe de 372,3 millóns de euros, no que a medida máis representativa é a I cun importe de 252 millóns de euros (o 67,7% do obxectivo) que se destinan á promoción da atención das persoas dependentes.

Polo que respecta ás persoas maiores de 65 anos, que supoñen en Galicia o 22% do total da poboación, a atención das súas necesidades é un obxectivo das políticas sociais da Xunta, que buscan garantir o seu benestar e a súa calidade de vida.

Dentro do ámbito da familia, infancia e menores, trátase de acadar os seguintes obxectivos e liñas básicas de acción: Diseñar, promover e desenvolver políticas públicas de apoio ás familias que contribúan ao seu benestar. Potenciar a formación de axentes de políticas de convivencia e política familiar, de xeito que se cree un marco adecuado de convivencia no seo da unidade familiar mediante a mediación familiar.


A protección e tutela dos/as menores en situación de risco ou desamparo e a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, correspóndelle a Xunta de Galicia, polo que se promoverán medidas que potencien a inserción social e laboral destes mozos.

A decisión sobre as actuacións a levar a cabo, baséase na análise dos seguintes indicadores estratéxicos:

Indicador	Unidade	Ámbito	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Prazas autorizadas en centros de discapacitados por 1.000 habitantes	(0/00)	GA				2,8	2,9	3,1
Prazas autorizadas en centros de maiores por 1.000 habitantes						9,8	9,4	9,6
Prazas autorizadas en centros no ámbito da infancia por 1.000 habitantes						10,0	10,5	10,7
Índice de envellecemento	Porcent.	GA	175,8	176,9	178,5	180,2	181,6	182,5
		ES	105,3	105,3	106,1	107,4	108,3	109,9
		UE	101,3	102,7	104,2	105,1	107,1	109,1
Índice de sobreenvellecemento	Porcent.	GA	13,7	14,1	14,5	14,8	15,2	15,6
		ES	12,0	12,5	13,0	13,5	14,0	14,3
		UE	11,1	11,5	11,9	12,4	12,7	12,9


O envellecemento da poboación en Galicia, definido como a porcentaxe que representa a poboación maior de 64 anos sobre a poboación menor de dezaseis, está a reflectir valores cada vez máis altos e moi superiores tanto á media nacional como á europea, presentando en 2013 unha porcentaxe do 182,5%.

Índice de envellecemento



Fonte: IGE. Indicadores demográficos, INE. Indicadores demográficos. Eurostat. Population

Ademais o sobreenvellecemento, relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos, tamén medra en Galicia ao longo dos últimos anos, sendo do 15,6% en 2013, superando de novo aos valores de España e da Unión Europea.



Fonte: IGE. Indicadores demográficos, INE. Indicadores demográficos. Eurostat. Population

Polo que respecta á clasificación funcional e orgánica, o obxectivo estratéxico, desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	32.746.154
312D - SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES	298.430.435
312E - SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE	28.617.482
313A - SERVIZOS Á XUVENTUDE	11.870.622
313C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	663.112

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
11 - CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
04 - S.X. DE POLÍTICA SOCIAL
05 - D. X. DE FAMILIA E INCLUSIÓN
06 - D.X. DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia e os seus importes para o ano 2015 son:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	Importe	%
OE04 Atención ao benestar social	372.327.805 €	
M01 Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social	251.919.724	67,7 %
M02 Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e persoas con discapacidade no seu contorno familiar e social habitual	17.220.422	4,6 %
M03 Favorecer as condicións necesarias para que a xuventude poida desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións e en igualdade de oportunidades	36.505.821	9,8 %
M89 FSE E FSE-EJ	312.500	0,1 %
M99 Soporte xeral - Atención ao benestar social	66.369.338	17,8 %

As fontes de financiamento do orzamento deste obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	291.605.571	78,32%
Orzamentos Xerais do Estado	80.453.334	21,61%
F.S.E.	250.000	0,07%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	18.900	0,01%

No ámbito da dependencia e promoción da autonomía persoal continuarase a desenvolver políticas de prevención e detección precoz da dependencia e de promoción da autonomía persoal. Ademais a maior parte dos esforzos van dirixidos a atención ás persoas dependentes, tanto a través da Rede Pública de Centros de Atención ás Persoas Maiores, do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e da propia Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo, como coa extensión e mellora da carteira de servizos.

En desenvolvemento do artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que formula, como un dos obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais "garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, para estes efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia". A finalidade é dar cobertura ás necesidades de atención que precisan as persoas en situación de dependencia que, por razóns derivadas da idade, a enfermidade ou a discapacidade e vinculadas á falla de ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, requiren da atención doutra persoa ou precisan de axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria. Especial incidencia no ano 2015 terá a entrada en calendario do grao I que suporá a necesidade do despre- gue dos servizos necesarios para a súa atención, especialmente importante na área dos servizos de promoción da autonomía persoal.

Unha novidade para a mellora da atención das persoas dependentes consiste en pasar dun modelo baseado en centros de atención a outro baseado en servizos, e á súa vez esta prestación de servizos adecuarase as persoas usuarias ao configurarse como un

servizo flexible, onde se poderán combinar os diferentes servizos necesarios para atención das súas necesidades.

Entre os servizos para atender a dependencia houbo un avance na creación de novos recursos asistenciais durante os dous últimos anos, tanto en prazas residenciais como de centros de día, así como en relación ao servizo de axuda no fogar. Ademais para mellorar a cobertura implántase a nova carteira de servizos para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que suporá un cambio de paradigma na forma de atender ás persoas en situación de dependencia, prevención da dependencia e autonomía persoal, pasando dun modelo baseado en centros de atención a outro baseado en servizos, e á súa vez esta prestación de servizos adecuarase as persoas usuarias ao configurarse como un servizo flexible, onde se poderán combinar os diferentes servizos necesarios para atención das súas necesidades.

Seguirase co fomento e impulso das accións de atención a persoas dependentes e de apoio ás persoas cuidadoras contemplando medidas de mantemento no seu contorno a través da carteira de servizos dispoñibles e do fomento da aplicación das novas tecnoloxías para a atención das persoas dependentes, co obxectivo da procura dunha mellora na súa calidade de vida. Isto é, creación e fortalecemento dos servizos e programas que posibiliten e favorezan a permanencia tanto da persoa maior, como da persoa con discapacidade no contorno familiar e social, onde desenvolve a súa vida, con especial atención aos que viven en áreas rurais diseminadas, e as persoas maiores ou con discapacidade que viven soas, e facilitarlle, a través dos medios de apoio axeitados a promoción da súa autonomía persoal.

Continuarase co avance na creación de novos recursos asistenciais tanto en prazas residenciais como de centros de día, así como en relación ao servizo de axuda no fogar, non só permitiu dar resposta a persoas en espera de atención senón que ó mesmo tempo incrementou a rateo de rotación de persoas nos servizos. O Programa Operativo FEDER de Galicia financiará algunhas destas infraestruturas a través do eixe 6.

En desenvolvemento da medida I Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social, figuran no orzamento 2015 tres actuacións, a primeira refírese ao mantemento e creación de novas prazas, na que se estiman 2.584 prazas para maiores dependentes e 395 para persoas con discapacidade dependentes.

A segunda das actuacións relativa ás distintas modalidades de recursos: servizos e libranzas, reflicte que haberá 10.019 cuidadores beneficiados, dos que a gran maioría, o 80% son mulleres, polo que se comproba unha vez máis o feito de que son as mulleres as que en maior medida atenden ás persoas dependentes.

A extensión dos servizos reflicte os seguintes indicadores previstos: haberá 10.407 persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, das que 7.366 son mulleres, sendo a modalidade de servizos con maior número de usuarios beneficiados.

Na actuación 5 Mellora do acceso da poboación en situación de dependencia ás axudas técnicas e produtos de apoio a través de sistemas alternativos de xestión, estímase que serán preto de 5.000 as persoas beneficiadas de axudas técnicas e do servizo de teleasistencia, e máis de 12.000 as persoas que resultarán beneficiadas de diversos servizos como por exemplo da consolidación da web de axudas técnicas, da rehabilitación dun centro de usos múltiples para crear un servizo de atención a persoas dependentes e con discapacidade ou do propio mantemento de servizos de mobilidade nos centros para persoas con discapacidade ou dependentes.

Na medida 2, reflíctense as variadas programacións que se levan a cabo na actuación 3 de fomento da participación social e promoción da autonomía persoal das persoas maiores e persoas con discapacidade, incidindo sobre todo no envellecemento activo e saudable, e con actuacións de prevención da dependencia, nas que se estima que participarán unhas 37 entidades de iniciativa social e que unha gran parte da poboación de maiores se beneficie dalgunha delas, entre as que se atopan entre outras o programa de balnearios.

Destaca así mesmo nesta medida a actuación 6, reformulación do servizo galego de apoio á mobilidade persoal, no que os valores previstos dos indicadores se incrementan en 2015 respecto ao ano anterior, reflectino que dito servizo dará cobertura a un número estimado de 9.036 usuarios dos que máis da metade, 5.228 serán mulleres e calcúlase que prestarán un total de 100.992 servizos do 065.

Tamén figura o proxecto de gasto dirixido á formación para a implementación da carteira de servizos sociais do sistema para a Autonomía persoal e atención á dependencia, que será financiado co FSE 2014-2020, no que se estima que se formarán unhas 450 persoas, das que o 60% serán mulleres.

A medida 3 “Favorecer as condicións necesarias para que a xuventude poida desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións e en igualdade de oportunidades” presenta actuacións para garantir o apoio e protección dos mozos e mozas menores. A actuación 2 recolle os proxectos de fomento e apoio para información e actividades dirixidas á mocidade galega para a adquisición de competencias e habilidades na que a través de axudas a entidades locais (estimando que serán 280 os concellos beneficiados) e 200 axudas ás universidades e a asociacións xuvenís e entidades sen ánimo de lucro.

Na actuación 3 “Garantir o apoio e protección dos nosos menores” se inclúen os proxectos de acollementos familiares cun total de 1.600 menores acollidos, dos cales son mulleres 760; 572 menores tutelados pola Xunta en residencias (269 mulleres). Por outra banda figura a actuación 4 dirixida aos menores en risco de desamparo a través

dos programas de integración e intervención familiar nos que participarán 1.762 familias, e beneficiaranse 7.604 menores, dos que 3.381, menos da metade serán mulleres.

Esta garantía de dereitos tamén abrangue ás e aos menores infractores, que de cara á súa reeducación independentemente das súas circunstancias persoais, familiares e sociais teñen que ser tidos en conta especialmente á hora de realizar programas e de impoñer as medidas xudiciais polos xulgados.

Tamén se poñerán en marcha convocatorias de axudas específicas para o fomento das iniciativas e proxectos xuvenís tanto por parte de entidades xuvenís como por parte dos concellos e entidades locais, axudas para o fomento da mobilidade vinculadas coa empregabilidade de mozos e mozas, axudas para facilitar a obtención do permiso de condución como recurso facilitador de emprego, desenvolvemento e posta en marcha de programas de educación non formal como paso previo ao mercado de traballo, accións formativas diversas en ámbitos de interese para a xuventude incidindo especialmente na ampliación de aptitudes e coñecementos recoñecidos como necesarios para o mercado laboral; accións de apoio ao asociacionismo xuvenil como instrumento fundamental de cara á consecución dunha cidadanía activa e participativa; potenciación da información xuvenil como facilitadora do coñecemento dos recursos para a mocidade, actuar cara a profesionalización do sector do tempo libre, e tratando de conseguir na atención á mocidade a debida coherencia nas políticas e accións dirixidas a mozas e mozos a través do futuro Comité Galego de políticas de xuventude

Na seguinte táboa figuran os indicadores operativos comentados e os valores que se pretende acadar en 2015:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.		Previsto
<i>OE04 Atención ao benestar social</i>		
M01 Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles		
A001 Mantemento e creación de novas prazas para persoas maiores e persoas con discapacidade		
920	Prazas para persoas maiores dependentes (Nº)	2.584,0
921	Prazas para persoas con discapacidade dependentes (Nº)	395,0

A002 Mellorar a ratio de atención das persoas en situación de dependencia mediante distintas modalidades		
192	Coidadores beneficiados (mulleres) (Nº)	8.015,0
193	Coidadores beneficiados (total) (Nº)	10.019,0
535	Novas persoas atendidas na modalidade de asistencia persoal (Nº)	8,0
536	Novas persoas atendidas na modalidade de atención residencial (Nº)	2.002,0
538	Novas persoas atendidas na modalidade de coidados familiares (Nº)	500,0
539	Novas persoas atendidas na modalidade de servizos (Nº)	585,0
667	Persoas usuarias do servizo de axuda no fogar (SAF) (mulleres) (Nº)	7.366,0
668	Persoas usuarias do servizo de axuda no fogar (SAF) (total) (Nº)	10.407,0
A005 Mellora do acceso da poboación en situación de dependencia ás axudas técnicas e produtos de apoio a		
00131	Beneficiados de axudas técnicas e sistema de teleasistencia (Nº) (Mulleres)	3.630,0
M		
131	Beneficiados de axudas técnicas e sistema de teleasistencia (Nº)	4.974,0
608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	6.861,0
609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	12.065,0
M02 Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e persoas con discapacidade		
A001 Accións de apoio a entidades de ámbito autonómico de atención a persoas maiores e persoas con		
322	Entidades beneficiadas (Nº)	2,0
715	Prazas en centros de atención especializada para persoas con discapacidade (Nº)	44,0
A003 Fomento da participación social e promoción da autonomía persoal das persoas maiores e persoas con		
322	Entidades beneficiadas (Nº)	37,0
608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	479.999,0
609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	904.316,0
A004 Mantemento e creación de novas prazas para persoas maiores e para persoas con discapacidade con		
714	Prazas en centros de atención especializada para maiores (Nº)	970,0
A005 Potenciar a accesibilidade e a supresión de barreiras no fogar e a creación e reforma de centros.		
155	Centros creados (Nº)	9,0
175	Centros reformados (Nº)	1,0
A006 Reformulación do Servizo galego de apoio á Mobilidade Persoal		
877	Servizos realizados do 065 (Nº)	100.992,0
947	Usuarios do 065 (mulleres) (Nº)	5.228,0
948	Usuarios do 065 (total) (Nº)	9.036,0
M03 Favorecer as condicións necesarias para que a xuventude poida desenvolver o seu propio proxecto de vida		
A002 Fomento e apoio para información e actividades dirixidas á mocidade galega		
121	Axudas concedidas (Nº)	200,0
202	Concellos beneficiados (Nº)	280,0
769	Proxectos (Nº)	3,0
A003 Garantir o apoio e protección dos nosos menores.		
502	Menores en acollementos familiares (mulleres) (Nº)	760,0
503	Menores en acollementos familiares (total) (Nº)	1.600,0
506	Menores protexidos atendidos pola Xunta en residencias (mulleres) (Nº)	269,0
507	Menores protexidos atendidos pola Xunta en residencias (total) (Nº)	572,0
A004 Incrementar a atención persoal e familiar dirixida ao benestar dos menores en risco ou desamparo, a		
380	Familias participantes en programas de mediación (Nº)	1.762,0
500	Menores beneficiados (mulleres) (Nº)	3.381,0
501	Menores beneficiados (total) (Nº)	7.604,0
A005 Incrementar a orientación e o asesoramento especializado a través da rede territorial de servizos a		
518	Mozos beneficiados (mulleres) (Nº)	4.800,0
519	Mozos beneficiados (total) (Nº)	8.000,0
793	Proxectos de orientación e asesoramento aos mozos (Nº)	12,0
M89 FSE E FSE-EJ		
A040 FORMACIÓN PARA A IMPLEMENTACIÓN DA CARTEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS E PARA O SISTEMA PARA A		
P03M	Persoas inactivas (Mulleres)	270,0
P03T	Persoas inactivas (Total)	450,0

III.1.5. OE 5. Impulsar a igualdade e a mellora dos servizos sociais

Neste obxectivo inclúense as actuacións dirixidas a conseguir unha Galicia mais solidaria e atender ais colectivos con maiores riscos e vulnerabilidade. Procúrase conseguir a igualdade de oportunidades e o acceso aos niveis básicos de benestar social.

Así mesmo inclúense as actuacións destinadas á inclusión, integrando no mercado laboral ás persoas mediante a aprendizaxe permanente.


Neste obxectivo inclúense tamén as accións de acceso e de rehabilitación da vivenda e as actuacións dirixidas a promover a cultura da solidariedade e do voluntariado.

Este obxectivo estratéxico representa o 2,9 % o eixe e o 2,2 % sobre o total do PEG, cun importe de 179 millóns de euros.

Os indicadores estratéxicos do obxectivo son:

Indicador	Unidade	Ámbito	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Desigualdade da distribución da renda S80/S20	Valor	GA	4,0	4,1	4,2	4,2	4,5	
		ES	6,4	7,2	7,1	7,2	6,3	
		UE	5,0	5,0	5,1	5,1	0,0	
Índice de Gini	Índice	GA	0,272	0,278	0,278	0,276	0,283	
		ES	0,330	0,344	0,345	0,350	0,337	
		UE	0,305	0,305	0,308	0,306		
Taxa de risco de pobreza despois de transferencias sociais	Porcent.	GA	13,9	14,3	14,3	15,7	16,5	
		ES	20,1	21,4	22,2	22,2	20,4	
		UE	16,4	16,4	16,9	16,9		
Adultos (18-59 anos) que viven en fogares sen ocupados	Porcent.	GA	7,4	9,2	11,1	11,7	13,7	14,7
		ES	7,4	10,8	11,8	12,9	15,0	
		UE	9,2	10,1	10,4	10,5	10,8	
Nenos (0-17 anos) que viven en fogares sen ocupados	Porcent.	GA	6,0	7,5	8,2	9,6	12,2	10,8
		ES	6,5	9,9	10,8	11,9	13,8	
		UE	9,3	10,2	10,7	10,8	11,1	
Taxa de desemprego de longa duración	Porcent.	GA	2,0	3,3	5,5	7,1	9,2	11,1
		ES	2,0	4,3	7,3	8,9	11,0	13,0
		UE	2,6	3,0	3,8	4,1	4,6	5,1

Taxa de risco de pobreza despois das transferencias sociais




Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias; INE. Encuesta de condiciones de vida; EUROSTAT. Income and Living Conditions (EU-SILC)

A taxa de risco de pobreza (porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza que se corresponde co 60% da mediana dos ingresos equivalentes de tódalas persoas galegas) despois das transferencias sociais, presenta mellores valores en Galicia que no conxunto de España e na UE-27


A Estratexia Europa 2020 utiliza como indicador para a análise da loita contra a pobreza a taxa de risco de pobreza ou exclusión social (AROPE). Este indicador corresponde á suma das persoas que están en risco de pobreza ou privados de forma severa de bens materiais ou que viven en fogares con intensidade de traballo moi baixa.

De acordo cos datos de EUROSTAT, no ano 2012 o número de persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión social na UE-28 era de 124.232.000, é dicir, un 24,8% da poboación e en España 13.090.000 persoas o que representa o 28,2% da poboación. En Galicia a poboación nesta situación ascende a 636.882, un 23,6% da poboación., por debaixo da porcentaxe española e europea.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias; INE. Encuesta de condiciones de vida; EUROSTAT. Income and Living Conditions (EU-SILC)


A seguinte figura representa a distribución por compoñentes das 636.882 persoas en situación de pobreza ou exclusión social no ano 2012. Delas hai 45.589 persoas (1,7%) que son pobres utilizando calquera dos conceptos.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Outro dos indicadores que reflicten a necesidade de impulsar a inclusión social e a prestación de servizos, son os que rexistran o número de persoas que viven en fogares sen ocupados, que amosan o seguinte:


Galicia mostra mellores datos que a media estatal de persoas entre 18 e 59 anos, que viven en fogares sen ocupados, acadando o 14,7% en 2013. No conxunto da UE esta porcentaxe é máis estable nos últimos 5 anos, incrementándose só 1,5 puntos en relación aos 6 puntos que sube en Galicia e os 7,6 que medra en España ata acadar o 15%.



Fonte: INE-IGE Enquisa de poboación activa. Eurostat Labour Force Survey (LFS)

No que respecta ao dato da poboación máis moza, os nenos, menores de 17 anos que viven en fogares sen ocupados, obsérvase que desde o comezo da crise ten unha evolución desfavorable ata 2012 onde a taxa se sitúa no 12,2%, en 2013 prodúcese unha redución de 1,4 puntos.


Nenos que viven en fogares sen ocupados



Fonte: INE-IGE Enquisa de poboación activa. Eurostat Labour Force Survey (LFS)

No que atinxe ás taxas de desemprego de longa duración, que se analizarán con maior detalle no Eixe 2, obxectivo 4, obsérvase que a tendencia en España e Galicia é claramente negativa, xa que ditas taxas medraron desde 2008, moi por encima da media europea. En todo caso, o recrudescemento do desemprego en Galicia non foi tan forte como no resto de España, reflectindo unhas taxas en 2013 de 11,1% en Galicia e 13,0% en España.

Taxa de desemprego de longa duración



Fonte: INE-IGE Enquisa de poboación activa. Eurostat Labour Force Survey (LFS)

Polo que respecta á clasificación funcional e orgánica, o obxectivo estratéxico, desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
121A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL	613.031
131A - ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	31.875
311A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	52.147.164
312A - PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	63.926.695
312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS	8.297.491
312F - PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE	1.295.292
312G - APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE	512.203
313B - ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER	5.000.780
313C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	15.962.641
313D - PROTECCIÓN E APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	3.415.900
321A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO	132.408
451B - ACCESO Á VIVENDA	13.619.413
451C - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE VIVENDA E SOLO	12.444.776
733A - EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES	1.500.000

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
30 - SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN
05 - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA
11 - SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE
21 - SECRETARÍA XERAL TECNICA
08 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
03 - D.X. DE ENERXÍA E MINAS
11 - CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
01 - SECRETARIA XERAL TECNICA
04 - S.X. DE POLITICA SOCIAL
05 - D. X. DE FAMILIA E INCLUSIÓN
06 - D.X. DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO
07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
201 - INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia e os seus importes para o ano 2015 son:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	Importe	%
OE05 Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos	178.899.669 €	
M01 Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos sociais adaptándoos ás singularidades do entorno e garantindo o equilibrio territorial	86.370.973	48,3 %
M02 Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante	6.078.267	3,4 %
M03 Modificar ás estruturas culturais co obxecto de remover as barreiras sociais e laborais ás mulleres	3.458.150	1,9 %
M04 Establecemento de políticas que faciliten o acceso a vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos desfavorecidos	13.394.413	7,5 %
M89 FSE E FSE-EJ	9.013.423	5,0 %
M99 Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	60.584.443	33,9 %

As fontes de financiamento do orzamento deste obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	158.367.974	88,52%
F.C.I.	297.555	0,17%
FEDER	1.190.217	0,67%
Orzamentos Xerais do Estado	10.070.415	5,63%
F.S.E.	8.973.508	5,02%

A medida I, Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos sociais adaptándoos ás singularidades do entorno e garantindo o equilibrio territorial é a medida co maior orzamento dentro deste obxectivo estratéxico. Comprende un conxunto de actuacións a favor da inclusión social, entre as que se atopan as obras de construción, reparación e equipamentos os centros de acollida, incluídas na actuación 2 do PEG, estimando a creación de 3 centros e a reforma e equipamento de 70 centros.

No ámbito dos servizos comunitarios e inclusión social é necesario garantir a cobertura e capacidade de resposta da rede de servizos sociais comunitarios, así como a accesibilidade en todo o territorio galego ás prestacións básicas dos servizos sociais de proximidade. Ademais, hai que ter en conta que o número de usuarios que figuran cunha intervención social aberta rexistrada no "Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS)" supón máis dun 13% do total da poboación de Galicia durante o ano e máis da terceira parte deles son obxecto de seguimento e actualización. Ademais prodúcese novas e emerxentes necesidades sociais derivadas da crise económica, que implican que haxa que mellorar o rendemento dos recursos dispoñibles, e garantir a calidade na prestación dos servizos.

Neste eido establécense as seguintes actuacións: Axudas de Emerxencia social, nas que se calcula que haberá 3.500 persoas beneficiadas, das que 2.100 serán mulleres. A actuación 8 de Apoio ós colectivos en risco de exclusión social, é a de maior importe orzamentario desta medida, e vai destinada entre outros á Renda de Integración Social de Galicia.

A situación de crise económica eleva a porcentaxe da poboación galega en situación de pobreza relativa e, ao mesmo tempo, conduce a un incremento do número de persoas sen emprego, das que, esgotadas todas as prestacións e subsidios de desemprego teñen como único recurso a solicitude de prestacións da renda de inclusión social (RISGA) e axudas de emerxencia de carácter social (AIS). Todo isto plásmase nun incremento sostido nos últimos anos, e con tendencia a alza, do rexistro total de solicitudes de RISGA e AES (máis de 12.000 no ano 2013). No ano 2013 as solicitudes de RISGA incrementáronse nun 20 % respecto ás solicitudes do ano 2012.

O número estimado de persoas beneficiadas incrementábase ata unha estimación de 9.900 persoas, 1.600 máis que no orzamento de 2014 (das que o 57% son mulleres). Hai que ter en conta que na RISGA se contempla unha persoa perceptora por unidade de convivencia, o que significa que o impacto que se acada é un apoio en máis de 9.000 fogares, aos cales hai que sumar os que reciben axuda indirectamente a través das entidades de iniciativa social.

A nova normativa da Risga presenta dous aspectos básicos: o acceso a ingresos mínimos en situacións de grave pobreza e exclusión, e o dereito a un acompañamento a apoio profesional e financeiro para a adquisición de novas capacidades e cualificacións. Cómpre destacar como de especial relevancia a aplicación de medidas de conciliación e acompañamento social que favorecen especialmente a poboación feminina nestes programas de inclusión social.

Entre as medidas a favor da inclusión social das persoas en risco de pobreza se inclúen entre outras as axudas de emerxencia social (AES), as da RISGA, a nómina do Fondo de Acción Social (FAS), axudas destinada a entidades de iniciativa social para programas de servizos sociais (funcionamento da rede de centros de inclusión: comedores sociais, albergues, casas de acollida, e programas específicos de atención) e convenios coa Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa educativo-terapéutico "Proxecto Home" de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas e coa Federación Galega de Banco Alimentos.

Outra das axudas previstas é o "ticket eléctrico" na que se calculan 7.500 axudas.

Así mesmo se inclúen no orzamento proxectos coa finalidade de facilitar a inclusión social das persoas en risco de exclusión, promovendo programas específicos de atención para colectivos con especiais dificultades de inserción, e o mantemento dunha rede de

iniciativa social de centros de inclusión e emerxencia social (albergues, comedores, centros de día, centros de acollida e inserción a persoas sen fogar, etc.) do que se beneficiarán o redor de 652 persoas de etnia xitana, das que 348 son mulleres. O proxecto do Plan concertado cos concellos ten unha previsión de 343.940 persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS.

Así mesmo continuarase a promover a cultura da solidariedade e establecer novos programas de voluntariado orientados a colectivos específicos entre os que se inclúen 5 proxectos con voluntariado de maiores.

Ademais destas actuacións a maioría delas da Consellería de Traballo, consígnanse varias Actuacións da Vicepresidencia e consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza en colaboración con institucións sen fins de lucro para a realización de actividades de apoio a colectivos de persoas en risco de exclusión social ou outras actividades de interese xeral.

Dentro do Plan de loita contra a pobreza e a exclusión social tratarase de conseguir que 743 persoas en risco de exclusión sexan contratadas, delas 414 mulleres.

A medida 2 de Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante, comprende no orzamento 2015 catro actuacións: unha de información, orientación e asesoramento aos emigrantes galegos con vontade de retornar, na que se estiman retomen 95 emigrantes a gran maioría mulleres. Con esta actuación reforzase o apoio socioeconómico aos retornados a través da mellora da súa rede de información, da colaboración no ámbito da educación e formación, e da súa inserción laboral.

Outra actuación é a que atende á poboación galega no exterior en situación de precariedade, dependencia ou risco de exclusión social, para garantirlle protección e asistencia sanitaria, estimando que haberá un total de 7.752 emigrantes beneficiados dos que a maioría son mulleres (o 61%).

Outra actuación consiste en accións formativas, culturais e de reencontro e outra para promover a realización de proxectos culturais, formativos e actividades asociativas propias das entidades galegas no exterior.

No que se refire á promoción da igualdade, e loita contra a violencia de xénero, incluídas na medida 3, xestionadas pola Secretaria Xeral de Igualdade, comprenden unha serie de actuacións, como o investimento nos oitenta e un Centros de Información á Muller (CIM) para que os concellos galegos, manteñan os centros de información e asesoramento, e para que as vítimas da violencia de xénero poidan contar con atención psicolóxica especializada.

Tamén se conta o investimento na rede galega de acollemento, que conta con cinco centros de acollida e un centro de emerxencias, e inclúe o Centro de Emerxencias para

Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero (CEMVI), que pertence á Rede Galega de Acollemento.

Neste ámbito de promoción da igualdade, no ano 2015 incidirase en:

O obxectivo das actuacións de promoción da igualdade é a incorporación da perspectiva de xénero nas actuacións da administración autonómica, a promoción da igualdade en todos os ámbitos e as medidas que axuden a combater a discriminación por razón de sexo.

Accións de sensibilización dirixidas aos fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

Medidas de apoio a mulleres dirixidas a previr situacións de exclusión social (programas e recursos integrais)

Programas de capacitación no ámbito da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

Programas dirixidos ao fomento do papel social do movemento asociativo das mulleres e pola igualdade

Programas de promoción da igualdade a través das entidades locais

Estreitar a colaboración coas distintas administracións públicas e, en especial, cos concellos de Galicia para a promoción de programas destinados a fomentar políticas de igualdade e favorecer que estes se realicen de xeito compartido entre varios concellos.

Reforzar a colaboración cos departamentos da Xunta de Galicia de cara a mellorar a capacitación do persoal ao seu servizo para a aplicación da perspectiva de xénero nos plans, programas e proxectos da administración.

Desenvolver estratexias para a retención do talento feminino e para promover o liderado profesional das mulleres e a súa presenza en postos de responsabilidade, así como para reducir a fenda dixital das mulleres e favorecer a súa participación social e mellorar a súa empregabilidade.

Potenciar o apoio ao movemento asociativo das mulleres aproveitando para elo a constitución do Consello Galego das Mulleres, órgano que ademais de ofrecer unha canle de participación efectiva ás mulleres, a través das asociacións e entidades representativas dos seus intereses, actuará tamén como interlocutor ante a Administración autonómica e ante calquera institución ou entidade de carácter público ou privado, para o desenvolvemento de políticas públicas e medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes, e á erradicación da violencia de xénero.

Desenvolver programas dirixidos a fomentar o emprendemento das mulleres e o autoemprego feminino e para o impulso de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade dos homes na atención das responsabilidades domésticas e familiares.

No ámbito do tratamento da violencia de xénero, as liñas básicas de actuación serán, entre outras, a prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero; a coordinación dos recursos existentes na eliminación da violencia de xénero; en relación coa prostitución, a trata e a explotación sexual, programas de información e sensibilización, e programas de apoio ás mulleres que son vítimas de trata para proporcionarlles axuda, asesoramento e atención, así como programas de formación específicos para colectivos profesionais.

Estas accións levaranse a cabo a través de proxectos de protección e apoio a mulleres que sofren violencia de xénero con medidas de apoio, e axudas periódicas das que se estima resulten beneficiadas un maior número de mulleres ca o ano pasado con 3.560 mulleres e fillas atendidas.

En desenvolvemento da Lei integral contra a violencia de xénero consígnanse 2 proxectos que terán preto de 1.140 mulleres e fillos/as atendidas nos programas de protección e apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se estima a celebración de 5.500 actuacións de información nesta temática.

Tamén as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen acceso prioritario ás vivendas de promoción pública e están contempladas como colectivo preferente en todas as medidas de emprego xestionadas dende a Xunta de Galicia.

Neste obxectivo tamén se inclúen as actuacións do IGVS que faciliten o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos desfavorecidos, medida 4.

No orzamento 2015 teñen consignación 4 actuacións, a primeira delas de axudas á adquisición da vivenda do plan cuadrienal, nas que se estiman 66 novas axudas para adquisición d vivendas/aloxamentos.

Outra actuación consiste no fomento do acceso á vivenda en réxime de alugueiro, na que cabe salientar o proxecto do Programa de axuda ao alugueiro do Plan 2013-2016, no que se calcula conceder 2.700 axudas ás que hai que engadir as 400 do programa de vivenda en alugueiro de financiamento da Comunidade autónoma. Así mesmo continuárase co programa ALUGA no que atinxe ao realoxamento para as persoas afectadas por execucións hipotecarias, no que se estiman que se beneficiarán 35 persoas.

Na promoción de solo residencial para vivenda protexida, no proxecto de Solo residencial estimábase que haberá un total de 20.000 m² de superficie de planeamento en tramitación e 9.300m² en proceso de urbanización de vivendas de promoción pública

(VPP). Por último entre as actuacións desta medida, a actuación de promoción pública de vivendas estímase que se construirán ou estarán en proceso de construción un total de 218 vivendas.

Como se reflicte na táboa de fontes de financiamento deste Obxectivo estratéxico o FSE contribúe a lograr os obxectivos de impulso da igualdade, loita contra a violencia de xénero e inclusión social, cun especial énfase no Marco do PO FSE de Galicia 2004-2020 que ao tenor da concentración temática estipulada no Regulamento do FSE, CE 1304/2013, o obxectivo temático 9 de Inclusión social terá unha porcentaxe de máis do 20% sobre o total de actuacións agás as de asistencia técnica. Así orzáméntanse cinco actuacións desta temática que reforzarán as actuacións ata aquí descritas.

Na seguinte táboa figuran os indicadores operativos comentados e os valores que se pretende acadar en 2015:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.		Previsto
<i>OE05 Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais</i>		
M01 Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos sociais		
A001 Accións de construción, reforma e equipamento en centros e edificios da area de benestar		
155	Centros creados (Nº)	3,0
176	Centros reformados ou equipados (Nº)	70,0
A002 Accións para a atención coordinada dos servizos sociais públicos.		
769	Proxectos (Nº)	64,0
A003 Axudas de Emerxencia Social.		
610	Persoas beneficiadas AES (mulleres) (Nº)	2.100,0
611	Persoas beneficiadas AES (total) (Nº)	3.500,0
A005 Facilitar a inclusión social das persoas en risco de exclusión		
608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	1.000,0
609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	1.942,0
646	Persoas en risco de exclusión contratadas (mulleres) (Nº)	414,0
647	Persoas en risco de exclusión contratadas (total) (Nº)	743,0
769	Proxectos (Nº)	5,0
A006 Fomento da acollida e inserción persoas sin fogar		
178	Centros/programas financiados (Nº)	101,0
609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	100,0
A008 Inclusión Social. Apoio ós colectivos en risco de exclusión social.		
1176	Axudas ticket eléctrico (Nº)	7.500,0
608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	25.506,0
609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	69.010,0
612	Persoas perceptoras da RISGA (mulleres) (Nº)	5.626,0
613	Persoas perceptoras da RISGA (total) (Nº)	9.900,0
A009 Mellorar a atención ás persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios		
609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	424.905,0
670	Persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS (total) (Nº)	343.940,0
A010 Promover a cultura da solidariedade e establecer novos programas de voluntariado orientados a		
121	Axudas concedidas (Nº)	110,0
770	Proxectos con voluntariado de maiores (Nº)	5,0
A011 Promover programas específicos de atención para colectivos con especiais dificultades de inserción		
604	Persoas "sen teito" beneficiadas (mulleres) (Nº)	30,0
605	Persoas "sen teito" beneficiadas (total) (Nº)	170,0
646	Persoas en risco de exclusión contratadas (mulleres) (Nº)	52,0
647	Persoas en risco de exclusión contratadas (total) (Nº)	96,0
650	Persoas etnia xitana beneficiadas (mulleres) (Nº)	348,0
651	Persoas etnia xitana beneficiadas (total) (Nº)	652,0

A012 Actuacións da Vicepresidencia e consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza en colaboración con		
219	Convenios asinados (Nº)	13,0
327	Entidades/asociacións beneficiadas (Nº)	8,0
44	Actuacións desenvolvidas (Nº)	20,0
M02 Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación		
A002 Acción de información, orientación e asesoramento para emigrantes galegos con vontade de retornar,		
270	Emigrantes retornados (mulleres) (Nº)	71,0
271	Emigrantes retornados (total) (Nº)	95,0
A005 Accións dirixidas á poboación galega residente no exterior en situación de precariedade para garantirlle		
608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	4.763,0
609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	7.752,0
A008 Apoio para promover a realización de proxectos culturais, formativos e actividades asociativas propias		
322	Entidades beneficiadas (Nº)	145,0
A015 Accións formativas, culturais e de reencontro para a poboación emigrante galega e as súas comunidades.		
608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	1.700,0
609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	2.600,0
M03 Modificar ás estruturas culturais co obxecto de remover as barreiras sociais e laborais ás mulleres		
A002 Accións de apoio a vítimas de violencia de xénero.		
524	Mulleres e fillas/os atendidas progr. protec. e apoio mulleres que sofren violencia de xénero (Nº)	3.560,0
A003 Accións de desenvolvemento Lei integral violencia de xénero		
32	Actuacións de información (Nº)	5.500,0
524	Mulleres e fillas/os atendidas progr. protec. e apoio mulleres que sofren violencia de xénero (Nº)	1.140,0
7	Accións sensibilidade, información e formación sobre violencia de xénero (Nº)	95,0
769	Proxectos (Nº)	2,0
A008 Accións para o apoio de medidas de promoción das mulleres		
176	Centros reformados ou equipados (Nº)	10,0
A012 Campañas de sensibilización, fomento e igualdade de oportunidades en centros educativos		
140	Campañas que fomenten a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (Nº)	5,0
814	Proxectos que fomenten a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (Nº)	15,0
M04 Establecemento de políticas que faciliten o acceso a vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer,		
A001 Fomento da adquisición de vivenda		
983	Vivendas/aloxamentos con concesión da subvención da CA (Nº)	66,0
A003 Fomento do acceso á vivenda en réxime de alugueiro.		
121	Axudas concedidas (Nº)	3.135,0
983	Vivendas/aloxamentos con concesión da subvención da CA (Nº)	8,0
A005 Promoción de solo residencial para vivenda protexida		
896	Superficie de planeamento en tramitación (m2)	20.000,0
899	Superficie de solo en proceso de urbanización (m2)	9.300,0
A006 Promoción pública de vivendas		
986	Vivendas construídas e/ou en proceso de construción (Nº)	218,0


M89 FSE E FSE-EJ		
A002 PROGRAMA DE FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E PARTICIPACION DAS MULLERES EN GALICIA		
PE01	Número de proxectos total ou parcialmente realizados polos axentes sociais ou as organizacións non gobernamentais	105,0
A003 PROMOCIÓN DA IGUALDADE NAS ENTIDADES LOCAIS		
PE03	Número de proxectos dirixidos ás administracións públicas ou aos servizos públicos a nivel nacional, rexional ou local	218,0
A007 PROGRAMA DE ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ANIMO DE LUCRO		
PE01	Número de proxectos total ou parcialmente realizados polos axentes sociais ou as organizacións non gobernamentais	53,0
A008 APOIO Á INSERCIÓN LABORAL DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO		
P01M	Desempregados, incluídos os de longa duración (Mulleres)	45,0
P03M	Persoas inactivas (Mulleres)	15,0
PI01M	Indicador inmediato: Participantes inactivos que buscan traballo tras a súa participación (Mulleres)	45,0
PI02M	Participantes que se integraron nos sistemas de educación ou formación tras a súa participación (Mulleres)	15,0
PI05M	Mulleres part desfav que buscan traballo, intégranse nos sistemas de edu ou form. obteñen cualificación ou un emprego	60,0
A019 ACCIONES ESPECÍFICAS DEL PLAN DE INCLUSIÓN SOCIAL ACTIVA DE GALICIA 2014-2020		
P01M	Desempregados, incluídos os de longa duración (Mulleres)	995,0
P01T	Desempregados, incluídos os de longa duración (Total)	1.850,0
P03M	Persoas inactivas (Mulleres)	166,0
P03T	Persoas inactivas (Total)	310,0
P05M	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia (Mulleres)	164,0
P05T	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia (Total)	228,0
P06M	Persoas menores de 25 anos de idade (Mulleres)	253,0
P06T	Persoas menores de 25 anos de idade (Total)	467,0
P07M	Persoas maiores de 54 anos de idade (Mulleres)	125,0
P07T	Persoas maiores de 54 anos de idade (Total)	236,0
P09M	Persoas con estudos de ensino primario (CINE 1) ou secundaria (CINE 2) (Mulleres)	908,0
P09T	Persoas con estudos de ensino primario (CINE 1) ou secundaria (CINE 2) (Total)	1.622,0
P10M	Persoas co segundo ciclo de ensino secundario (CINE 3) ou con ensino postsecundario (CINE 4) (Mulleres)	253,0
P10T	Persoas co segundo ciclo de ensino secundario (CINE 3) ou con ensino postsecundario (CINE 4) (Total)	447,0
P15M	Migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías (incluídas comunidades marxinadas, como poboación romaní) (Mulleres)	743,0
P15T	Total migrantes, part de orixe estranxeira, minorías (incluídas comunidades marxinadas, como poboación romaní)	1.504,0
P18M	Persoas sen fogar ou afectadas pola exclusión en canto a vivenda (Mulleres)	22,0
P18T	Persoas sen fogar ou afectadas pola exclusión en canto a vivenda (Total)	108,0

III.2. EIXE 2: DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, CRECEMENTO E EMPREGO

A distribución dos obxectivos estratéxicos neste eixe reflíctese na táboa e gráfica que se xunta:

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	Importe	% total	% eixe
OE01 - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	258.406.060	3,1%	23,1%
OE02 - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	139.391.839	1,7%	12,5%
OE03 - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	522.468.463	6,3%	46,8%
OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	196.922.879	2,4%	17,6%
Total	1.117.189.241	13,5%	100,0%

E2-Dinamización económica, Crecemento e Emprego



A distribución do orzamento por fontes de financiamento é a seguinte:

E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	699.053.327	62,57%
F.C.I.	28.294.662	2,53%
FEDER	25.204.328	2,26%
Orzamentos Xerais do Estado	130.172.724	11,65%
F.E.A.D.E.R	116.782.045	10,45%
F.E.A.G.A	53.983.000	4,83%
F.E.P.	22.902.249	2,05%
INTERREG	138.176	0,01%
F.S.E.	40.423.205	3,62%
TRANSFERENCIAS FINALISTAS	230.000	0,02%
OUTRAS INICIATIVAS	5.525	0,00%
Total	1.117.189.241	100%

III.2.1. OE 1. Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados aumentando a accesibilidade do territorio, e mellorar as redes de transporte e a seguridade viaria


Este obxectivo estratéxico representa o 23,1 % o eixe e o 3,1 % sobre o total do PEG, cun importe de 258,4 millóns de euros no que as medidas de maior importe son as relativas ás actuacións na rede convencional de estradas e medidas de seguridade viaria e conservación de estradas.

Os indicadores estratéxicos seleccionados para medir o impacto das actuacións neste obxectivo son:

Indicador	Unidade	Ámbito	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Mortos en accidente por 1.000.000 de habitantes	Mortos por millón hab	GA	96,6	88,9	85,5	67,1	56,6	
		ES	67,9	58,7	53,3	44,1	40,6	
Número de accidentes con vítimas	Número	GA	3.785	3.549	3.654	3.231	3.600	
		ES	93.161	88.251	85.503	83.027	83.115	
Porcentaxe de accidentes con vítimas en autoestradas	Porcentaxe	GA	5,2	4,8	5,1	4,5	3,9	
		ES	2,4	2,2	2,2	3,1	2,7	
Porcentaxe de accidentes con vítimas en autovías	Porcentaxe	GA	8,8	9,2	10,3	8,6	10,5	
		ES	9,5	10,1	9,9	8,3	7,8	
Porcentaxe de accidentes con vítimas en vías convencionais	Porcentaxe	GA	67,1	65,9	64,9	65,2	61,2	
		ES	37,0	35,8	34,4	28,8	28,9	
Porcentaxe de accidentes con vítimas en zona urbana	Porcentaxe	GA	20,6	21,3	19,7	17,5	20,3	
		ES	53,0	53,8	54,2	56,8	57,4	
Porcentaxe de mulleres con permiso de conducir	Porcentaxe	GA	44,0	42,9	43,2	43,6	56,2	
		ES	40,6	39,9	40,2	40,5	59,3	
Viaxeiros no transporte urbano regular xeral	Miles de viaxeiros	GA	63.966	61.175	60.760	62.259	60.393	60.334
		ES	3.028.043	2.927.827	2.915.557	2.932.492	2.788.480	2.728.747
Porcentaxe de Km de autoestradas de peaxe	Porcentaxe	GA	1,86	1,86	1,86	1,86	1,86	1,85
		ES	1,82	1,82	1,80	1,84	1,83	1,83
Porcentaxe de Km de autovías e autoestradas libres	Porcentaxe	GA	3,30	3,41	3,61	3,79	3,78	3,90
		ES	6,37	6,65	6,80	6,94	7,05	7,23
Porcentaxe de Km de estradas das Deputacións e Cabidos	Porcentaxe	GA	56,28	56,23	56,15	56,04	55,95	55,85
		ES	41,63	41,55	41,37	41,12	41,17	41,21
Porcentaxe de Km de estradas de dobre calzada	Porcentaxe	GA	0,54	0,54	0,54	0,52	0,53	0,52
		ES	0,97	0,97	1,03	1,00	0,99	0,97
Porcentaxe de Km de estradas do Estado	Porcentaxe	GA	12,83	12,79	12,95	13,03	13,02	13,02
		ES	15,39	15,49	15,52	15,57	15,72	15,77
Porcentaxe de Km de estradas dunha calzada	Porcentaxe	GA	94,30	94,19	94,00	93,84	93,83	93,72
		ES	90,84	90,56	90,37	90,23	90,14	89,97
Porcentaxe de km de vías duplas	Porcentaxe	GA	6,6	8,5	8,5	15,3	15,3	16,3
		ES	32,3	32,5	34,7	35,4	35,5	36,4
Porcentaxe de km de vías electrificadas	Porcentaxe	GA	25,1	25,0	25,0	35,9	35,9	36,7
		ES	58,6	58,3	59,6	60,1	60,6	61,3
Porcentaxe de residuos urbanos recollidos selectivamente	Porcentaxe	GA	13,5	13,9	15,8	14,7	15,1	
		ES	20,0	17,8	20,4	19,4	18,2	
Porcentaxe Km de estradas da Comunidade Autónoma	Porcentaxe	GA	30,89	30,98	30,90	30,93	31,03	31,13
		ES	42,99	42,96	43,11	43,31	43,11	43,02
Quilómetros de estrada por 1.000 km ² de superficie	km/1.000 km ²	GA	593,0	593,0	594,0	595,0	597,0	596,5
		ES	326,0	327,0	328,0	328,0	327,0	326,8
Quilómetros de estrada por 100 entidades singulares de poboación	km/100 ESP	GA	58,3	58,3	58,4	58,4	58,5	58,4
		ES	268,2	268,8	269,3	271,2	268,8	268,2
Quilómetros de estrada por 100.000 habitantes	km/100.000 hab	GA	635,0	634,0	634,0	635,0	638,0	638,7
		ES	359,0	357,0	356,0	355,0	354,0	354,9

Dispor dunha adecuada rede de transporte que facilite as comunicacións e o acceso aos mercados é un dos principais factores do crecemento. A titularidade da rede de estradas de Galicia, distribúese da seguinte maneira: o 13% do Estado, a Comunidade Autónoma o 31 % e as entidades locais do resto, 56%.


Titularidade da rede de estradas de Galicia



Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario Estadístico

En canto á dispoñibilidade de redes, Galicia dispón de 639 Km de estradas por cada 100.000 habitantes que é un 80% superior á media de España.


Quilómetros de estrada (por 100.000 habitantes)



Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico.. INE. Estimaciones intercensales de población e Cifras de población

Se consideramos a ratio de Km por 1000 km² de superficie, o dato galego tamén supera ao nacional, neste caso nun 82,5%.


Quilómetros de estrada
(por 1.000 km² de superficie)



Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico. INE. Anuario Estadístico de España

Se analizamos a calidade da infraestrutura viaria, a maior parte da rede viaria de Galicia son estradas dunha soa calzada, o 93,7%, superior á media nacional.


Porcentaxe de km de estrada dunha soa calzada



Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico.


Porén se analizamos as Vías de Altas Prestacións (VAPs), Galicia está ao mesmo nivel que a media nacional no que se refire a autoestradas de peaxe, pero moi por debaixo da media nacional cando son autoestradas libres.

Porcentaxe de km de autoestradas de peaxe




Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico.

Porcentaxe de km de autovías e autoestradas libres



Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico.


Porcentaxe de km de vías duplas



Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico.


Outro dos elementos que é fundamental ao analizar a calidade da rede estradas é a sinistralidade, así Galicia está por riba da media nacional no que se refire a accidentes mortais ao situarse en 57 mortos por cada millón de habitantes no 2012 fronte aos 41 de media nacional. En ámbolos dous casos, é importante destacar a redución tanto no número de accidentes como no de vítimas mortais nos últimos anos.

Número de accidentes con vítimas



Fonte: Ministerio del Interior. Dirección General de Tráfico. Anuario estadístico de accidentes,


Mortos en accidentes
(por 1.000.000 habitantes)



Fonte: Ministerio del Interior. Dirección General de Tráfico. Anuario estadístico de accidentes, INE. Estimaciones intercensales de población y Cifras de población

A maior parte de accidentes con vítimas prodúcense en vías convencionais (61,2%) e en zonas urbanas (20,3%), mentres os acontecidos en autoestradas e autovías supoñen o 14,4%.

Porcentaxe de accidentes en Galicia por tipo de vía



Fonte: Ministerio del Interior. Dirección General de Tráfico. Anuario estadístico de accidentes

Polo que respecta á clasificación funcional e orgánica, o obxectivo estratéxico, desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
511A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	5.115.895
512A - ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE	17.499.066
512B - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	235.791.099

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
01 - SECRETARÍA XERAL TECNICA
04 - D.X. DE MOBILIDADE
06 - XURADO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA
07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
302 - AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS
OE02 - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia e os seus importes para o ano 2015 son:

E2:Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	Importe	%
OE01 Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a	258.406.060 €	
M01 Construcción de Vías de Altas Prestacións (VAPs)	78.475.130	30,4 %
M02 Actuacións na rede de estradas convencional	65.549.715	25,4 %
M04 Crear o ente ferroviario galego coa misión de administrar a infraestrutura ferroviaria da Comunidade e aumentar o emprego do transporte ferroviario mediante o desenvolvemento de novos servizos, novas conexións cos principais nós xeradores de tráfico. ta	37.551	0,0 %
M05 Desenvolver un programa galego para a seguridade vial e para o mantemento e conservación das estradas adicando o 3% de valor patrimonial da rede viaria	54.071.076	20,9 %
M06 Impulso do transporte metropolitano nas 7 áreas metropolitanas cunha política tarifaria común	8.923.226	3,5 %
M07 Incorporar novos sistemas de transporte para articular unha mobilidade metropolitana sostible, impulsando os proxectos de metro lixeiro da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo	526.500	0,2 %
M08 Construcción de intercambiadores e estacións intermodais de transporte de mercadorías e viaxeiros. deseñando áreas de descanso e aparcadoiros disuasorios	3.959.431	1,5 %
M10 PRESTACIÓN DE SERVIZOS AO SECTOR DO TRANSPORTE EN GALICIA	360.243	0,1 %
M99 Soporte xeral - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	46.503.188	18,0 %

As fontes de financiamento do orzamento deste obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	230.040.265	89,02%
F.C.I.	22.413.806	8,67%
FEDER	4.830.989	1,87%
Orzamentos Xerais do Estado	1.121.000	0,43%

As liñas de acción da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2015 son:

- Desenvolvemento de accións e actuacións en materia de seguridade vial
- O fomento dunha mobilidade sostible
- Análise da xestión nos servizos prestados competencia da Axencia
- Tramitación de disposicións e normas de actuación
- Planificación, construción e conservación da Rede de Estradas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

Estas liñas de acción fórmulanse no marco da Planificación estratéxica da Xunta de Galicia e de modo coherente coas directrices da Europa 2020. Aos tradicionais traballos da Xunta de Galicia en materia de estradas engádanse actuacións que procuran o fomento da mobilidade sostible. Ao tempo, e de modo transversal, íranse incorporando criterios de deseño cada vez máis respectuosos co medio ambiente no desenvolvemento das tarefas das que se encarga a Axencia Galega de Infraestruturas.. Clasifícanse nas seguintes medidas:

Na medida de Construción de Vías de Altas Prestacións (VAPs) recóllense as seguintes actuacións en: VAP Sarria-Monforte, conexión de San Cibrao coa A-52, VAP Tui-A Guarda treito I, desdoblamento do corredor do Morrazo, VAP da Costa Norte e Vía Ártabra coa conexión da N-VI e a AP-9.

Entre as actuacións na rede convencional, figuran proxectos coma o acceso ao porto de Burela e o acceso ao polígono de Bertón en Ferrol.

Para desenvolver o Programa galego para a Seguridade Viaria e para o mantemento e conservación das estradas, levaranse a cabo 20 actuacións para a conservación e reforzo de firmes en 50 km de estradas e a continuación do proxecto de soterramento da Marina-O Parrote, na Coruña. Así mesmo, consígnase dotación para un proxecto de aparcadoiro disuasorio para reducir os problemas de tráfico das cidades galegas, o reforzo do firme do Camiño Real en Oza-Cesures, así como un conxunto de actuacións de sensibilización e educación de seguridade viaria. No que respecta ao mantemento, xestión e conservación de estradas galegas, estímase actuar en 25 Km, realizar 4 proxectos de conexión e centralización de tecidos urbanos e a execución de medidas ambientais na AG 64.

No tocante á facilitar a mobilidade, e trala implantación das áreas de Transporte Metropolitano de A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol e Lugo, continuarase coa implantación do Plan de Transporte Metropolitano nas áreas de Ourense, Pontevedra e Vigo, para acadar o obxectivo de implantalo nas 7 principais aglomeracións urbanas

de Galicia, así como a progresiva adhesión de novos concellos ás áreas de transporte xa implantadas.

Coa finalidade de articular unha mobilidade metropolitana sustentable continuará a desenvolverse a conexión co Porto Seco de Monforte de Lemos.

Realizaranse actuacións para a capacitación e competencia profesional dirixida aos traballadores do sector do transporte e prestarase o servizo de mediación e arbitraje a través da xunta arbitral de transporte.

Finalmente, co obxectivo de potenciar a conexión do noso tecido empresarial cos mercados europeos e facilitar o transporte de mercadorías, a Xunta de Galicia colabora con outras rexións do Arco Atlántico no proxecto europeo CFA-EFFIPLAT, para a creación dunha rede para a promoción e desenvolvemento do Corredor Ferroviario Atlántico de Mercadorías

Na seguinte táboa figuran os indicadores operativos comentados e os valores que se pretende acadar en 2015:

E2:Dinamización económica, Crecemento e Emprego.		Previsto
OE01 Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e		
M01 Construción de Vías de Altas Prestacións (VAPs)		
A001 Construción de VAPs: Execución VAP's contempladas no Plan MOVE 2009 - 2015; Accións para		
466	Km equivalentes da rede viaria de VAPs desdobradas (Km)	1,0
769	Proxectos (Nº)	3,0
775	Proxectos de conexión e centralización de tecidos urbanos (Nº)	2,0
956	VAPs novos construídos (Km)	22,0
M02 Actuacións na rede de estradas convencional		
A001 Actuacións na rede de estradas convencional: Accións de construción de estradas de articulación		
465	Km de rede actuados (novos eixos e variantes, actuacións de acondicionamento e mellora. actuacións en ámbitos urbanos) (21,0
53	Actuacións en estradas de ámbitos urbanos (Km)	13,0
548	Novos eixos e variantes da rede convencional completando a rede de itinerarios de longo e medio percorrido (Km)	25,0
775	Proxectos de conexión e centralización de tecidos urbanos (Nº)	19,0
8	Acondicionamento e mellora da rede de estradas convencionais (Km)	26,0
M04 Crear o ente ferroviario galego coa misión de administrar a infraestrutura ferroviaria da Comunidade e		
A006 Potenciar o transporte ferroviario de mercancías nos portos e noutros centros lóxicos.		
24	Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº)	1,0
M05 Desenvolver un programa galego para a seguridade vial e para o mantemento e conservación das estradas		
A001 Accións para a conservación e reforzo de firmes.		
355	Estradas reconstruídas ou reformadas (Km)	50,0
52	Actuacións en conservación realizadas (Nº)	20,0
A002 Desenvolver un programa galego para a Seguridade Vial, actuando, entre outras medidas, na eliminación		
775	Proxectos de conexión e centralización de tecidos urbanos (Nº)	5,0
A003 Mantemento, xestión e conservación da rede de estradas autonómicas		
355	Estradas reconstruídas ou reformadas (Km)	25,0
769	Proxectos (Nº)	6,0
775	Proxectos de conexión e centralización de tecidos urbanos (Nº)	4,0

M06 Impulso do transporte metropolitano nas 7 áreas metropolitanas cunha política tarifaria común		
A001 Desenvolver e modernizar o transporte público metropolitano e interurbano, para facelo máis eficiente		
57	Actuacións para desenvolver e modernizar o transporte público (Nº)	2,0
A004 Mellora da Mobilidade e do transporte: Plan de Transporte Metropolitano de Galicia nas 7 principais		
200	Concellos adheridos ao transporte metropolitano (Nº)	77,0
964	Viaxeiros (total persoas) (Nº)	10.535.000,0
A007 Promoción da mobilidade sostible.		
24	Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº)	4,0
806	Proxectos dirixidos a mellorar os sistemas de transporte público urban e incrementar a súa utilización por parte da pobo	2,0
M07 Incorporar novos sistemas de transporte para articular unha mobilidade metropolitana sostible,		
A003 Impulso dunha rede de sendas peonís e carriles bici, separados das zonas de circulación dos vehículos.		
142	Carrís bici (Nº)	1,0
24	Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº)	1,0
M08 Construción de intercambiadores e estacións intermodais de transporte de mercadorías e viaxeiros,		
A001 Construción de intercambiadores de transporte, sistemas de información ao usuario, plataformas		
168	Centros de viaxeiros e/ou de mercancías construídos ou dotados de infraestrutura necesaria para potenciar o transporte	3,0
A002 Construción e renovación de estacións.		
351	Estacións renovadas (Nº)	23,0
A006 Proxectos de centros intermodais de transporte de mercancías.		
168	Centros de viaxeiros e/ou de mercancías construídos ou dotados de infraestrutura necesaria para potenciar o transporte	2,0
M10 PRESTACIÓN DE SERVIZOS AO SECTOR DO TRANSPORTE EN GALICIA		
A001 CAPACITACIÓN E COMPETENCIA PROFESIONAL		
1100	Tarxetas emitidas (Nº)	38.000,0
608	Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	420,0
609	Persoas beneficiadas (total) (Nº)	4.400,0
A002 MEDIACIÓN E ARBITRAXE		
94	Arbitraxes (Nº)	475,0


III.2.2. OE 2. Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas

Este obxectivo estratéxico representa o 12,5 % do eixe e o 1,7 % sobre o total do PEG, cun importe de 139,4 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a de mellorar as condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento.

Indicador	Unidade	Ámbito	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Ingreso mensual mediano por fogar	Euros	GA	1.774	1.750	1.692	1.635	1.652	
Ingreso mensual medio por fogar			2.029	2.010	1.977	1.908	1.906	
Índice de renda dispoñible bruta dos fogares (per cápita) (España=100)	Índice		94,3	93,9	94,3	94,9		
PIB pc PPA	PPA/hab	GA	22.900	21.600	21.900	21.800	22.254	22.254
		ES	25.900	24.200	24.200	24.300	24.400	24.500
		UE	25.100	23.600	24.500	25.200	25.600	25.800
PIB pc PPA (UE27=100)	Índice UE27=100	GA	91,2	91,5	89,4	86,5	86,9	86,9
		ES	103,2	102,5	98,8	96,4	95,3	95,0
		UE	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Renda dispoñible neta dos fogares (per cápita)	Euros/hab	GA	14.400	13.900	13.700	13.800		
		ES	15.200	14.800	14.500	14.500		
Taxa de apertura	Porcent.	GA	119,0	103,0	105,0	107,8	106,6	114,3
		ES	58,8	49,8	56,9	62,7	64,6	65,8
		UE	82,2	72,7	80,8	86,5	87,9	87,1
Taxa de cobertura	Porcent.	GA	-11,7	-8,2	-5,7	-1,4	-2,6	-1,1
		ES	-5,8	-1,9	-2,2	-1,1	0,7	2,4
		UE	0,3	1,0	0,9	1,1	1,9	2,8
Número de empresas	Nº	GA	215.527	215.313	212.771	211.611	209.202	
		ES	3.422.239	3.355.830	3.291.263	3.250.576	3.199.617	3.146.570
Número de empresas por 1.000 habitantes	Nº/1.000 hab	GA	78,2	77,8	76,7	76,3	75,5	
		ES	74,9	72,6	70,8	69,7	68,3	67,5
Competitividade exterior (2010=100) (con prezos industriais)	Índice	GA	103,1	102,3	100,0	101,5	100,5	101,3
		ES	101,3	100,8	100,0	100,9	100,3	101,7
Diferencial de crecemento dos prezos de consumo respecto á media da UE27	Diferencial en %	GA	0,5	-1,5	0,0	0,2	-0,2	0,1
		ES	0,4	-1,2	-0,1	0,0	-0,2	0,0
Número de empresas certificadas ISO 9001	Nº	GA	3.401	3.948	4.001	4.171		
		ES	68.730	71.536	75.703	72.455		


A actual situación económica coa consecuencia inmediata do aumento da debilidade da demanda interna, fai necesario a internacionalización das empresas, estando España, e Galicia en particular, nunha posición privilexiada para poder acceder aos mercados emerxentes de Sudamérica.

O índice de competitividade exterior, que permite analizar a capacidade de internacionalización dunha economía, presenta unha evolución favorable dende 2008 con mellores na competitividade de prezos aínda que en 2013 se produciu un lixeiro retroceso. En comparación coa media española tamén se observa unha maior ganancia en competitividade vía prezos..




Fonte: IGE, Banco de España. Índices de competitividade exterior

A taxa de apertura, que representa o peso do sector exterior no PIB, está moi influenciada no caso de Galicia, pola importancia das relacións comerciais coas outras CC.AA. de España que presentan unha contracción da demanda interna nestes anos. En 2013 a taxa incrementouse 7,7 puntos porcentuais debido ao forte crecemento experimentado polas exportacións fóra de España..




Fonte: IGE. Contas Económicas de Galicia. Base 2008; EUROSTAT. National accounts

A taxa de cobertura mellora nos últimos anos como consecuencia da corrección do déficit comercial, situándose en 2013 no -1,1%.



Fonte: IGE. Contas Económicas de Galicia. Base 2008; EUROSTAT. National accounts

Os prezos de consumo están a crecer desde 2010 a uns ritmos similares aos do conxunto da Unión Europea, cun diferencial positivo de unha décima en 2013.



Fonte: INE. Índice de precios de consumo. IPC. Base 2011. Eurostat. Harmonized Indices of Consumer Prices (HICP)

Polo que respecta á clasificación funcional e orgánica, o obxectivo estratéxico, desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
531A - PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS	43.619.079
741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA	95.772.760

Os xestores que levarán a cabo as actuacións neste obxectivo son:

Xestores do PEG
12 - CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR
22 - D.X. DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA
07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
201 - INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
08 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
405 - INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

As medidas do Plan Estratégico de Galicia e os seus importes para o ano 2015 son:

E2:Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	Importe	%
OE02 Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o	139.391.839 €	
M01 Mellorar as condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento especialmente para proxectos novedosos e emprendedores a través das figuras do capital semente e capital risco	43.680.985	31,3 %
M02 Fomentar a cooperación empresarial e proxectos transfronteirizos con especial atención a EURORREXIÓN	2.450.002	1,8 %
M04 Apoios a innovación tecnolóxica creando espazos de innovación a través da creación dunha marca de excelencia empresarial galega	3.956.544	2,8 %
M05 Impulsar a internacionalización do tecido produtivo galego e incrementar a captación de investimentos foraneos a través dunha política de diversificación xeográfica e sectorial, formación de recursos humanos	13.106.587	9,4 %
M06 Fomento da implementación de sistemas de calidade e de procesos de xestión e innovación que acrediten o cumprimento de estándares de calidade e da marca Made in Galicia	1.343.369	1,0 %
M07 Completar un mapa de solo industrial de Galicia con criterios de equilibrio territorial, accesibilidade e suficiencia de capacidade e equipamentos	11.690.976	8,4 %
M88 FEDER	6.000.000	4,3 %
M99 Soporte xeral - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	57.163.376	41,0 %

As fontes de financiamento do orzamento deste obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	113.084.565	81,13%
FEDER	6.000.000	4,30%
Orzamentos Xerais do Estado	2.265.772	1,63%
F.E.A.D.E.R	14.352.000	10,30%
INTERREG	131.145	0,09%
F.S.E.	3.558.357	2,55%

Entre as actuacións que desenvolverá a medida de mellora das condicións de acceso das empresas ao financiamento figuran os apoios ao investimento empresarial, á internacionalización, á mellora da competitividade, ao emprendemento etc, do Instituto galego de Promoción Económica (IGAPE), xunto aos proxectos da Consellería de medio rural de

apoio á industrialización e comercialización no sector primario, concretamente ás Organizacións Comúns de mercado (OCM) do viño e de apoio á rede rural, inscritas no PDR.

No que respecta ás actuacións do IGAPE, desenvolveranse dous grupos de actuacións:

- Axudas de apoio á industrialización e comercialización e en materia de innovación, industria e comercio, coas que se estima que se poderían beneficiar 360 empresas (206 pemes) e resultando un investimento privado de 106 millóns de euros.
- Convenios, avais, subvencións e préstamos directos de acceso ao financiamento de proxectos emprendedores, estimándose que poderían chegar a 80 proxectos e cun investimento privado inducido de 63 millóns de euros crear 160 empregos. Así mesmo inclúese nesta liña a subsidiación de xuros, que poderían chegar a unhas 500 empresas cun investimento privado inducido de 36 millóns de euros, e outros tipos de actuacións coma os préstamos JEREMIE e as achegas ao fondo de garantía de avais.

A medida de fomentar a cooperación empresarial e proxectos transfronteirizos, desenvolverase a través dun proxecto da Rede de Plataformas Empresariais no Exterior (REDE PEXGA), que con 10 plataformas creadas conectarán a 250 empresas. Ademais, prevese a participación no proxecto europeo "ENTIC", financiado con fondos POC-TEP, cuxo obxectivo é promover que 300 empresas industriais galegas adopten prácticas medioambientalmente sostibles mediante o aforro e eficiencia enerxética.

As actuacións previstas na medida relacionada coa innovación tecnolóxica levaranse a cabo coas axudas para a modernización das pemes e dos sectores produtivos, estimando que resultarán beneficiadas 20 persoas das cales a metade serán mulleres.

Para impulsar a internacionalización do tecido produtivo galego:

incidirase especialmente na prestación directa de servizos, tanto en orixe a través do IGAPE, como en destino, a través das plataformas empresariais da rede PEXGA. Ademais cabe destacar servizos como os diagnósticos gratuítos sobre o potencial de internacionalización das empresas, programas que axuden a identificar os mercados máis axeitados a cada sector e programas de asistencia técnica para elaborar e implantar un plan de internacionalización. Ademais, 250 empresas beneficiaranse da participación do IGAPE no Plan de fomento das exportacións galegas (Foexga).

Levaranse a cabo programas de formación orientados á mellora do capital humano no ámbito da internacionalización, complementados con programas para facilitar a incorporación ao sistema produtivo galego de especialistas deste tipo.

A medida de fomento da implementación de sistemas de calidade e de procesos de xestión e innovación, prevese realizala co apoio aos activos materiais e intanxibles: software e aplicacións de xestión interna, hardware necesario para o manexo das aplicacións de xestión a implantar, así como as redes informáticas internas necesarias, en 126 empresas.

No desenvolvemento do Plan de Solo Empresarial 2009-2015 a superficie de planeamento en tramitación alcanzará 510.781 metros cadrados, acadándose a fase de planeamento aprobado unha superficie de 635.000 m². Ademais, a superficie de solo urbanizado ascende a 70.581 m².

Na seguinte táboa figuran os indicadores operativos comentados e os valores que se pretende acadar en 2015:

E2: Dinamización económica, Crecemento e Emprego.		Previsto
OE02 Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a		
M01 Mellorar as condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento especialmente para proxectos		
A002 Axudas de apoio á industrialización e comercialización e en materia de innovación, industria e		
279	Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos (Nº)	50,0
282	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos (Nº)	50,0
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	328,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	360,0
462	Investimento privado inducido (Euros)	106.148.923,4
769	Proxectos (Nº)	4,0
A003 Convenios de microcréditos coas entidades financeiras.		
462	Investimento privado inducido (Euros)	1.200.000,0
509	Microcréditos concedidos (total) (Nº)	100,0
A004 Convenios, avais, subvencións e préstamos directos de acceso ao financiamento de proxectos		
283	Emprego creado bruto (mulleres) (Nº)	80,0
284	Emprego creado bruto (total) (Nº)	160,0
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	2.814,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	2.870,0
462	Investimento privado inducido (Euros)	62.525.000,0
808	Proxectos innovadores / emprendedores (Nº)	80,0
A006 Creación e dotación de recursos a fondos de capital semente para proxectos novedosos e		
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	5,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	5,0
M02 Fomentar a cooperación empresarial e proxectos transfronteirizos con especial atención a EURORREXIÓN		
A002 Actuacións na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.		
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	345,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	351,0
A007 Creación da Rede de Plataformas Empresariais no Exterior (REDE PEXGA)		
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	225,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	250,0
679	Plataformas empresariais creadas no exterior (Nº)	10,0
769	Proxectos (Nº)	250,0

M04 Apoios a innovación tecnolóxica creando espazos de innovación a través da creación dunha marca de		
A001 Apoio económico e técnico para desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías así		
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	73,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	104,0
A002 Axudas para a modernización das PEMES e dos sectores produtivos.		
279	Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos (Nº)	10,0
282	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos (Nº)	20,0
A004 Creación de servicios de apoio a reorientación e a competitividade das PEMES.		
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	15,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	15,0
M05 Impulsar a internacionalización do tecido produtivo galego e incrementar a captación de investimentos		
A001 Apoio a cooperación empresarial nos procesos de internacionalización.		
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	790,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	828,0
462	Investimento privado inducido (Euros)	25.300.000,0
769	Proxectos (Nº)	615,0
A004 Creación da Oficina de Captación de Investimentos: Reforzar as accións de atracción de investimentos á		
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	4,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	4,0
771	Proxectos de atracción de inversións (Nº)	4,0
A005 Creación da Oficina de Captación de Investimentos: Reforzo dos mecanismos de promoción		
137	Campañas de difusión y promoción (Nº)	2,0
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	196,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	200,0
A007 Medidas para a formación e capacitación empresarial especializada en procesos de internacionalización.		
25	Actuacións de formación (Nº)	53,0
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	1.605,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	1.635,0
648	Persoas especializadas en comercio exterior (mulleres) (Nº)	73,0
649	Persoas especializadas en comercio exterior (total) (Nº)	149,0
A009 Procura do compromiso activo dos sectores empresariais nos procesos de internacionalización.		
1003	Xestores de exportación contratados (mulleres) (Nº)	65,0
1004	Xestores de exportación contratados (total) (Nº)	120,0
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	114,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	120,0
769	Proxectos (Nº)	120,0
M06 Fomento da implementación de sistemas de calidade e de procesos de xestión e innovación que acrediten		
A002 Apoio aos activos materiais e intangibles: software e aplicacións de xestión interna, hardware necesario		
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	124,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	126,0
462	Investimento privado inducido (Euros)	6.100.000,0
A003 Apoio ás empresas e asociacións sen ánimo de lucro para a obtención de certificados de calidade,		
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	80,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	82,0
511	Modelos de xestión excelente implantados (Nº)	110,0
M07 Completar un mapa de solo industrial de Galicia con criterios de equilibrio territorial, accesibilidade e		
A003 Desenvolvemento do Plan de Solo Empresarial 2009-2015		
895	Superficie de planeamento aprobado (m2)	635.000,0
896	Superficie de planeamento en tramitación (m2)	510.781,0
897	Superficie de solo adquirido (m2)	900.000,0
899	Superficie de solo en proceso de urbanización (m2)	540.000,0
901	Superficie de solo urbanizado (m2)	70.581,0
M88 FEDER		
A024 APOIO FINANCEIRO A PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL		
C002	Número de empresas que reciben subvencións	20,0

III.2.3. OE 3. Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústers e o fomento da innovación e cooperación empresarial

Este obxectivo estratéxico representa o 46,8% do eixe e o 6,3% sobre o total do PEG, cun importe de 522,5 millóns de euros, destacando os importes que se destinan ás medidas de impulso dos sectores agrogandeiro e forestal, mellora das zonas mariñas e sector turístico.


Dentro deste obxectivo intégranse as políticas destinadas ao fomento dos sectores estratéxicos como motores da economía e que garantan o aproveitamento da posición de privilexio de Galicia en determinadas áreas así como a potenciación de aqueles que teñan maior capacidade de crecemento. Selecciónanse os seguintes indicadores estratéxicos:

Indicador	Unidade	Ámbito	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Número de permisos de marisqueo a pé	Nº	GA		4.281	4.123	3.970	3.954	3.903
Produción da acuicultura mariña	Toneladas		202.247	236.581	222.784	232.825	238.227	193.293
Valor da pesca desembarcada	Miles de euros		451.323.023	422.372.551	458.381.007	474.846.997	440.533.559	413.422.055
Valor da produción da acuicultura mariña	Miles de euros		167.414	167.526	167.454	181.573	170.013	149.103
Peso da rama de hostalaría sobre o total	Porcent.		5,98					
Establecementos de turismo rural abertos estimados	Nº	GA	491	533	538	535	536	520
		ES	12.794	13.886	14.320	15.035	15.395	15.078
Establecementos hoteleiros abertos estimados	Nº	GA	1.497	1.533	1.543	1.534	1.548	1.523
		ES	14.696	14.824	14.838	14.997	14.995	14.822
Grao de ocupación por prazas nos aloxamentos de turismo rural	Porcent.	GA	16,4	15,3	15,8	12,1	11,0	10,8
		ES	18,4	17,0	15,7	15,1	14,3	13,4
Grao de ocupación por prazas nos establecementos hoteleiros	Porcent.	GA	34,8	32,4	35,3	35,1	28,5	29,6
		ES	53,5	49,3	51,0	53,5	52,1	53,0
Persoal ocupado no sector comercio	Miles de persoas	GA	159,7	162,7	156,7	156,2	156,0	147,6
Porcentaxe de establecementos hoteleiros de 4 estrelas	Porcent.	GA	4,9	5,2	5,2	5,5	5,6	5,6
		ES	11,0	11,6	12,3	12,9	13,2	13,7
Porcentaxe de establecementos hoteleiros de 5 estrelas	Porcent.	GA	0,5	0,5	0,5	0,6	0,6	0,6
		ES	1,4	1,5	1,6	1,7	1,7	1,7
Prazas estimadas en establecementos de turismo rural	Nº	GA	5.964	6.514	6.632	6.591	6.678	6.493
		ES	114.766	126.222	130.882	137.761	142.468	139.828
Prazas estimadas en establecementos hoteleiros	Nº	GA	60.646	62.394	62.701	62.586	63.155	61.818
		ES	1.340.439	1.363.934	1.398.900	1.427.700	1.432.582	1.434.520
Volume de negocio do comercio	Millóns de euros	GA	36.335.877	33.166.167	36.141.392	37.261.879	36.455.677	
		ES	649.944.340	575.296.079	587.953.121	588.848.876	570.904.189	
Ocupados na rama de hostalaría	Miles de persoas	GA	73,9	68,7	68,6	69,4	66,7	72,8
		ES	1.457,8	1.423,2	1.383,2	1.401,0	1.336,9	1.332,6

Pesca e Acuicultura

No ano 2013 o volume total da pesca desembarcada en Galicia acadou as 163.434 Tm, un 6,6% menos que en 2012, cun valor de primeira venda en lonxa de 413 millóns €, un 6,2% inferior ao ano anterior.


Valor da pesca desembarcada en Galicia (miles de euros)



Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar

No caso da acuicultura, Galicia atopase nunha situación de privilexio para explotar esta capacidade de produción. No ano 2013 a produción de acuicultura mariña de Galicia acadou as 193.293 Tm cun valor de 149 millóns €. Respecto ao ano anterior hai descenso real da produción do 18,9%, que en termos monetarios é dun 12,3%. A caída da produción de mexillón (19,4% en cantidade e 20,8% en valor) debido á toxina e aos temporais foi a principal causante deste descenso.

Produción (tm) e valor da produción da acuicultura (miles de euros)



Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar

Comercio


No sector de comercio por xunto e ao retalho, os ocupados segundo a EPA ascenden a 148 mil en 2013, o que representa o 14,7% do total en Galicia. Ademais en 2012 o

valor engadido (VEB) xerado polo sector supón o 10,2% do VEB xerado polo conxunto da economía, oito décimas máis que en 2008.



Fonte: IGE-INE, Enquisa de poboación activa

No que se refire á información xerada pola enquisa anual de servizos, o volume de negocios do sector gaña peso nestes últimos anos no conxunto do Estado ata acadar o 6,4% no ano 2012..




Fonte: INE, Encuesta anual de servizos

Turismo


É un sector que mantén a capacidade de crecemento, se nos comparamos con outras rexións do noso entorno.

A rama da hostalaría representa en 2012 o 6,4% do VEB total, superando nos dous últimos anos dos que dispoñemos de información, a media de anos anteriores.




Fonte: IGE. Contas Económicas de Galicia

Respecto dos indicadores que permiten analizar a oferta turística de Galicia, o número de establecemento hoteleiros abertos no 2013 acadaba os 1.523 aos que se engadirían 520 establecementos de turismo rural. No que ás prazas dispoñibles se refire a súa oferta aumentou dende 2007, situándose en 2013 en 61.818 (4,3% do total de España) e 6.493 (4,6% do total), respectivamente.




Fonte: INE. Encuesta de ocupación hotelera.




Fonte: INE.. Encuesta de ocupación de alojamientos de turismo rural

Os establecementos hoteleiros de 4 e 5 estrelas representan en Galicia o 6,2% do total mentres que en España son o 15,4%. Sobre o total de prazas, unha cuarta parte son ofertadas nestas categorías de establecementos hoteleiros, moi por debaixo do 47% no conxunto do Estado.



Fonte: INE. Encuesta de ocupación hotelera.


Porcentaxe de establecementos hoteleiros de 5 estrelas



Fonte: INE. Encuesta de ocupación hotelera.

A composición entre os distintos sectores, sen contar os proxectos asociados ao soporte xeral, preséntase na gráfica de sectores adxunta:

OE3. Apoio aos sectores produtivos (sen soporte xeral)



Polo que respecta á clasificación funcional e orgánica, o obxectivo estratéxico, desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
431A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	130.207
432B - FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS	6.433.644
432C - FOMENTO DO AUDIOVISUAL	679.591
513A - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA	1.354.626
514A - INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS	3.860.531
551A - INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL	721.689
551B - ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL	108.873.015
561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	913.337
711A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL	24.639.393
712B - MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL	74.157.799
712C - FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA	4.373.071
713A - MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS IMPRODUTIVAS	3.089.608
713B - ORDENACIÓN DAS PRODUCIÓNS FORESTAIS	47.903.359
713C - IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES	6.433.217
713D - MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCIÓN AGROALIMENTARIA	13.809.997
713E - BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL	43.091.442
713F - REGULACIÓNS DAS PRODUCIÓNS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES	49.491.059
721A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS	12.913.035
722A - PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA.	1.502.064
723A - COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	28.274.265
723B - REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA	10.942.656
731A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA	6.622.704
732A - REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL	8.539.253
741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE. INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	7.410.217
751A - ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA	13.407.250
761A - COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO	42.901.434

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
20 - SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS
08 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
01 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
02 - D.X DE COMERCIO
03 - D.X. DE ENERXÍA E MINAS
09 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U
10 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
12 - CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR
10 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
20 - SECRETARIA XERAL DE MEDIO RURAL E MONTES
21 - D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL
22 - D.X. DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA
30 - SECRETARÍA XERAL DO MAR
31 - D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
12 - CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR
203 - FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA
09 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U
301 - AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURALS
08 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
304 - AXENCIA GALEGA DE INNOVACION
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA
306 - AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA
08 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
405 - INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA
12 - CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR
409 - INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia e os seus importes para o ano 2015 son:

E2:Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	Importe	%
OE03 Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de	522.468.463 €	
M01 Impulso ou creación dos novos clústers nos sectores tradicionais da economía galega e aqueles outros que por as súas ventaxas competitivas teñen expectativas de crecemento	2.410.217	0,5 %
M03 Desenvolvemento do clúster do sector de Construción Naval, impulsando a diversificación e a especialización do sector	5.000.000	1,0 %
M04 Consolidar e vertebrar o sector forestal produtivo, ampliando as liñas de produción, mellorando a calidade do seu produto para obter un alto valor engadido, incluíndo a intensificación do peso das industrias transformadoras da madeira	1.868.772	0,4 %
M06 Fomentar a Innovación e a Dinamización do sector comercio	12.366.960	2,4 %
M07 Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente	147.835.314	28,3 %
M08 Fomento da calidade diferenciada no sector agroalimentario Galego. Denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, marcas de calidade, selos de garantía e artesanía alimentaria. Posta en valor, desde o punto de vista produtivo, comercial e turístico, do viño e da gastronomía galega	12.691.415	2,4 %
M09 Estruturação do sector forestal primario. Posta en marcha de sociedades de fomento forestal	500.000	0,1 %
M10 Aumento da produtividade forestal e fomento da xestión forestal sostible. Investigación forestal e transferencia tecnolóxica	90.079.794	17,2 %
M11 Consolidar un sector galego do audiovisual e das industrias culturais	6.718.644	1,3 %
M12 Aumentar a superficie e potenciar as condicións de calidade das explotacións marisqueira e de acuicultura	290.000	0,1 %
M13 Portos. Modernización dos portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades e a especialización dos portos de Galicia	5.215.157	1,0 %
M14 Posta en valor dos produtos do mar e transformados a través da seguridade, sanidade, conservación e garantías de orixe	11.142.656	2,1 %
M15 Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas mariñas de produción baixo criterios de sostibilidade e competitividade	18.208.336	3,5 %
M16 Desenvolvemento e impulso de estratexias de aposta pola competitividade dos establecementos turísticos (calidade, - e non pola cantidade- + mellora da xestión + formación) e dos destinos (desenvolvemento de produtos que incidan directamente nun maior gasto medio e/ou maior estada media e/ou maior cota de turismo internacional)	3.098.618	0,6 %
M17 Apoio e incentivo a produtos turísticos estratéxicos en canto que aseguren a desestacionalización e a diferenciación no destino Galicia	4.176.850	0,8 %
M18 Desenvolvemento dunha nova estratexia de marketing no sector turístico	7.009.375	1,3 %
M19 Promoción de Galicia como destino de turismo cultural	7.265.229	1,4 %
M21 Mellorar a seguridade industrial	1.000.000	0,2 %
M88 FEDER	4.578.400	0,9 %
M99 Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	181.012.726	34,6 %

As fontes de financiamento do orzamento deste obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	296.384.560	56.73%
F.C.I.	5.880.856	1.13%
FEDER	14.373.339	2.75%
Orzamentos Xerais do Estado	26.271.858	5.03%
F.E.A.D.E.R	102.430.045	19.61%
F.E.A.G.A	53.983.000	10.33%
F.E.P.	22.902.249	4.38%
INTERREG	7.031	0.00%
TRANSFERENCIAS FINALISTAS	230.000	0.04%
OUTRAS INICIATIVAS	5.525	0.00%

Na medida I de apoio aos clústers por parte do Igape, conségnanse por unha banda un proxecto de acción de potenciación de capital de coñecemento na empresa., xunto ás transferencias para o apoio aos proxectos empresariais das pemes galegas que supoñan a incorporación de equipos que permitan un impulso na mellora de produtos, procesos ou servizos en función da actividade a desenvolver pola empresa (10 proxectos).

Para a creación e ampliación de infraestruturas tecnolóxicas orientadas á innovación empresarial, que é a actuación 8 desta medida a Axencia galega de Innovación ten previsto prestar apoio a un total de 10 empresas pemes.

En desenvolvemento da medida 6, Fomentar a Innovación e a Dinamización do sector comercio, inclúense un conxunto de proxectos asociados á actuación do PEG Modernización e desenvolvemento do comercio galego, incrementando o atractivo comercial e adaptándoo as necesidades do consumidor, que levará a cabo a D.X de Comercio, consistentes en:

Outra das actuacións previstas consiste nas axudas para a modernización do comercio retalista no que se estima que serán 100 os establecementos comerciais que reciban a subvención, poñendo en valor este tipo de mercados tradicionais e de proximidade.

No contexto actual de crise e perda do poder adquisitivo dos consumidores e a consecuente redución da actividade comercial retalista, destinaranse axudas paliativas ao cese da actividade comercial.

Figuran, así mesmo outras actuacións de investimento cara a promoción do comercio galego e os produtos galegos e o apoio á artesanía galega e do Centro Galego de Artesanía e deseño.

Sector agrogandeiro

As medidas destinadas ao impulso do sector agro gandeiro (medidas 7 e 8) alcanza os 161 millóns de euros e representan o 30,7% sobre o obxectivo estratéxico, e o 1,9% sobre o total do PEG. Ademais as medidas encamiñadas ao sector forestal (4 e 9) ascenden a preto de 92 millóns de euros. Isto indica a importancia destes sectores tanto na estrutura produtiva galega, como no tocante ao mercado laboral.

Entre as actuacións que se desenvolverán sinálanse as seguintes:

Programa de control do rendemento leiteiro.

Proxectos para o ensaio de variedades agronómicas, de recuperación de castes autóctonas e de vexetais e programas de conservación de recursos xenéticos, que comprenden tanto a recuperación e difusión de castes autóctonos, estimando que se realizarán 111 ensaios de conservación de recursos xenéticos, e 17 ensaios agronómicos de variedades vexetais.

Favorecer a competitividade e redimensionamento das explotación agrogandeiras

Para conseguir mellorar a competitividade e redimensionamento das explotación agrogandeiras, a DX de Producción Agropecuaria desenvolverá un conxunto de actuacións de axudas ás explotacións agrogandeiras de cara a súa competitividade, que terán como finalidade:

- Axudas para a incorporación de novos activos á actividade agrogandeira e de transición da renovación da titularidade das explotacións nas que se conta con que sexan ao redor de 344 os agricultores que resulten beneficiados, cun importe global dos proxectos de 16,2 millóns de euros.
- Desenvolveranse actuacións de mellora da eficacia das explotacións agrogandeiras, a través dun proxecto de 22,4 millóns d €, coas que se calculan 502 agricultores beneficiados. Contémplanse aquí o financiamento de investimentos nas explotacións dirixidos a mellorar a súa eficacia produtiva; indemnizacións aos agricultores e agricultoras que residan en zonas onde a actividade agraria presenta dificultades especiais; e o apoio a sistemas produtivos respectuosos co ambiente. Tamén financia os programas de asesoramento, xestión e substitución as explotacións agrarias, así como a contratación de seguros agrarios para cubrir os danos que se poidan producir motivados por desastres naturais. De xeito particular, seguen a fomentarse os investimentos que reducen os custes de produción, a través de aforros nos sistemas enerxéticos e mediante a xestión axeitada dos recursos propios das explotacións
- Fomentaranse os sistemas de produción gandeira extensivos xunto a axudas a organización asociativas agrarias e para a utilización e coidado dos montes veciñais en man común (MVMC) estimando que se mobilicen 117 hectáreas

- Fomentarse a utilización de recursos zootécnicos, a mellora de calidade produtiva dos animais (6.830 explotacións beneficiadas) que contempla así mesmo as indemnizacións por sacrificio e reposición, programas de mellora xenética da cabana frisona de Galicia (7.500 explotacións beneficiadas) xunto ás actuacións en 4.470 explotacións de loita e control fronte ás enfermidades animais (tuberculose e brucelose bovina e ovina entre outras) e encefalopatías esponxiformes transmisibles (EET) e sanidade do sector porcino, entre outras.
- Medidas para o fomento de métodos de produción compatibles co medio ambiente, como a agricultura e gandería ecolóxica, coa protección do consumidor e co obxectivo de facilitar o mantemento das rendas dos produtores, asegurando a conservación do espazo natural. Para isto cómpre o desenvolvemento dun marco normativo que favoreza a obtención dun produto de calidade sanitaria diferenciada en zonas determinadas (etiqueta de control de calidade de “produción integrada” ou “agricultura ecolóxica”).
- Segundo a estimación dos indicadores asociados aos proxectos a presenza de homes e mulleres no eido agrario é igualitaria, xa que a porcentaxe de mulleres agricultoras sobre o total de persoas que teñen esta profesión é do 50%.

O Fondo galego de garantía Agraria (FOGGA) tamén desenvolverá un conxunto de proxectos coa finalidade de incrementar a competitividade e redimensionamento das explotacións agrogandeiras, destacando entre outros os seguintes proxectos:

- Contrato agroambiental de explotacións e Contrato de explotacións sustentables, que se calcula dirixido a unhas 1.420 explotacións cunha dotación de 7,9 millóns de euros.
- Axudas e indemnizacións para zonas especiais como as comprendidas en Rede Natura 2000 ou as de montaña, entre outras, que presentan especiais dificultades para o seu aproveitamento, que se reflicten en 2 proxectos de gasto cun importe conxunto de 16,6 millóns de euros, nos que se beneficiarán 8.379 agricultores.
- Tamén nos indicadores de proxectos de FOGGA preséntanse uns datos de presenza de mulleres na agricultura próximas ao 50%.

A DX de Desenvolvemento Rural ten previsto continuar co convenio Mouriscade (PDRs).

O fomento do asociacionismo agrario, contempla a creación dunha asociación para a agrupación de produtores de plantas vivas e floricultura en desenvolvemento do plan de mellora de estruturas de produción e comercialización en orixe, axudas para o fomento das instalacións e equipamentos en común e outras para programas operativos que constitúan agrupacións de produtores de froitas e hortalizas, ademais das axudas específicas que fomentan o asociacionismo agrario.

Así mesmo, serán promovidas 700 explotacións no marco do Plan Apícola de Galicia para o fomento do mel de galego.

O Plan de consumo de froitas e leite na escola levarao a cabo o FOGGA, calculando que serán 403 os centros educativos que participen e aproximadamente 92.299 nenos e nenas.

A DX de Produción agropecuaria levará a cabo Programas de ordenación dos medios de produción agrarios orientados á *sanidade animal e vexetal* e ás producións minoritarias, incluíndo diversas actuacións de cara ao benestar animal e a sanidade vexetal, como os programas sanitarios especiais, para as agrupacións de defensa sanitaria gandeira (ADSG), e tamén os programas de defensa sanitaria vexetal, cos que se calcula realizar 20 actuacións. Inclúense as actuacións do Programa de defensa sanitaria gandeira que calcula intervir en 96.000 explotacións gandeiras galegas, complementándose coas dotacións para a prevención e a loita contra pragas.

Outras actuacións consistirán en:

- Reestruturación dos sistemas produtivos do viñedo afectará a 227 producións
- Axudas e incentivos para fomentar a contratación de seguros agrarios, calculando que abranguerá a 43.800 agricultores, a metade serán mulleres
- Entre as políticas de mellora da renda dos agricultores e gandeiros de Galicia contémpanse entre outras actuacións as axudas da política agraria común (PAC) cunha dotación de 42,7 millóns de euros,

A DX de produción agropecuaria levará a cabo medidas de asesoramento, xestión e substitución destinadas ás explotacións agrarias, nas que se estima que serán 1.160 os agricultores beneficiados, cun investimento privado inducido de 2,5 millóns de euros.

Tamén seguirá a desenvolver a Mellora sanitaria das explotacións gandeiras, nas que se inclúen proxectos de gasto tanto para os programas sanitarios especiais (ADSG) como os programas de control e erradicación de enfermidades do gando.

Na medida 8, na que se recolle o Fomento da calidade diferenciada no sector agroalimentario galego. Denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, marcas de calidade, selos de garantía e artesanía alimentaria. Posta en valor, desde o punto de vista produtivo, comercial e turístico, do viño e da gastronomía galega, se consigna proxectos de gasto da SX de medio rural e Montes e do Instituto galego da calidade alimentaria. Estímase que coas actuacións a realizar se obteñan 14 produtos certificados e sometidos a control e que se consiga un incremento do 20% de produtos de calidade diferenciada.

No que atinxe ao sector forestal a S. X de Medio Rural e Montes contempla no seu orzamento actuacións de axudas ás Sociedades de Fomento Forestal (SOFORes), promovendo as repoboacións forestais, a mellora das superficies arboradas, estimándose

que 8.046 hectáreas de superficie arborada se verán afectadas polas melloras silvícolas e de mellora xenética forestal. Contémpanse 1056 axudas para promover as repoboacións forestais (axudas á forestación de terras non agrícolas)

Proxéctanse actuacións cara :

- A xestión forestal conxunta para alcanzar unha explotación económica rendible e sustentable dos aproveitamentos forestais e a comercialización das producións forestais,
- Creación, mellora e mantemento de infraestruturas forestais, estimando que se mellorarán 20 hectáreas. o fomento da certificación forestal,
- Loita integrada contra pragas e enfermidades forestais, estimando a realización de 9 actuacións.
- Incrementar a rendibilidade das explotacións forestais dos silvicultores.
- Fomentar e manter o emprego do sector forestal mediante actuacións de forestación e silvicultura, que ademais de valorizar os produtos do monte supoñan unha medida preventiva para diminuír o risco de incendios forestais.
- Restauración, conservación e mellora da cuberta vexetal protectora e a ampliación da superficie arborada mediante a restauración hidrolóxico-forestal, tendo cabida dentro deste concepto accións tales como repoboacións forestais protectores, corrección de canles torrenciais e traballos de conservación e mellora da cuberta vexetal.
- Continuar a fortalecer as liñas dirixidas a manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais, con especial atención ao estado fitosanitario dos nosos bosques mediante o seguimento, detección e actuación, de ser necesario, fronte a pragas e doenzas que están a minorar e incluso danar gravemente o potencial forestal de determinadas áreas de montes galegos.
- Favorecer a implantación, ampliación ou modernización de empresas de aproveitamentos forestais mediante axudas ao investimento en activos fixos produtivos relativos ás operacións de aproveitamento dos produtos forestais, tanto para a creación de novas empresas coma para a ampliación ou modernización das xa existentes.
- Impulsar o aproveitamento enerxético dos restos forestais resultantes dos traballos silvícolas e aproveitamentos forestais así como da biomasa procedente de plantacións forestais especificamente orientadas a este fin.
- Ordenación forestal das masas arboradas de Galicia, baseada nos principios de xestión forestal sustentable.

Unha das medidas de maior relevancia consiste na Prevención e defensa contra os incendios forestais, con actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes contra os incendios forestais, exercendo as funcións de programación, aprobación, execución, avaliación e seguimento dos plans, medidas e accións de defensa dos montes contra os

incendios forestais; a elaboración de estudos e análise de causalidade e a coordinación de medios na loita contra os incendios forestais.

As accións a levar a cabo neste programa deberán buscar, por definición, reducir ao mínimo os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos incendios forestais.

Para acadar ditos obxectivos a prevención e defensa contra os incendios forestais céntrase en dúas fronteas:

- a) Redución do número de lumes.
- b) Redución das superficies queimadas..

Desenvolveranse actividades específicas dirixidas a atender aos dous obxectivos anteriores:

- a) Redución do número de lumes
 - Actualizar os estudos espazo-temporais, e que evidencian a distribución espacial, temporal e horaria dos lumes ao longo do ano.
 - Redefinición das Zonas de Alto Risco de Incendios e de especial vixilancia, onde se realizarán Plans de investigacións policiais e forestais que permitan coñecer a súa casuística de cara a realizar un Plan de Ordenación do Territorio e Dos Seus Usos e un Plan de Resolución de Conflitos e Conciliación de Intereses.
 - Desenvolvemento das Campañas de educación forestal, sensibilización social e divulgación, dirixidas a cada un dos distintos estratos de poboación e diferenciando, ademais a poboación urbana e a rural.
 - Potenciación do Teléfono 085.
 - Desenvolvemento regulamentario da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
 - Incrementar a vixilancia preventiva e disuasoria (policial e forestal en todo o territorio), así como a presión policial nas zonas de alto risco e de especial vixilancia que se definan.
- b) Redución da superficie queimada. Proponse a realizacións dos seguintes plans de actuacións:
 - Plan de detección, disuasión e investigación: vixilancia dos montes, agrupacións de propietarios, de voluntarios, grupos de apoio para as tarefas preventivas e de defensa e convenios de colaboración con distintas asociacións.
 - Plan preventivo: potenciación das infraestruturas defensivas, fomento da silvicultura, actualización dos Plans de prevención a nivel autonómico, de distrito e local. Que inclúe actuacións e traballos de carácter preventivo así como a construción

e mantemento das infraestruturas defensivas contra incendios, entre os que destacan:

- A silvicultura preventiva coa xestión do combustible nas zonas de alto risco de incendio e a promoción de queimas controladas de outubro a maio nas zonas de pastoreo.
 - A ampliación da rede de devasas e de puntos de auga .
 - A mellora das instalacións e bases de medios aéreos.
 - A construción e mellora de pistas e devasas.
- Plan de extinción de cara a conseguir un dispositivo de extinción eficaz, profesional e preparado
 - Plan de formación do persoal e Plan de seguridade e saúde na prevención e extinción de incendios forestais.
 - Plan de renovación/adquisición de dotacións, equipamento e material de loita contra incendios.
 - Plan de modernización tecnolóxica na defensa contra incendios forestais.

Os indicadores estimados polas actuacións de prevención de incendios son: 360 axudas para investimentos, adquisición de 191 equipamentos e de 10.000 equipamentos de carácter individual para a loita contra incendios, instalación de 18 puntos de seguimento e control e 7.510 hectáreas de mellora forestal. No que respecta ao número de lumes e a superficie que resultará queimada estímase que roldarán os 959 afectando a 30.166 hectáreas, o que representa unha superficie media queimada por incendio de 31,4 hectáreas.

Mar - Industria

No eido do Mar-Industria, consígnanse 34,8 millóns de euros, incluíndo as actuacións de Portos, que representan o 6,7 % sobre o Obxectivo estratéxico.

Entre as características que definen o sector, figuran:

○ actual contexto de redución progresiva das posibilidades de pesca e o ascenso exponencial dos custes de explotación, que levan a que sexa imposible adecuar a actividade pesqueira a marxes de sostibilidade e rendibilidade polo aspecto de aumento das capturas, o que leva á necesidade de manter a viabilidade a través de medidas que afiancen e aumenten a valorización dos produtos e consigan un valor engadido mediante o seu procesado.

○ progresivo avance na profesionalización do sector marisqueiro, que leva a plena sostibilidade desta actividade, sobre un sistema de semicultivo, que complemente as liñas de ascenso produtivo, equilibrando as posibilidades de extracción na busca da recuperación produtiva e no aumento da capacidade de xeración laboral e económica do marisqueo. Ao mesmo tempo, débese avanzar na liña de recuperación produtiva establecendo

mecanismos que permitan a restauración da normal actividade en áreas nas que, por diversos motivos, non se podía exercitar.

A acuicultura debe recuperar e afianzar a capacidade de promoción económica e laboral que ten en numerosas zonas da nosa comunidade, dunha maneira harmónica e compatible coa sostibilidade ambiental dos emprazamentos onde se localiza, para conseguir o obxectivo do relanzamento da actividade acuícola en Galicia.

As principais actuacións propostas no orzamento son:

Solicitud de patentes por millón de habitantes	(0/000)	GA	64,3	63,2	70,9	68,8	68,0
		ES	78,9	77,6	76,8	73,7	69,7

Entre os indicadores que reflicten o dinamismo da I+D+i, destacan os que miden os seguintes parámetros principais: o gasto, o número de investigadores empregados e o número de empresas tecnolóxicas, que se mostran nas gráficas que se xuntan.

Obsérvase que os datos de gasto en Galicia están por debaixo tanto da medida europea como española. O gasto empresarial (empresas e Institucións privadas sen fin de Lucro, IPSFL) en I+D está próximo ao 50% do total, porcentaxe inferior á media do

Estado, pero seguramente condicionado pola imputación rexional no caso das grandes empresas multilocalizadas coa sede noutra CA.


En 2012, o gasto en I+D representa o 0,88% do PIB, 4 décimas inferior ao de España e 1,2 puntos menos que na UE27.



Fonte: INE. Estadística sobre las actividades en I+D, Contabilidad Regional de España, Contabilidad Nacional de España, Eurostat. Statistics on research and development

O número de empresas tecnolóxicas en Galicia medrou nos últimos anos, chegando ás 3.786 en 2011, en 2012 reduciuse o número ata 3.378. A gran maioría son empresas dos sectores de servizos de alta tecnoloxía (68,5%). Obsérvase nestas empresas un menor descenso en 2012 fronte a 2011 que nas empresas dos sectores manufactureiros de tecnoloxía alta, en cambio as empresas manufactureiras de tecnoloxía medio-alta incrementáronse un 2,8% en 2012.


Número de empresas tecnológicas



Fonte: IGE. Directorio de empresas

En 2012, o número de investigadores empregados en actividades de I+D en equivalencia a dedicación plena é de 5,2 por cada mil ocupados, porcentaxe inferior ao de España e Unión Europea.

Investigadores empregados en actividades de I+D en EDP por cada mil ocupados



INE. Estadística sobre las actividades en I+D, IGE-INE. Enquisa de poboación activa.
Eurostat. Statistics on research and development

Polo que respecta á clasificación funcional e orgánica, o obxectivo estratéxico, desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
422C - ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	6.711.644
422K - ENSINANZAS PESQUEIRAS	1.121
561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	70.577.121
561B - INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA	49.173.397
561C - INVESTIGACIÓN SANITARIA	387.225
571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	619.250
721A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS	263.739

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
09 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U
40 - SECRETARIA XERAL DE UNIVERSIDADES
12 - CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR
10 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
20 - SECRETARIA XERAL DE MEDIO RURAL E MONTES
31 - D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
103.15 - A CORUÑA
103.15.01 - E. DE XESTION INTEGRADA A CORUÑA
103.15.71 - E.DE XESTION INTEGRADA SANTIAGO DE COMPOSTELA
103.27 - LUGO
103.27.01 - ESTRUTURA XESTION INTEGRADA DE LUGO, CERVO E MONFORTE
103.36 - PONTEVEDRA
103.36.01 - ESTRUTURA XESTION INTEGRADA DE VIGO
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA
303 - AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA
08 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
304 - AXENCIA GALEGA DE INNOVACION
12 - CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR
409 - INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA

As medidas do Plan Estratégico de Galicia e os seus importes para o ano 2015 son:

E3: Economía do Coñecemento.	Importe	%
OE01 Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o	127.733.497 €	
M01 Reforzar a investigación no ámbito universitario galego, na verquente da investigación básica e na súa aplicación aos procesos empresariais	51.931.041	40,7 %
M02 Creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos e organismos de investigación	13.462.303	10,5 %
M03 Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial	30.964.490	24,2 %
M04 Desenvolver proxectos de I+D+i na administración autonómica e local coa finalidade de aumentar a eficacia dos servizos	2.391.505	1,9 %
M07 FOMENTO DA ACELERACIÓN DA INNOVACIÓN NAS EMPRESAS	2.290.000	1,8 %
M88 FEDER	1.869.250	1,5 %
M89 FSE E FSE-EJ	2.704.000	2,1 %
M99 Soporte xeral - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	22.120.908	17,3 %

As fontes de financiamento do orzamento deste obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	98.838.924	77,38%
F.C.I.	2.741.733	2,15%
FEDER	20.966.332	16,41%
Orzamentos Xerais do Estado	527.417	0,41%
F.E.A.D.E.R	2.137.046	1,67%
F.S.E.	2.363.200	1,85%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	102.857	0,08%
OUTRAS INICIATIVAS	55.988	0,04%

O Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C) 2011-2015, é o instrumento fundamental deste obxectivo estratéxico tanto para desenvolver un sistema de investigación e innovación eficiente como para situar á economía galega en posición de competir nunha economía global. Polo tanto as actuacións deben ir enfocadas a atender unha serie de retos:

- A captación, formación e retención do talento.
- Promover unha investigación de referencia e competitiva a través da consolidación de grupos de investigación e do desenvolvemento dun sistema integral de apoio a investigación que sirva como punto de apoio para o sistema de innovación de Galicia.

- Innovación e valorización: incrementar a capacidade de valoración do coñecemento desenvolto en universidades e centros de investigación e converter a innovación no principal mecanismo de competitividade das empresas galegas.
- Crecemento empresarial. Crecemento corporativo a través da innovación que contribúa a xeración de emprego e a internacionalización das empresas.
- Cambio no modelo para ter un sistema competitivo máis aló de 2014. Desenvolver un sistema de I+D+i eficiente que de prioridade os resultados de impacto como a creación de empresas, activación do emprego, investigación de calidade e valorización desta.

A medida destinada a reforzar a investigación no ámbito universitario galego é a de maior importe, xa que cun orzamento de 51,9 millóns euros absorbendo case a metade do obxectivo estratéxico (40,7 %) e ten as seguintes finalidades: Xestión do Talento; Consolidación de Grupos de Referencia; Sistema Integral de apoio á Investigación; Valorización do Coñecemento; Proxectos Singulares. Estes eixos conforman os programas a desenvolver no financiamento da investigación nas tres universidades galegas.

A liña condutora desta medida consiste na potenciación das estruturas de I+D+i do Sistema Universitario galego (SUG), cunha finalidade de potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e na sociedade da información e do coñecemento.

O obxectivo é a consolidación e reforzamento do conxunto de investigadores e recursos científicos que ten a Universidade galega, na que co desenvolvemento de diversos centros docentes e de investigación en Galicia propiciouse a existencia actual dun importante capital humano e técnico, cunha situación altamente competitiva no que se refire a investigación, conxugando intereses públicos e privados e xerando unha relación moi produtiva entre a investigación e o desenvolvemento.

A través da Secretaría Xeral de Universidades e con esta finalidade, pódense destacar as seguintes actuacións:

Continuarase coas obras de ampliación das infraestruturas de investigación do centro CEBIOVET (Centro de Investigación en Biomedicina e Veterinaria) de Lugo, de investigación básica e de excelencia.

Continuarase coa consolidación da plena implantación do sistema docente e dos obxectivos do Espazo europeo de Educación superior, a través dos 253 proxectos en marcha nos que participarán 532 persoas. Concederanse subvencións para contratar a 30 investigadores en proxectos de apoio á investigación e desenvolvemento, así como axudas para a contratación de investigadores e tecnólogos. Con estes proxectos beneficiarase a 53.445 alumnos dos que 28.787 son mulleres.

Entre as actuacións da Axencia Galega de Innovación, destacan as seguintes:

Apoiarase a 29 Centros Tecnolóxicos e Organismos de Investigación, creando un emprego asociado de 120 persoas participantes nos proxectos das que 70 son mulleres. Asinaranse 6 convenios ou contratos e a previsión de patentes europeas e internacionais solicitadas é de 4 e as concedidas de 2.

Dos apoios para o incremento de recursos humanos de I+D+i e a captación de talentos beneficiaranse 5 centros, e dos dirixidos ao financiamento de proxectos de investigación industrial, 50 empresas das que 25 son pemes.

Para o fomento de proxectos en áreas estratéxicas entre o sector empresarial e outros axentes do sistema Galego de Innovación, destínanse recursos que beneficiarán a 154 empresas das cales 130 son pemes, creando un emprego asociado de 90 persoas participantes nos proxectos das que 50 son mulleres.

Na consellería de Medio Rural e Mar, destacan actuacións para o desenvolvemento de 10 novos produtos e 20 proxectos de cooperación entre empresas e centros de investigación, dos que se beneficiarán un total de 13 empresas.

Por último, a través do Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL) e do Centro Tecnolóxico da Carne, trataríase de favorecer o desenvolvemento do sector agrícola, gandeiro, forestal e agroalimentario galegos, e fomentar a investigación e o desenvolvemento en materia cármica.

O Centro Tecnolóxico da Carne de Ourense participará en diversos proxectos de investigación con empresas en materia de produción e transformación agroalimentaria, en particular de produtos cármicos.

Na seguinte táboa figuran os indicadores operativos comentados e os valores que se pretende acadar en 2015:

E3: Economía do Coñecemento.		Previsto
OE01 Construir unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a		
M01 Reforzar a investigación no ámbito universitario galego, na verquente da investigación básica e na súa		
A003 Ampliación das infraestruturas de investigación mediante o financiamento de equipamento científico		
161	Centros de I+D+i creados (Nº)	1,0
A006 Consolidar a plena implantación do sistema docente e dos obxectivos do Espazo Europeo de Educación		
1172	Alumnado matriculado no SUG (mulleres)(Nº)	28.787,0
1173	Alumnado matriculado no SUG (total)(Nº)	53.445,0
A007 Incentivos a grupos de investigación de OPIS en base a resultados de transferencia		
282	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº)	532,0
785	Proxectos de I+D+i (Nº)	253,0
A009 Fomento da capacidade investigadora e transferencia de tecnoloxía		
214	Contratos de investigadores (Nº)	30,0
785	Proxectos de I+D+i (Nº)	3,0
M02 Creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos e organismos de investigación		
A004 Impulso do financiamento de Centros tecnolóxicos e Organismos de investigación.		
1096	Patentes solicitadas europeas e internacionais(Nº)	4,0
1097	Patentes concedidas europeas e internacionais(Nº)	2,0
1101	Unidades mixtas creadas(Nº)	5,0
160	Centros de I+D+i beneficiados (Nº)	29,0
223	Convenios e/ou contratos (Nº)	6,0
279	Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos(Nº)	70,0
282	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº)	120,0
785	Proxectos de I+D+i (Nº)	6,0
A005 Incrementar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+i nas áreas de maior interese, así como		
160	Centros de I+D+i beneficiados (Nº)	5,0
279	Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos(Nº)	2,0
282	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº)	4,0
M03 Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación		
A003 Consolidación do Sistema de I+D+i no mundo do Mar: Cooperación internacional no ámbito da pesca e		
777	Proxectos de cooperación internacional (Nº)	3,0
A006 Crear a Rede XIGA de axentes de innovación e incorporación de axentes a empresas como técnicos de		
114	Axentes (total) (Nº)	1,0
A009 Desenvolvemento de novos produtos		
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	1,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	13,0
450	Iniciativas de cooperación (Nº)	20,0
543	Novas tecnoloxías en desenvolvemento (Nº)	10,0
555	Novos produtos en desenvolvemento (Nº)	10,0
776	Proxectos de cooperación entre empresas e centros de investigación (Nº)	20,0

A011 Financiamento de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación		
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	25,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	50,0
785	Proxectos de I+D+i (Nº)	1,0
A015 FOMENTAR OS PROXECTOS DE I+D EN ÁREAS ESTRATÉXICAS ENTRE O SECTOR EMPRESARIAL E OUTROS		
279	Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos(Nº)	50,0
282	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº)	90,0
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	130,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	154,0
785	Proxectos de I+D+i (Nº)	85,0
A016 APOIO A PROXECTOS DE EMPRENDAMENTO INNOVADOR NAS SÚAS ETAPAS INICIAIS E A PROXECTOS		
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	1,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	1,0
M04 Desenvolver proxectos de I+D+i na administración autonómica e local coa finalidade de aumentar a eficacia		
A003 Impulsar os Proxectos de I+D por parte das Administracións.		
160	Centros de I+D+i beneficiados (Nº)	17,0
279	Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos(Nº)	8,0
282	Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº)	9,0
785	Proxectos de I+D+i (Nº)	12,0
88	Análises realizados (Nº)	1.000,0
M07 FOMENTO DA ACELERACIÓN DA INNOVACIÓN NAS EMPRESAS		
A001 ACCIÓNS PARA A ACELERACIÓN DA INNOVACIÓN NA EMPRESA		
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	21,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	21,0
M88 FEDER		
A001 MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DOS SECTORES PRODUTIVOS - PROGRAMA TRANSFORMA TIC - PLAN		
C001	Número de empresas que reciben ayudas	9,0
A029 MELLORA E APOIO AOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN SINGULARES DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO		
E021	Investigadores/ano participando en proxectos cof.(Total persoas)	25,0
M89 FSE E FSE-EJ		
011 1022116011 AXUDAS Á ETAPA DE FORMACIÓN PREDOUTORAL		
P03M	Persoas inactivas (Mulleres)	3,0
P03T	Persoas inactivas (Total)	5,0
P05M	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia (Mulleres)	20,0
P05T	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia (Total)	34,0
P06M	Persoas menores de 25 anos de idade (Mulleres)	1,0
P06T	Persoas menores de 25 anos de idade (Total)	2,0

III.3.2. OE 2. Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos

Este obxectivo, cun total de 195,5 millóns de euros e absorbe o 60,5% do eixe e o 2,4% do total do orzamento do PEG.


Os indicadores estratéxicos son:

Indicador	Unidade	Ámbito	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Porcentaxe de empresas que teñen a posibilidade de realizar pagamentos en liña sobre o total de empresas con conexión a internet e sitio web	Porcent.	GA	4,6	2,1	4,1	6,1	5,9	6,9
		ES	5,2	4,7	6,8	7,0	9,8	7,3
Porcentaxe de empresas que teñen posibilidade de realizar pedidos ou reservas en liña sobre o total de empresas con conexión a internet e sitio web	Porcent.	GA	22,6	10,2	9,8	9,4	11,0	9,3
		ES	23,0	12,1	14,1	14,9	15,5	9,1
Porcentaxe de empresas que teñen sitio web sobre o total de empresas con conexión a internet	Porcent.	GA	55,0	55,1	58,9	61,2	69,4	64,4
		ES	57,5	58,9	63,9	67,0	71,0	71,6
Porcentaxe de vivendas con algún tipo de ordenador	Porcent.	GA					67,3	68,5
		ES					72,6	73,4
Porcentaxe de vivendas con conexión de banda larga (ADSL, RDSI, Rede de cable)	Porcent.	GA					61,7	64,0
		ES					65,5	68,9
Porcentaxe de vivendas con teléfono fixo	Porcent.	GA	81,8	80,7	78,5	79,6	78,6	
		ES	81,3	80,3	80,3	80,6	79,7	
Porcentaxe de vivendas con teléfono móbil	Porcent.	GA	87,0	89,8	91,6	92,1	94,7	
		ES	92,1	93,5	94,6	95,1	95,9	
Porcentaxe de vivendas que dispoñen de acceso a internet	Porcent.	GA					62,4	64,7
		ES					66,6	69,8

Neste obxectivo estratéxico, analízase o desenvolvemento da sociedade da información a través dos datos de acceso e utilización de internet respecto da cidadanía en xeral e das empresas, reflectindo unha evolución positiva en Galicia nos últimos anos, se ben lixeiramente por debaixo dos datos da media española.

Case dous terzos das vivendas galegas dispoñen de acceso a internet, observándose unha redución no diferencial coa media estatal nos últimos anos, 5 puntos en 2013.


Porcentaxe de vivendas que dispoñen de acceso a internet



Fonte: INE, Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares

A proporción de empresas en Galicia que teñen sitio web e conexión a internet, presenta unha tendencia crecente aínda que cuns valores máis baixos que a media española. No primeiro trimestre de 2014 este porcentaxe é do 71,6% en Galicia, 4,2 puntos porcentuais por debaixo da proporción nacional.


Porcentaxe de empresas con conexión a internet e sitio web sobre o total de empresas



Fonte: INE, Encuesta sobre el Uso de Tecnologías de Información y Comunicación y del Comercio Electrónico en las Empresas

A porcentaxe de empresas que ofertan servizos en liña sobre as empresas con conexión a internet e sitio web mostran unha tendencia lixeiramente ascendente nas principais variables, tanto ao nivel da nosa comunidade como do resto de España. Destaca o incremento no primeiro trimestre de 2014 da porcentaxe de empresas que teñen a posibilidade de realizar pedidos ou reservas en liña que acadou un valor do 18,0%.

Porcentaxe de empresas sobre o total de empresas con conexión a internet e sitio web



Fonte: INE, Encuesta sobre el Uso de Tecnologías de Información y Comunicación y del Comercio Electrónico en las Empresas

Polo que respecta á clasificación funcional e orgánica, o obxectivo estratéxico, desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
461A - COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL	5.387.077
461B - RADIODIFUSIÓN E TVG	98.735.480
571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	81.535.319
611A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA	9.834.681

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
20 - SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS
21 - DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA
303 - AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA
06 - CONSELLERÍA DE FACENDA
403 - CENTRO INFORMÁTICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia e os seus importes para o ano 2015 son:

E3: Economía do Coñecemento.	Importe	%
OE02 Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos	195.492.557 €	
M01 Implantación de redes de banda longa e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, os fogares e as empresas de Galicia	53.963.596	27,6 %
M03 Contribuír á formación dun sector empresarial galego da sociedade da información, facilitando o seu negocio e incluso a cooperación a través de proxectos conxuntos	3.155.022	1,6 %
M04 Dinamización e consolidación do sector da comunicación	103.506.031	52,9 %
M05 Incrementar a transferencia de coñecemento entre a Universidade e a empresa como vía para mellorar a competitividade das nosas empresas	137.930	0,1 %
M88 FEDER	5.630.750	2,9 %
M99 Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	29.099.228	14,9 %

As fontes de financiamento do orzamento deste obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	168.880.288	86,39%
F.C.I.	5.175.358	2,65%
FEDER	19.116.572	9,78%
Orzamentos Xerais do Estado	1.781.955	0,91%
INTERREG	422.231	0,22%
F.S.E.	64.000	0,03%
OUTRAS INICIATIVAS	52.153	0,03%

Dentro da estratexia do goberno galego en materia de sociedade da información, estase a elaborar a nova Axenda Dixital de Galicia, co obxectivo de maximizar o potencial social e económico das tecnoloxías da información e a comunicación como peza clave que axude a converter a economía actual nunha economía intelixente, sustentable e integradora, cun alto nivel de emprego, cohesión social e territorial no horizonte de 2020. Destaca o Plan de Banda Longa polos obxectivos conseguidos dende o seu inicio. Nese momento soamente un 71,8% da poboación galega contaba con cobertura de banda longa de calidade. O desigual despregamento territorial das infraestruturas que permiten dispor das novas tecnoloxías da información daba lugar a que os concellos da zona rural se visen discriminados fronte ás cidades, producíndose a “fenda dixital”, que tiña como consecuencia a limitación das posibilidades de crecemento rural en canto á implantación de novos negocios e a competitividade das actividades tradicionais.

Coas actuacións postas en marcha, esta cifra aumentou ata acadar un 97%. Así mesmo, ao comezo do plan tan só o 83% dos centros de demanda da administración contaban con cobertura. Na actualidade a cobertura é de máis dun 99%. Para acadar estes avances foron postas en marcha seis actuacións: despregamento de redes fixas; despregamento de redes de nova xeración; despregamento de redes sen fíos (wimax); despregamento

de redes sen fíos (3G); adecuación do operador público RETEGAL e universalización da banda larga vía satélite. Estas actuacións tiveron continuidade no 2014 para poder acadar os obxectivos e os compromisos establecidos no Plan de Banda Larga, para que o 98% da poboación poida ter acceso á banda larga coas actuacións postas en marcha e o 3% restante mediante satélite. Así mesmo, esta continuidade é necesaria para poder dotar de cobertura ao 100 % dos centros de demanda da administración. No 2015 continuaranse coas actuación para o despregamento de redes ultrarápidas para poder converxer cos obxectivos establecidos por Europa en 2020.

Para acadar o impulso da Administración electrónica co obxectivo de reducir custes de funcionamento da administración, por parte da AMTEGA, desenvolveranse 176 aplicacións informáticas, ofertaranse 31 novos servizos por vía electrónica e acadaranse os 800 trámites en modelo telemático para os cidadáns.

O Centro Informático para a Xestión tributaria, económico- financeira e contable (CIXTEC) está a realizar as súas inversións e actuacións en aras de modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das tecnoloxías da información no ámbito da administración e, mais especialmente, dos servizos públicos.

As actuacións que se levaran a cabo no exercicio 2015 teñen por finalidade incrementar a eficacia e a eficiencia dos procesos da Administración de Facenda e impulsar a transparencia nas relacións coa cidadanía mediante a incorporación das Tecnoloxías da Información e o Coñecemento (TIC) .

Para promover e difundir aplicacións e servizos dirixidos ás familias, cidadáns e pemes, así como para o desenvolvemento da carpeta do cidadán, no ano 2015, desenvolveranse 40 aplicacións informáticas e engadiranse 5 servizos telemáticos para os cidadáns.

En canto á dinamización e consolidación do sector da comunicación, desenvolveranse as seguintes actuacións:

Para o fomento e apoio aos medios de comunicación, destínanse recursos que supoñerán a concesión de 57 axudas, asinaranse 24 convenios e veranse beneficiadas 35 empresas das que 11 son pemes. Tamén se levarán a cabo 10 accións institucionais e 7 campañas de difusión e promoción.

Para mellora e ampliación de rede, destínanse recursos que suporán 16 actuacións de infraestrutura para servizos de TV e radiodifusión. Concederanse axudas a 195 empresas e resultarán beneficiados 451 centros.

Na seguinte táboa figuran os indicadores operativos comentados e os valores que se pretende acadar en 2015:

E3: Economía do Coñecemento.		Previsto
OE02 Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos		
M01 Implantación de redes de banda longa e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que		
A001 Desenvolvemento das redes de banda larga e accesibilidade ás TIC en todo o territorio de Galicia		
1067	Ampliación da velocidade media de acceso á Rede Corporativa (Mbps)	2,0
1068	Porcentaxe de ampliación da velocidade media de acceso da Rede Corporativa da Xunta de Galicia (%)	8,0
154	Centros conectados con Banda Ancha (Nº)	2,0
686	Poboación adicional que dispón de acceso a redes de banda ampla (Nº)	2.000,0
A010 Impulso da Administración electrónica co obxectivo de reducir costes de funcionamento da		
1072	Empregados públicos acreditados dixitalmente (total) (Nº)	12.000,0
1075	Trámites en modelo telemático para cidadán (Nº)	800,0
1082	Sistemas de información corporativos centralizados no CPD central (Nº)	1,0
1090	Webs do catálogo (Nº)	220,0
557	Novos servizos ofertados por vía electrónica (Nº)	31,0
91	Aplicacións desenvolvidas (Nº)	176,0
946	Usuarios (total) (Nº)	11.967,0
A013 Promover e difundir aplicacións e servizos dirixidos ás familias, cidadáns e pemes, como a carpeta do		
557	Novos servizos ofertados por vía electrónica (Nº)	5,0
878	Servizos telemáticos para a cidadanía (Nº)	1,0
879	Servizos telemáticos para empresas (Nº)	1,0
91	Aplicacións desenvolvidas (Nº)	37,0
946	Usuarios (total) (Nº)	5.000,0
A016 Desenvolvemento das TIC nos sectores tractores da economía galega		
557	Novos servizos ofertados por vía electrónica (Nº)	6,0
91	Aplicacións desenvolvidas (Nº)	84,0
M03 Contribuir á formación dun sector empresarial galego da sociedade da información, facilitando o seu		
A006 Fortalecemento e ampliación da administración electrónica.		
385	Funcionalidades para os empregados públicos (Nº)	22,0
878	Servizos telemáticos para a cidadanía (Nº)	9,0
91	Aplicacións desenvolvidas (Nº)	14,0
946	Usuarios (total) (Nº)	10.000,0


M04 Dinamización e consolidación do sector da comunicación		
A001 Fomento e apoio aos medios de comunicación		
121	Axudas concedidas (Nº)	57,0
137	Campañas de difusión y promoción (Nº)	7,0
219	Convenios asinados (Nº)	24,0
286	Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	11,0
287	Empresas beneficiadas (total) (Nº)	35,0
5	Actividades institucionais (Nº)	10,0
A003 Mellorar e ampliar a rede de infraestruturas de radiodifusión e dos telecentros de comunicación e		
121	Axudas concedidas (Nº)	195,0
151	Centros beneficiados (Nº)	451,0
328	Equipamentos (Nº)	692,0
358	Estudios, informes e traballos técnicos (Nº)	12,0
54	Actuacións en infraestruturas para servizos de TV e radiodifusión (Nº)	16,0
945	Usuarios (mulleres) (Nº)	2.350,0
946	Usuarios (total) (Nº)	4.700,0
A004 Promoción da lingua galega no ámbito dos medios de comunicación		
1079	Portais en redes sociais (Nº)	20,0
1090	Webs do catálogo (Nº)	6,0
1108	Emisión de programas de radio (horas)	24.600,0
1109	Emisión de programas de televisión (horas)	32.800,0
M05 Incrementar a transferencia de coñecemento entre a Universidade e a empresa como vía para mellorar a		
A001 Actividades en rede entre institucións de ensinanza superior, centros de investigación e empresas.		
151	Centros beneficiados (Nº)	1,0
821	Publicacións (Nº)	2,0
M88 FEDER		
A002 REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN DE DESENVOLVEMENTO DE ADMINISTRACIÓN E		
E024	Número de usuarios que tienen acceso o cubiertos por las aplicaciones/servizos de Administración electrónica	77.000,0
A003 REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN E-XUSTIZA		
E017	Órganos judiciales cubiertos por el Expediente judicial electrónico	10,0
A005 REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN DE MODERNIZACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS		
E024	Número de usuarios que tienen acceso o cubiertos por las aplicaciones/servizos de Administración electrónica	150.000,0
A007 REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN DE INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS		
E024	Número de usuarios que tienen acceso o cubiertos por las aplicaciones/servizos de Administración electrónica	154.000,0
A008 REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN SMART TURISMO		
E024A	Numero de procedimientos telemáticos que se crean o mejoran con la operación	15,0
A009 REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN PARA A XESTIÓN DIXITAL E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO		
E024A	Numero de procedimientos telemáticos que se crean o mejoran con la operación	5,0
A010 REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN DE MODERNIZACIÓN DEL TRANSPORTE		
E029	Número de usuarios que tiene acceso o están cubiertos por servicios Transporte inteligente	12.700,0

III.4. EIXE 4: SOSTIBILIDADE AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL

A distribución dos obxectivos estratéxicos neste eixe reflíctese na táboa e gráfica que se xunta:

E4 - Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	Importe	% total	% eixe
OE01 - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	89.831.402	1,1%	26,1%
OE02 - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	231.239.590	2,8%	67,3%
OE03 - Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	22.633.810	0,3%	6,6%
Total	343.704.802	4,2%	100,0%

E4-Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial



A distribución do orzamento por fontes de financiamento é a seguinte:

E4 - Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	234.761.777	68,30%
F.C.I.	8.921.587	2,60%
FEDER	30.784.669	8,96%
Orzamentos Xerais do Estado	16.902.340	4,92%
F.E.A.D.E.R	50.097.648	14,58%
L - PGCL	1.734.055	0,50%
F.E.P.	298.739	0,09%
INTERREG	56.353	0,02%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	96.349	0,03%
OUTRAS INICIATIVAS	51.285	0,01%
Total	343.704.802	100%


III.4.1. OE 1: Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade da vida

Este obxectivo estratéxico ten unha dotación orzamentaria para o exercicio 2015 de 89,8 millóns de €, representando o 26,1% do Eixe e o 1,1% do PEG.

Os indicadores estratéxicos do obxectivo son:

Indicador	Unidade	Ámbito	2008	2009	2010	2011	2012
Custo da auga subministrada (€/m ³)	Euros/ m ³	GA	0,46	0,59	0,61	0,64	
		ES	0,81	0,88	0,92		
Custo das augas residuais tratadas	Euros/ m ³ - día	GA	79,86	74,75	90,32	94,45	
		ES	149,66	147,26	149,40	148,59	
Disponibilidade total de auga potabilizada	Miles m ³	GA	302.969	293.049	279.147	285.596	
		ES	5.315.843	5.057.884	4.950.457	4.941.747	
Gasto das empresas do sector industrial en protección ambiental por empresa	Euros	GA	5.521	5.363	5.712	6.677	7.062
		ES	6.474	6.202	7.033	7.718	8.022
Total de residuos urbanos recollidos por habitante	Toneladas/ hab	GA	0,48	0,46	0,44	0,43	0,41
		ES	0,57	0,53	0,52	0,50	0,48
Volume de augas residuais tratadas		GA	737.520	896.645	834.061	827.195	
		ES	12.371.505	12.800.974	13.326.802	13.497.518	
Volume de augas residuais tratadas por habitante e día	m ³ /hab-día	GA	0,27	0,32	0,30	0,30	
		ES	0,27	0,28	0,29	0,29	
Volume total de auga controlada e distribuída para abastecemento público	Miles m ³	GA	206.568	197.023	188.948	182.743	
		ES	3.731.399	3.500.578	3.393.271	3.381.318	
Volume total de auga controlada e distribuída para abastecemento público por habitante	m ³ /hab	GA	74,8	71,1	68,2	65,9	
		ES	81,1	75,5	72,9	72,3	
Volume total de auga controlada e distribuída para consumos municipais		GA	29.959	23.306	24.175	16.959	
		ES	358.807	305.081	305.109	303.512	
Volume total de auga controlada e distribuída para os fogares	Miles m ³	GA	145.691	139.027	132.094	133.212	
		ES	2.539.891	2.493.842	2.412.708	2.384.386	
Volume total de auga controlada e distribuída para os sectores económicos		GA	30.918	34.690	32.679	32.572	
		ES	832.701	701.655	675.454	693.420	
Volume total de augas residuais reutilizadas	m ³ /día	GA	1.658	1.671	1.444	1.466	
		ES	1.439.832	1.464.261	1.346.008	1.666.429	


Polo que respecta á recollida de residuos urbanos, obsérvase un descenso das toneladas por habitante e ano desde 2006, tanto en Galicia como en España.




Fonte: INE. Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

No que se refire ao residuos urbanos procedentes da recollida selectiva, en 2012 prodúcese un lixeiro descenso respecto ao anterior. Así, recolléronse en Galicia 12,7 kg por habitante de papel e cartón e 13,4 kg de vidro, datos inferiores ás da media española.

Na xestión hidráulica tanto o custo da auga distribuída como o custo das augas residuais tratadas ao longo do período, presentan traxectorias á alza. Así mesmo, engadir que ambos custos son significativamente inferiores aos de España.




Fonte: INE. Indicadores sobre el agua



Fonte: INE. Indicadores sobre el agua

Na comparativa de augas residuais tratadas entre Galicia e España, expresadas en metros cúbicos por habitante e día, reflíctense valores moi similares e estables nos últimos catro anos.



Fonte: INE. Encuesta sobre el suministro y saneamiento del agua

Polo que respecta á clasificación funcional e orgánica, o obxectivo estratéxico, desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
541A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	1.574.085
541B - CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL	25.094.187
541C - PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO	17.056.548
541D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	16.433.177
541E - COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	3.929.992
542A - PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA	25.743.413

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
01 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
03 - S.X DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
05 - D.X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
12 - CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR
10 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
31 - D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
111 - INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
12 - CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR
410 - AXENCIA PÚBLICA INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van a realizar no ano 2015 son:

E4:Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	Importe	%
OE01 Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de	89.831.402 €	
M01 Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe	26.153.435	29,1 %
M02 Optimización da Xestión de Residuos	8.020.992	8,9 %
M99 Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	55.656.975	62,0 %

As fontes de financiamento do orzamento deste obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	49.186.514	54,75%
F.C.I.	7.788.669	8,67%
FEDER	30.784.669	34,27%
Orzamentos Xerais do Estado	309.643	0,34%
F.E.A.D.E.R	1.296.225	1,44%
F.E.P.	298.739	0,33%
INTERREG	20.737	0,02%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	94.921	0,11%
OUTRAS INICIATIVAS	51.285	0,06%

As principais actuacións que se levarán a cabo no exercicio 2015 dentro da medida de ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe son as seguintes:

Accións de loita contra a contaminación mariña e o furtivismo, entre as que destacan:

- Actividades de prevención e control do medio mariño natural.
- Dotación de medios á inspección pesqueira e ao salvamento marítimo.
- Control da actividade pesqueira e mellora do control das accións ilegais na explotación dos recursos.
- Aplicación da normativa sobre a calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos, así como, o seguimento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos a explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.

Accións de protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais situados na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos (Reserva Natural, Parque Natural, Parque Nacional, Monumento Natural, Humedal Protexido, Paisaxe Protexida e ZEPVN). Realizaranse, entre outras, actuacións de estudo, difusión e promoción; protección, conservación e posta en valor dos espazos naturais de maior valor ecolóxico; accións encamiñadas á adecuada protección e conservación das especies de flora e fauna silvestres; protección dos recursos cinexéticos e piscícolas; axudas en materia de conservación da natureza e campañas de educación ambiental.

Accións para a observación e predición ambiental, atendendo especialmente aos sistemas ecolóxicos galegos:

- Mellorar a capacidade de análise do Laboratorio de Medio Ambiente.
- Manter e impulsar as redes de observación meteorolóxica, oceanográfica e de calidade do aire, así como as súas acreditacións ISO9001.

- Mellorar a predición de fenómenos de contaminación atmosférica e de adversos meteorolóxicos e elaborar alertas por observación (rachas de vento, choivas intensas, sarabia, raios, neve, etc) con avisos á carta.

Pola súa parte, as principais actuacións da entidade público empresarial Augas de Galicia dentro desta medida son:

- Actuacións de saneamento de augas residuais, nas que destacan proxectos realizados a través de convenios coas corporacións locais e infraestruturas en concellos de distintas EDAR.
- Accións de explotación e mantemento de distintas EDAR.
- Actuacións de explotación de sistemas de abastecemento na ría de Arousa.
- Accións de mantemento do dominio público hidráulico (DPH).

En canto á medida de optimización da xestión de residuos, continuarase co Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, respondendo ás demandas comunitarias en materia de prevención da xeración de residuos e á promoción da reutilización, reciclaxe e recuperación dos xerados, co fin de acadar un modelo de xestión sustentable, que reduza o seu impacto ambiental.

Para acadar este obxectivo realizaranse:

- Accións para aumentar as porcentaxes de valorización material total de FORM, papel e cartón, vidro, envases e outros residuos, a través basicamente da creación de plantas de transferencia.
- Proxectos de carácter medioambiental para a consecución do obxectivo “vertido cero” en vertedoiros non autorizados.

Na seguinte táboa figuran os indicadores operativos comentados e os valores que se pretende acadar en 2015:

E4:Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.		Previsto
OE01 Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da		
M01 Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe		
A001 Accións de educación para a sostibilidade		
138	Campañas de educación ambiental desenvolvidas (Nº)	1,0
A002 Accións de loita contra a contaminación mariña e o furtivismo. Plan territorial de continxencias.		
10	Actas de inspección (Nº)	15.000,0
360	Expedientes (Nº)	4,0
464	Kilos comisados (Kg)	72.000,0
493	Medios incautados (Nº)	23.000,0
A004 Accións para a observación e predicción ambiental, atendendo especialmente aos sistemas ecolóxicos		
457	Instalacións de seguimento e control creadas (Nº)	3,0
516	Mostras analizadas nos puntos de vixianza e control ambiental (Nº)	20.000,0
979	Visitas á páxinas web (Nº)	25.000.000,0
A005 Accións para a optimización socioeconómica e para o desenvolvemento sostible da poboación da Rede		
127	Axudas en materia de conservación da natureza (Nº)	377,0
A007 Accións para o desenvolvemento do Plan de Sostibilidade de Galicia		
24	Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº)	1,0
A008 Accións para reducir o impacto ambiental das actividades industriais		
773	Proxectos de carácter medioambiental (Nº)	3,0
A010 Aumentar os controis sobre a calidade do aire.		
358	Estudos, informes e traballos técnicos (Nº)	25,0
459	Instalacións de seguimento e control da calidade do aire creadas (Nº)	1,0
517	Mostras realizadas (Nº)	55.000,0
A020 Control de calidade mariño II: Programa de control da calidade do medio mariño en canto á		
517	Mostras realizadas (Nº)	10.250,0
823	Puntos de control (Nº)	1,0
824	Puntos de mostraxe (Nº)	63,0
860	Resolucións de apertura de zonas de produción (Nº)	120,0
861	Resolucións de peche de zonas de produción (Nº)	120,0
88	Análises realizados (Nº)	23.362,0
A025 Protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais situados na Rede Galega de		
127	Axudas en materia de conservación da natureza (Nº)	280,0
24	Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº)	36,0
46	Actuacións desenvolvidas en zonas Rede Natura 2000 (Nº)	24,0
485	Lonxitude de senderos novos e/ou mellorados (Km)	27,0
49	Actuacións destinadas á recuperación e rexeneración do entorno desenvolvidas (Nº)	10,0
773	Proxectos de carácter medioambiental (Nº)	26,0
M02 Optimización da Xestión de Residuos		
A003 Accións para a consecución de "vertido cero" en vertedoiros non autorizados en 2011.		
773	Proxectos de carácter medioambiental (Nº)	20,0
A004 Accións para aumentar as porcentaxes de valorización material total de FORM, papel e cartón, vidro,		
433	Informes de seguimento (Nº)	1,0
676	Plantas de transferencia e/ou tratamento creadas (Nº)	3,0
815	Proxectos realizados (Nº)	6,0

III.4.2. OE 2: Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única

O desenvolvemento adecuado do territorio, impulsará novas oportunidades de benestar e sostibilidade na sociedade galega.

Este obxectivo estratéxico, representa o 67,3% do Eixe 4 e 2,8% do total do PEG. Está dotado con 231,2 millóns de € e destacan, polo seu importe, os recursos destinados á diminución da dispersión, ás actuacións económicas nas zonas interiores e á promoción da calidade da vivenda e da rehabilitación.


Indicadores estratéxicos do obxectivo:

Indicador	Unidade	Ámbito	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Entidades colectivas	Entidades de poboación	GA	3.778	3.778	3.778	3.772	3.772	3.772
		ES	4.927	4.927	4.927	4.920	4.920	4.920
Entidades singulares de poboación	Entidades de poboación	GA	30.091	30.098	30.100	30.139	30.148	30.196
		ES	61.523	61.545	61.560	61.165	61.594	61.667
Número de diseminados	Número	GA	20.480	20.484	20.491	20.550	20.557	20.625
Número de incendios forestais		ES	40.309	40.325	40.368	40.418	40.453	40.557
Número de municipios	Número	GA	2.546	3.971	3.852	6.342	3.794	
Número de núcleos de poboación		ES			315			
Número de parcelas catastrais rústicas reais	Número	GA	8.112	8.112	8.114	8.116	8.116	8.117
Número de parcelas catastrais urbanas		ES	10.279	10.283	10.278	10.267	10.270	10.246
Superficie	Km ²	GA	11.572.320	11.525.007	11.397.213	11.349.410	11.272.204	11.246.646
Superficie dos espazos protexidos respecto á superficie total		ES	1.381.031	1.440.474	1.471.474	1.476.370	1.488.861	1.538.132
Superficie queimada nos incendios forestais	Ha	GA			29.575			
Superficie queimada nos incendios forestais respecto á superficie total		ES			13			
Valor catastral por unidade urbana	Euros	GA	6.336	10.740	14.807	42.392	15.598	
		ES	0,2	0,4	0,5	1,4	0,5	
	Euros	GA	29.438	30.183	31.508	31.632	31.872	32.158
		ES						

Entre os factores que determinan a dinámica poboacional na xeografía galega, figuran como caracteres singulares a gran dispersión da poboación, o elevado número de asentamentos diseminados, con entidades locais de moi escasa concentración de poboación; así o 32% dos concellos de Galicia posúen unha poboación menor aos 2.000 habitantes e representan o 4,8% da poboación galega, segundo o Padrón municipal de habitantes de 2013.

No outro extremo, obsérvase que soamente hai 7 concellos con poboación superior aos 50.000 habitantes (dos que 3 superan os 100.000) que, sen embargo, absorben o 36,1% da poboación galega. Outro dos indicadores que representan as características do territorio económico e humano galego, é o número de parcelas catastrais urbanas, que en 2013 son o 12% do total de parcelas catastrais. O descenso das parcelas rústicas ao longo dos últimos anos contrasta coa tendencia á concentración da poboación como demostra a tendencia á alza do número de parcelas urbanas.

Número de parcelas catastrais urbanas e rústicas




■ Número de parcelas catastrais urbanas ◆ Número de parcelas catastrais rústicas reais

Nota: Parcelas urbanas segundo a escala da esquerda

Fonte: Ministerio de Economía y Hacienda. Dirección General del Catastro

No que atinxe á conservación do medio natural, un dos principais problemas que segue padecendo o monte galego é o gran número de incendios forestais e o dano que estes producen, afectando a unha media de 4,1 hectáreas en 2012 e reducíndose considerablemente a superficie queimada respecto ao ano anterior.

Número de incendios e superficie queimada



■ Número de incendios forestais ◆ Superficie queimada nos incendios forestais

Nota: Superficie queimada segundo a escala da dereita

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar

Polo que respecta á clasificación funcional e orgánica, o obxectivo estratéxico, desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
141A - ADMINISTRACIÓN LOCAL	12.348.805
451A - FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA	15.329.144
521A - URBANISMO	16.340.441
551A - INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL	27.496.739
712A - FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL	41.663.655
734A - FOMENTO DA MINARÍA	600.000
811B - TRANSF. A ENTIDADES LOCAIS POR PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DACOMUNIDADE	112.972.806
811C - OUTROS SOPORTES FINANCEIROS ÁS ENTIDADES LOCAIS	4.488.000

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
05 - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA
23 - D.X DE ADMINISTRACIÓN LOCAL
07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
01 - SECRETARÍA XERAL TECNICA
02 - S.X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
08 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
03 - D.X. DE ENERXÍA E MINAS
12 - CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR
21 - D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL
21 - TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS
01 - TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS
23 - GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS
01 - SECRETARÍA XERAL E DO PATRIMONIO DA CONSELLERIA DE FACENDA
07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
111 - INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
201 - INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
12 - CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR
408 - AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van a realizar no ano 2015 son:

E4:Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	Importe	%
OE02 Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades	231.239.590 €	
M01 Creación e desenvolvemento da paisaxe e das áreas urbáns xeradoras de mellores servizos, máis eficientes e integradoras territorialmente	3.180.465	1,4 %
M02 Fixación da poboación e a súa distribución máis eficiente, diminuíndo a súa dispersión	37.007.309	16,0 %
M03 Diversificación de actuacións económicas nas zonas interiores de Galicia, establecendo mecanismos de discriminación positiva a favor das zonas desfavorecidas, na liña dos Plans Impulsa Lugo, Impulsa Ourense e Ferrolterra e Comarca de Ortegal	22.835.827	9,9 %
M04 Establecemento dun novo esquema de gobernanza cos concellos, introducindo fórmulas de cooperación co fin de prestar servizos máis eficientes e sostibles	10.805.224	4,7 %
M05 Reforzo e colaboración coas administracións locais, para facilitarlles a mellora da atención aos cidadáns e iniciar novas formas de cooperación e gobernanza	601.000	0,3 %
M07 Promover a calidade da vivenda e da rehabilitación	15.834.144	6,8 %
M08 Posta en valor do Plan HURBE en colaboración coas entidades locais da comunidade autónoma	7.479.342	3,2 %
M09 Creación do Sistema de Información Xeográfico e Corporativo da Xunta de Galicia	174.136	0,1 %
M99 Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	133.322.143	57,7 %

As fontes de financiamento do orzamento deste obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da C.A.	175.675.121	75,97%
F.C.I.	22.877	0,01%
Orzamentos Xerais do Estado	14.975.364	6,48%
F.E.A.D.E.R	38.801.423	16,78%
L - PGCL	1.734.055	0,75%
INTERREG	30.750	0,01%

Para a creación e desenvolvemento da paisaxe e das áreas urbanas, as actuacións máis importantes a levar a cabo en 2015 son:

- Accións para racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais, que se levaran a cabo a través dos seguintes proxectos: unha liña de axudas económicas e de asesoramento técnico para a materialización do Planeamento Urbanístico Municipal.
- Proxectos de elaboración das directrices e catálogos de paisaxes e continuación co Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia.

Para diminuír a dispersión da poboación a través da fixación da poboación e distribución máis eficiente, realizaranse estratexias de desenvolvemento e melloras nas infraestruturas e servizos básicos para a poboación que vive no medio rural.

